

# **A Xeada Negra**

Monón Díaz



**CRESTOMATÍAS**

Título: A Xeada Negra

Autor: Monón Díaz

*Aínda que as normas de uso de todo o que se publica en [www.crestomatias.com](http://www.crestomatias.com) xa foron detalladas no post de presentación, imos lembralas e matizalas ante a perspectiva de publicacións de maior calado que irán aparecendo de agora en diante.*

*As ilustracións son propiedade de **Rosalía Díaz creativa** e non poderán ser utilizadas de ningunha maneira sen a autorización expresa da autora.*

*En canto aos textos, están á libre disposición de quen os queira co único requisito de que se cite sempre, inescusablemente, o nome da web — **crestomatias.com** — e a autoría de **Monón Díaz**, agradecéndose, como é natural, comunicación do uso que deles se faga.*

Imagen de cubrierta: Rosalía Díaz, creativa. Acuarela e Tinta China

Deseño, maquetación e divulgación: Rosalía Díaz, creativa.

**www.crestomatias.com** / blog literario

## **A XEADA NEGRA**

# 1

Cando consideraba que o asunto era máis apropiado para catro mans que para dúas, Manolo Meiriño sempre recorría a Gaiarre. Gaiarre non tiña nin media labazada, pero poñía moito empeño nos traballos. Encontrouno na rúa de San Pedro, en fronte mesmo da farmacia. Axeonllado no chan diante dunha caixiña de cartón co endego dalgunhas moedas, compoñía a figura perfecta dun mendicante.

—Anda, ven — díxolle e deulle unha palmada no ombro sen se deter. Meteuse pola rúa das Nóreas para espéralo.

Gaiarre chegou esmagando a caixiña despois de gardar as moedas.

—Teño un traballo en Becerreá. Quero que veñas comigo.

—¿Quen paga?

—Mexuto.

—¡Hum! —rosinou Gaiarre—. Ese castrón nunca adianta nada.

—Nunca, pero sempre cumpre.

Cruzaban a Praza Maior, camiño da catedral, para saír da muralla pola Porta de Santiago. Xa había xente sentada nas terrazas da praza. Era unha espléndida mañá de agosto. De repente Gaiarre detívose en seco.

—Non podo ir—dixo baixando a cabeza nun xesto angustiado—. Onte á noite chamoume a miña vella. Teño a meu pai a medio morrer na aldea. A miña vella díxome que tiraría unhas horas, como moito. E iso con sorte.

Meiriño mirouno con aire pensativo. Deulle outra palmada no ombro.

—Non te preocupes. En menos de dúas horas resolvemos o asunto.

—Vale. E como imos ata aló?

—Como que como imos ata aló? No teu coche!

—No meu coche! Si, home, si. Érache boa.

—E logo?

—Onde vai el! Quitáronmo porque non paguei as letras.

—Non me digas que compraches un coche a prazos, con letras firmadas e todo!

—Estaba farto de despeces!

Outra vez Meiriño mirou o seu amigo con aire preocupado. Paseou a vista polo amplo recinto da praza, luminosa, chea de colorido.

—Pois temos un bonito dilema, porque eu tamén estou sen coche.

—Axenciamos un, tío; as rúas están cheas deles.

—Non pode ser. Xa sabes que Mexuto esixe profesionalidade. Iremos no coche de liña. O malo é que estou sen un puto peso.

—Para iso teño eu.

O tipo que buscaban vivía a uns dez ou doce quilómetros de Becerreá. Había que ascender unhas ladeiras boscosas á dereita da vila. Becerreá, a primeira vista, é unha vila taciturna, pero baixo aquel sol de xustiza brillaba como unha taciña de prata

—Podíamos pillar un taxi—apuntou Gaiarre.

—Si, home, e de paso deixamos aviso no cuartelillo.

Gaiarre miraba con expresión desolada a empinada pista de grixo que serpeaba diante deles.

—A pé vainos levar máis de dúas horas. Meu pai... Déixame chamar á miña vella antes de subir.

—Xa a chamarás logo. Agora imos ocuparnos do traballo.

O enderezo qu buscaban resultou ser un casarón de pedra, roxo e vetusto, illado no medio dunha mesta castiñeira. Aínda conservaba no centro do tellado o ancho e rectangular tiro da lareira. O casarón estaba flanqueado por outras construcións máis modernas. Unha delas era unha corte con máis de vinte vacas frisonas. Nas outras repousaban dous tractores e outras máquinas agrícolas, e un impecable mercedes trescentos.

—Cartos parece que non faltan—comentou Gaiarre.

Varios cans grandes, de raza indefinida, tensaron as cadeas e romperon a ladrar cos ollos inflamados. Unha muller duns sesenta anos asomou

á porta. Levaba o pelo branco recollido nun moño e tiña un rostro fermoso, fresco e sonrosado. O corpo barudo e con curvas xenerosas.

—Ola—dixo Meiriño—.Buscamos a Pexerto Bubal.

—Non está na casa.

—Tardará moito?

—Non lle sei. Foi a Becerreá arranxar algunhas cousas. Que lle querían?

—Nada. Tiñamos que falar con el.

—Poden dicirme a min o que queiran, é o meu home.

—Podemos esperalo?—eludiu Meiriño—. Xa que chegamos ata aquí, case que o preferimos.

—Viñeron andando?—escandalizouse a muller— Xesús! Con esta calor! Pasen, pasen, que lles poño algo fresquiño.

Obrigounos a sentar na cociña da casa, fresca e sombría. Ofreceulles auga, viño, cervexa, o que quixesen, e ademais queixo, xamón e chourizos, e pan, claro, Meiriño e Gaiarre intercambiaron unha mirada de culpable resignación. A cociña, unha bilbaína negra con dourados, de prancha relucente e fogóns redondos, estaba separada da parede, rodeada de mármore brancos e abarcada, case por completo, por un banco de madeira de castiño, escurecido polo tempo e polo uso. O motor vello dun land—rover roncou fóra.

—Aí chega—dixo a muller.

Un individuo baixiño, con boina raquítica e bigote rectilíneo, vestido con chaqueta e pantalón, pero sen gravata, entrou na cociña. Mostrou gran sorpresa cando os viu, pero disimulouna.

—Bos días—saudou.

—Estes señores queren falar contigo.

Meiriño lamentou que o cliente chegase tan pronto porque a parva estaba a resultar magnífica. Chegara a hora de traballar. Buscou no peto do pantalón vaqueiro que vestía e tendeu o recién chegado a factura que lle proporcionara Mexuto.

—Vimos de parte do avogado Mexuto. Vostede xa sabe, sen dúbida, do que vai a cousa. O parecer esqueceu pagar isto.

O home leu con atención o documento que acababa de recibir e logo mirou, un por un, ós outros tres que estaban na cociña. A muller, pola súa banda, miráboo a el co cello engurrado.

—Un momento—dixo o home sen responderlle e meteuse na casa.

Meiriño deu un salto desde o banco por encima de Gaiarre e botouse fóra da cociña. Gaiarre, tras un brevísimo desconcerto, seguiuono. Meiriño xa descendía a costa cara a Becerreá á carreira. Gaiarre tratou por todos os medios de alcanzalo. O home, na porta da casa, coa muller observando por riba do seu ombro, acabou por cargar as escopeta sen présas. Era unha vella escopeta de dous canos paralelos, marca Perro, moi apreciada no seu tempo, e que el parecía ter coidado con moito esmero.

—Dádelle isto ó avogado Mexuto e a puta nai que o pariu, e mais ó noivo do seu pai, que xa irei eu facerlle unha visita un día destes!

Por sorte cargara con bala, o que evitaba a chuvia de perdigóns, pero aínda así Meiriño oíu con claridade arrepiente o asubío dos proxectís cando o adelantaron costa abaixo.

En Becerreá sentaron nunha terraza para repoñer forzas e recobrar o alento. O camareiro houbo de esperar un bo anaco antes de que puidesen pedirlle nada

—Vou chamar á miña vella, a ver como vai meu pai.

Meiriño esperou a que volvese bicando vagariño o seu botelliño de cervexa. Gaiarre regresou mirándoo como se vise ó mismísimo díaño. Movía a cabeza con consternación.

—Morreu—dixo—. Meu pai morreu.

Sentou cabo del e botouse a chorar como un pequeno, dobrado sobre os xeonllos e coa cara oculta entre as mans. Meiriño acabou a súa cervexa e logo deulle unhas palmadiñas nas costas.

—Veña, veña; ánimo, ho.

—Hostia, ti; que é meu pai!

—Canto tempo facía que non o vías?

—Non me acordo. Pero iso que ten que ver? Era meu pai e morreu. Miña nai chamoume, non? Quere que vaia para o enterro.

—Claro, home. Como non vas ir ó enterro do teu pai!

—Mira—díxolle Gaiarre incorporándose e mostrándolle un par de billetes de cincocentas e algunhas moedas—, isto é todo o que teño. Voume presentar na casa con mil pelás no peto? Vou ir ó enterro do meu pai con estas pintas?— Gaiarre sinalaba as súas roupas cun movemento descendente das súas mans abertas.

Meiriño seguiu coa mirada as mans de Gaiarre. Realmente o seu aspecto era deplorable. Non hai que esquecer que unhas poucas horas antes exercía de mendigo nunha das rúas máis céntricas de Lugo.

—E, encima ti, carallo—protestou o desolado orfo—, fásme gastar a pouca pasta que tiña para que se leen a tiros connosco. En Becerreá!

Meiriño estaba pensativo. Consultou o seu reloxo.

—Mira—colleu o brazo do seu amigo e apertoullo—, imos axenciar un coche. Do diñeiro xa nos ocuparemos polo camiño. Hai varios establecementos bastante illados, malo será que non sexamos capaces de dar un golpe nalgún deles. Veña, anímate. Imos a unha rúa menos concorrida e buscamos un coche.

Levantouse. Gaiarre seguiu de mala gana, acomodando os pantalóns na cintura e limpando o nariz coa palma da man.

—Meu pobre pai—xemía—. E a miña bendita vella. Quere que vaia, non comprendes?

—Veña, anímate. Claro que vas ir. Como un señor, ademáis. Faimo caso.

Conforme coa súa mala sorte, Meiriño sentou na gabia da estrada resignado a esperar que alguén os recollese. Observou cunha ráfaga dos seus ollos vidrosos a desolación de Gaiarre, que derrotaba a súa figura sobre o morro do auto e contemplábalos coa máis absoluta incredulidade.

—E agora isto—dixo.

Meiriño deu unha forte chuchada ó cigarro, exhalou o fume con brusquidade e con carraxe e lanzou a cabicha a catro ou cinco metros de si cun certo movemento dos dedos. Moveu a cabeza sobre os brazos apoiados nos xeonllos e rosmou algo sucio polo sobaixo.



—Por que tiveches que cambiar o coche? O outro era magnífico.

—É o que se fai— defendeuse con mal humor mirándolle o rostro—. Cámbiase de coche para despistar a policía. Atracamos unha farmacia e un bar, lembrás? Ademais, o outro era demasiado aparatoso; moi rechamante.

—Pois este xa ves o que era, unha puta merda!

Achábanse máis ou menos no centro dunha breve recta entre dúas curvas contrapostas. Non había rastros de humanidade en toda a extensión que abarcaba a vista. Nin sequera terras cultivadas. Era un sitio de monte baixo, bastante pedregoso e con moi pouco verdor. O sol aínda mandaba con forza e non se apreciaba nin unha briza de aire. O silencio, ateigado de chicharras e de grilos, poñía unha lousa de desesperanza no peito. Os paxaros emigraran de alí. Meiriño púxose en pé e comezou a pasear cara a un lado e cara ó outro sen achegarse nunca ó inicio das curvas. Lonxe, inmóbil no ceo, apareceu unha lagarteira. Desde a súa inmaterial atalaia enxergaba réptiles, cobras e ratiños no chan. Logo acompañouna outra. Meiriño deixou que a case absoluta inmovilidade das dúas rapaces acougase a rabia que lle encetaba o ánimo. Permaneceu tamén en visco na paisaxe, parado coas mans fundidas nos petos traseiros do pantalón vaqueiro. Fitaba cara ás aves coa mesma cobiza de quen agarda un prodixio. Gaiarre apoiara as súas mans no capó do coche e choraba outra vez coa cabeza baixa.

Levaban naquel inhóspito lugar máis de dúas horas sen que ninguén aparecese por alí.

—Isto só che pasa a ti, carallo, quedar sen gasolina! —incredoulle Gaiarre.

Meiriño non replicou. Retomou os paseos mentres o seu amigo choraba sobre o capó do coche. As lagarteiras esvaecéranse no aire cando as volveu buscar coa mirada. O sol comezaba a declinar sen estridencias. O ceo seguía azul e el era tan só unha bola cada vez máis pálida.

—Oes iso?—dixo, tensando a postura—. Vén un coche.

O morro negro dun seat antediluviano asomou pola curva de abaixo. Era un daqueles seats chamados cascudas nos seus tempos, vinte ou vinte e cinco anos atrás. O pobre vehículo, entre arroutos e arquexos, arrastraba idéntica fatiga cá dun bronquítico crónico. Non chegaba nin

ós trinta por hora. Avanzou cunha lentitude amagada de parálise ata ó punto no que se achaba o simca avariado de Meiriño e o seu desconsolado amigo. As rodas desaparecían baixo os gardalamas esmagadas por un peso a todas luces excesivo. As xuntas, os amortecedores, os rodamentos compoñían un coro de ouveos desaforados que desalentaba ó ruído extenuado do motor. Detívose, por fin, á altura do simca e os ouveos foron cesando pouco a pouco. Descendeu del un auténtico xigante. Vestía case igual que Gary Cooper en Só ante o perigo. Meiriño observaba, incrédulo, a aparición en todo oi seu conxunto. Gaiarreolveu limpar o nariz coa palma da man.

—Qué pasou?— preguntou con voz grosa cargada de afabilidade o xigantón. No seu rostro, longuísimoo, o mesmo que as súas pernas e os seus brazos, non cabía unha soa engurra máis. Os mesmos ollos non eran senón unha simple engurra a penas iluminada en ton escuro.

—O coche. Cansou.

—Veñan comigo—propuxo sen vacilacións o homazo aquel—Onde van vostedes?

—A Vigo.

—Suban. Eu tamén vou ali.

—E a onde subimos?

Meiriño sinalou o interior do coche. Estaba ateigado de enormes caixas de cartón cheas de libros colocados na máis absoluta desorde. Quedaba o sitio xusto para o condutor. O outro engurrou aínda máis a súa cara ó sorrir.

—Ah, iso! Arranxámolo de contado.

O xigante abriu a porta da dereita e intentou recompoñer espazos no habitáculo do seat. Pelexou durante un bo anaco cos vultos. Os libros non colaboraron. Un par de ducias espaxéronse sobre o único asento libre ata entón e outros tantos caeron fóra, sobre o chan. Aínda dobrado, o xigante mirou a Meiriño con aire pensativo.

—Non vai quedar outro remedio—dixo e agarrou a caixa que ocupaba o asento dianteiro, levantouna sen grandes dificultades, polo menos

aparentes, o que demostraba unha forza nada desprezable e tirouna na gabia. A Caixa destripouse co golpe e os libros espalláronse sobre as matogueiras. O enorme condutor do seat antediluviano repetiu a operación coa outra caixa que ocupaba o espazo entre o asento e o cadro de instrumentos. Logo acomodou na parte de atrás os libros que se espaxearan no primeiro intento.

—Xa está—dixo—. Agora xa ten vostede onde subir.

—E o meu amigo? A onde sobe el?

O xigantón mirou a Gaiarre.

—É verdade—dixo—. Pero este home está moi deprimido.

—Morreulle o pai.

—Coitado! Acompáñoos no sentimento—aquele home enorme e extraordinario acercouse a Gaiarre e estrullouno nun abrazo—. Son as perdas máis dolorosas, as dos pais. Déixannos desamparados cando marchan. É como se nos deixasen sen teito, á intemperie. O problema é que non me interesaba desfacerme de todos os libros. Non son meus, sabe? Toda esta porcallada é para vender. A peso. Eses de aí só representan uns cantos quilos, peros se os tiro todos, a perda vai ser máis grande.

Meiriño inspeccionou os asentos traseiros. Moveu algún que outro libro, esmagounos todos un pouco na medida que puido.

—Oes, Gaiarre, se te acomodas ben, eu creo que podes ir encima desas caixas.

—Aí?

Gaiarre aganchou ata encima das caixas cheas de libros e acomodouse como se se tombase nunha otomana.

—Así teño que ir ó enterro do meu pai!

O xigante situárase xa fronte ó volante.

—Qué? Non pensa pechar o seu coche?

—Non podería facelo aínda que quixese—replicou Meiriño—. Non temos as chaves. Roubámolo en Lugo.

—Roubárono? Ben, será que lles facía falta —o homazo observou o

vehículo recostado no foxo con mirada pericial—. É unha pena, tamén podería venderse, aínda que fose para chatarra. En fin, non hai que facerlle. Nese caso podemos tirar seguido ata Vigo.

—Estamos sen comer. Se non lle importa pararemos en Lalín. Invitámolo a un bocadillo de xamón e a un par de tóspiros.

—É bo o tinto de Lalín?

—Coñezo un sitio que ten un tinto dos Peares bastante xeitoso.

—Daquela pararemos en Lalín.

O xigantón xirou o contacto sen quitar a marcha e o seat pegou un brinco. Gaiarre véuselles encima. Entre os dous reacomodárono sobre as caixas.

—Sempre me pasa o mesmo—dixo o home a Meiriño.

—Agárrate a algo, non vaíamos ter un desgusto.

Por fin o coche arrincou coa ameaza implícita de que se apagaría de novo dun momento a outro. Os ouveos recomenzaron e as portas e os cristais das xanelas trepidaban con tal forza que aparentaban ir desprenderse de forma inmediata. Despois de varios forcexos e bastantes indecisións, o seat conseguiu manter, en segunda, os trinta e cinco quilómetros por hora.

—Permita que me presente, amigo meu—dixo o homazo e tendeu a Meiriño unha man ancha e longa. E forte, a vulgar polo apertón—. Son o padre Mir, misioneiro no Salvador.

—É vostede cura?

—Xesuíta, si, señor; sacerdote; xesuíta e misioneiro. Actualmente de vacacións e en xira informativa por diversos territorios da Madre Patria. Se vostede quere—dixo volvéndose a Gaiarre—, celébrolle o funeral do seu pai. Ata ó luns estou libre.

—Moitas grazas, padre—agradeceu Gaiarre e rompeu a chorar de novo.

—O pobre!—compadeceuno o xesuíta—. Ningunha idade é boa para ser orfo, como dixo o poeta.

Meiriño examinouno con maior detemento. Os pantalóns mouros, estreitos en exceso, víñanlle curtos e deixaban ó descuberto a totalidade duns calcetíns grises demasiado grosos para o mes de agosto. En

canto ós pés semellaba imposible que ocupasen toda a extensión dos zapatos moi afiados, cheos de regañas como cicatrices vellas, e pode que de cor marrón noutros tempos. Sentado diante do volante, ó xesuíta crebábaselle o corpo igual que se tivese dúas cinturas, unha máis ou menos no sitio normal, e a outra á altura do esterno. O peito retraíase e as costas cambábanse nunha xiba inadmisibile nun ser dotado de esqueleto interno. A cabeza, cabalgada no extremo dun pescozo longo e curvo, axustábase como boamente podía entre o arco superior do volante e a concavidade do parabrisas. Meiriño calculou que, no caso de que o seu acompañante se estirase, habería que facerlle un burato á capota do automóbil. Levaba unha camisa branca limpa a primeira vista. Ó chaleco, negro, faltábanlle a metade dos botón e sobrábanlle media ducia de lamparóns. O cabelo, gris e negro sen matices intermedios, reuníase en raras guedellas ó redor dunha sucesión de calvas repartidas sen ningunha equidade sobre o cranio aperulado como un cogombro. Os ollos constituían apenas unha engurra máis no seu rostro afiado, cheo delas. O nariz crecéralle sen ningunha disciplina, a boca había que adiviñala en tanto permanecese pechada e o queixo prolongábase recto cara abaixo, rematado nun inmenso esporón. Meiriño botoulle uns sesenta anos.

—Xa ves o que son as cousas—dixo Meiriño ó seu amigo deitado sobre as caixas—. Non só vas ir ó enterro do teu pai, senón que ademais, vas levar o cura.

Gaiarre rompeu a chorar de novo.

—Meu pobre pai!—xemeu—. A el débolle todo canto son. Todo.

—Pero que é o que lle debes ti a teu pai, cago no leite negro?— indignouse Meiriño.

—A paternidade é reflexo directo da esencia mesma da divindade. Por iso se respecta tanto—sentenciou o xesuíta.

—Amén—rematou Meiriño—. Pero o pai desta prea non podía ser reflexo de nada e moito menos da divindade. E sei o que digo.

—Que has saber ti, hospiciano de merda!

Meiriño volveuse furioso e comenzou a golpear a Gaiarre.

—Non me chames iso, que te mato!

—Veña, veña; non pelexen. Non se deixen levar polos nervios—pacificou o xesuíta e logo, mirando a Meiriño—. E vostede, mozo? A que se dedica? Non será vostede boxeador ou algo así? Dígoo polos golpes que hai na súa cara. Son golpes vellos, sen dúbida, pero bastante elocuentes.

—No nariz e nas cellas, verdade? Fun boxeador, si; e tamén practiquei durante algún tempo a loita libre. Agora son detective. Detective privado.

—Que morro tes, chacho!—recriminou Gaiarre desde atrás.

—Qué é o que dis, home? Logo non son detective privado?

—Cantos anos hai que che quitaron a licencia, mamón?

—Vouche dar unha manta de hostias que vas cagar no pai que te fixo!

—Non digas iso, cago en...!— e Gaiarre volveu prorromper no seu pranto.

—Veña, veña; non discutan. O caso é que, antes ou agora, foi vostede detective privado. Pois eu xuraría que os detectives eran cousa das películas soamente.

—Xa ve vostede que non, padre.

—Caramba, caramba. Vou cambiar a primeira, porque isto non tira. Detective privado. Que interesante!

A pesar do cambio de velocidades o seat parou, en efecto. Empregou varios minutos en decidir que pagaba a pena acender de novo. Meiriño advertiu ó xesuíta que soltase a marcha antes de accionar a chave e puideron evitar esta vez a sacudida. O seat gargarexou con insistencia fremente, como se fose un vello asmático e enervado, logo cambiou o gargarexo por unha tose franca, rotunda, terminada en chíos agudos, e por fin acendeu anunciando xa a súa voz afogada outra parada inminente. O cura meteu a primeira e mantivo o coche acelerado durante un bo anaco. Soltou o embrague de golpe e pegaron un salto de varios metros. Gaiarre volveuse derrubar sobre eles e outra vez volvérono situar sobre as caixas.

—Pero agárrate a algo, paspán! Pareces idiota, carallo!

—Non discutan. Sexan pacientes.

Todo volveu á normalidade. O cacharro admitiu a segunda, alcanzou os trinta e cinco quilómetros por hora e negouse en redondo a admitir calquera outra solicitude

—Imos aló—dixo o padre Mir relaxado ó ver que o fotingo furrulaba de novo. Ata entón mantivera a respiración en suspenso, concentrada toda a súa apreensión nas ruidosas e violentas reaccións do seu vehículo—. Escoite—reiniciou a conversa interrompida pola mecánica—, e vostede leva pistola?

—Pois non. Lamento desilusionalo, padre.

—Non me desilusiona, non; todo o contrario. A min ese tipo de violencia, a das armas e esas cousas, xa me entende, non me agrada. Nunca me agradou. Pero a outra, esa violencia sa e varonil, limpa, a confrontación corpo a corpo para medir as forzas que o Señor nos teña concedido cada un, si que me agrada, xa ve vostede. Boto moito de menos unha boa pelexa, si, señor. Por iso me gustan tanto as películas do oeste. Non perdo unha, cando teño ocasión de velas, claro. En Vigo se cadra dan algunha nalgún cine. Xa veremos. E dixo vostede que foi boxeador? Hai moito diso?

—Uns quince anos—Meiriño adoptou actitude rememorativa. Botou o brazo por detrás do respaldo do asento e a cabeza cara atrás—. E non fun malo, non crea. Cheguei a campión de España dos pesos pesados. Aficionados, claro. En profesionais o conto cambiou de carallo. Empecei ben pero logo o alpiste afundiame.

—O alpiste?— as mans do xesuíta borraban o volante.

—O alcohol, padre. Din en beber e mandei todo ó carallo. E que non pode ser doutra maneira. A fase de lanzamento dun boxeador consiste en que che poñan diante verdadeiros despozos humanos, boxeadores retirados, con historial ou sen el, tanto ten. No peor dos casos invéntase. Se poden ser negros, mellor. Os negros chaman moito. Póñenche diante dun tío apampado, un boneco, un monicreque, para que ti lle arrees canto poidas, para que o tombes, para que acabes con el no terceiro asalto. O terceiro asalto é máxico. Pero non sempre se pode, sabe, padre?, porque estes suxeitos adoitan andar na procura deles mesmos e resístense todo o que poden. Eu tiven un diante que non me explico aínda como non o matei. Tírate, dicíalle afrouxando o bocado, tírate. Pero el, que era un negro, de Nixeria creo recordar, aínda que nacionalizado

inglés, non debía comprender ou non quería. Non sei. Eu largaba unha serie e volta a pedirlle que se tirase. E el, coa garda baixa e a boca aberta, nin caso. Tiña os ollos brancos. Desaparecéranlle as pupilas. O árbitro parou o combate e deume gañador, pero o puto nixeriano dos collóns non se tirou. Nin el se tirou nin eu fun quen de deitalo.

—Sempre fuches unha mala besta, non veñas agora con contos— sentenciou Gaiarre desde atrás. Non obstante Meiriño non se alporizou. Tiña a mirada perdida nos seus adentros, ocupada pola imaxe tráxica do negro que buscaba a autoestima. O carburador do seat agoniaba sen remedio.

—Isto para de novo. Falta moito para Lalín?

—Falta todo, padre. Será mellor que pare na primeira tasca que aparece. Estáseme aplanando o estómago

—Que tal un trago para anchealo un pouco?— o cura ofrecíalle unha petaquiña metálica que fixera aparecer na súa man como por artes de prestidixitador—. É coñac. Non sei andar sen el.

Meiriño bebeu varios sorbos, dando tempo a cada un para que fose abrindo paso o seguinte.

—Se paramos a cear, non chegamos a Vigo nin mañá ó mediodía— protestou Gaiarre—. Meiriño, que te coñezo. É mellor seguir e xa comeremos alí.

—Diso nada. Vostede pare no primeiro sitio que vexa que teña algo comestible.

—E cando o da loita libre, xa estaba vostede afundido, claro?— arremeteu outra vez o misioneiro.

—Iso foi só para saír do paso, para ir tirando. Era todo un camelo e sacabas algunha pasta.

O seat decidiu facer outra pausa na viaxe. Foi consumindo as súas forzas pouco a pouco mentres ascendía unha mínima costaña, tусiu tres veces e detívose. O xesuíta deixouno en punto morto e tirou do freo de man. Fixo un xesto de impotencia e derrubouse sobre o volante. Apurou un trago da petaca do coñac, limpou a boca coa mesma man que a suxeitaba e mirou a Meiriño con certa intensidade.



—E da loita libre á investigación privada, non?

—Non, non. Antes houbo varias cousas. Pouco estables todas elas, pero apañadas. A máis duradeira foi como garda xurado nunha empresa de seguridade. Ó final botáronme.

—Caramba! Iso é serio. E por que o botaron, se non lle importa a pregunta?

—Vendín a pistola e dixen que a perdera, pero non me creron, claro. Ademais, sorprendéronme borracho en varias gardas. Nunha ocasión estaba eu cunha lurpia, vaia elementa, padre!, dinamita pura, pode crerme, todo vicio!, pero non pasou nada porque o xefe, o inspector de noite, uniuse á festa. Era un punto de carallo aquel individuo, pero perdíao o sentido do deber. Non se poder dar responsabilidades a suxeitos escrupulosos. O tío uniuse á festa e logo, mentres acomodaba os pantalóns, díxome: "Meiriño, espero que esqueza vostede todo canto ocorreu aquí esta noite. Eu tamén penso esquecelo. De todas maneiras cumpra coa súa obriga, posto que o que ocorreu esta noite esíxeme ser moito máis estrito con vostede do que fun ata agora".

—Que bárbaro!

—Pero vostede confesa coma un cura, cago na cona.

—É que o son, fillo, non o recordas?— o padre Mir riu en silencio, axitando os labios como se ampease—. E vostede non quere un trago, filliño?

O cura tendía a petaquiña prateada a Gaiarre.

—Non, moitas gracias, padre. Quero chegar sobrio á miña casa. A miña pobre vella, bendita sexa!— e rompeu a chorar de novo.

—Que imaxe máis fermosa!— exclamou Dimas Mir.

E, en efecto, era fermoso o panorama que se estendía ante eles. O seu coche, vencido polos anos, derrotado pola carga, coroaba cunha canseira infinda a aba longa e revirada dun amplo cambio de rasante. O sol, unha bola incandescente, un redondel de sangue espeso, apostado detrás dun grupo desconforme de piñeiros vellos, grosos, longos e hirsutos, espaxíase sobre a paisaxe a súa última mirada do día. A un lado, o esquerdo, un

automóbil negrexaba a súa silueta contra o rabioso contraluz. Ó outro, un home, mouro tamén e bochudo, erguía a súa con algúns brillos repartidos de arriba a abaixo.

—Cago na puta! A garda civil!— Meiriño pegou un brinco no asento e Gaiarre saloucou quizais con maior convicción que empregara ata entón.

O coche da policía de estradas estaba parado á súa esquerda, fronte a eles. Un axente, alto barrigudo e cada vez máis verde segundo se achegaban, dáballes o alto. Ó seu compañeiro non se lle vía, nin dentro nin fóra do coche. O garda civil fixo un saúdo militar bastante desaxeitado, acercouse ó coche e examinouno por dentro e por fóra con xesto túzaro. A Gaiarre, deitado sobre os libros, mirouno como se non quixese velo.

—Boas tardes, cabaleiro— dixo o padre Mir—. A súa documentación, por favor. E a do coche.

—Se ten a bondade non me chame cabaleiro. Non me acae ben. Son cura.

Oíuse un ruído moi parecido ó que fai un globo que se desincha coa boquilla apertada.

—Que foi iso?

O garda civil puxo cara de pao.

—Dígame unha cousa, señor xendarme, vostedes non van sempre de dous en dous, coma os periquitos?—preguntou inesperadamente o padre Mir.

—Aconséllolle que non se pase, caba...Dixo que son curas?

—Dixo, si. Curas, señor garda—interveu Meiriño, coa cabeza metida entre o volante e o peito do padre Mir para mostrarse ó policía.

—Imos ver cómo é iso; imos ver cómo é iso—o garda civil mantiña unha carpeta recollida sobre o peito. Ocultaba os ollos detrás duns lentes grandes e adiantaba o ventre sen necesidade de se o propoñer. Establecera a pausa aclaratoria con ademáns amplos e calmosos e con ton profesoral ou paternalista—. A ver, como é iso de curas? Curas de aquí, dos de sempre ou dunha desas sectas das que tanto se fala agora mesmo?

—Xesuítas, señor garda; somos xesuítas— aclarou Dimas Mir.

—Da Compañía de Xesús quere vostede dicir?

—Exacto. E non é mala compañía esa, se me permite que o diga. Repetiuse o alarido, asordinado do escape de aire comprimido.

—Segunda chamada, axente— fixo notar Meiriño.

—Como levan ese home aí, deitado sobre esas caixas e eses libros?

—Ah, iso!—adiantouse Meiriño á dúbida que iniciaba o padre Mir—. É un indíxena. Verá, señor garda, nós sómoslle misioneiros en Centroamérica. A ese pobre malpocado trouxémolo para amosalo por aquí, para que se vexa o lamentable estado no que se atopan as xentes de aló.

O rostro fazulento e apalermado do policía de estradas estaba cobrando unha tonalidade verdosa máis escura e moito máis turbia cá do seu uniforme. Suspirou, puxo cara de resignación detrás da máscara olivácea e deixou fluír, prolongado e ondeante, algo así coma un espléndido só de clarinete.

—Terceiro aviso—sentenciou Meiriño.

—Sarxento, ou acaba vostede de cagar dunha maldita vez ou teño que deixar inconcluso este operativo—dixo de pronto o xendarme volvéndose ó outro lado da estrada e adiantando aínda máis o ventre ó tempo que apertaba os glúteos—. O peristaltismo abúrame a min tamén, señor. Non hai quen o pare, síntoo.

Meiriño, Gaiarre e o padre Mir observaron con asombro como de entre os codesos que se estendían máis alá das poboadas gabias emerxía primeiro o quepis e logo a cabeza do outro garda civil que antes botaran en falta.

—García, faga o que lle saia dos santísimos collóns— respondeu o sarxento afundíndose de novo na verdura, unha vez asumida a situación—. Síntoo moito, pero creo que mentres quede algo húmido dentro do meu corpo terei que seguir a facer o salto da ra.

—Pois o seu colega parece que tragou unha orquestra de vento, señor—largou o padre Mir que asomaba medio corpo pola xanela do seat—. Ademais vai derivando cara ós tons graves. Comenzou por unha especie de cornetín, logo pasou ó trombón de varas e agora anda xa pola tuba. Estamos esperando que irrompa a percusión dun momento a outro. Allegro moito vivace.

—Ai, Deus!— exclamou Gaiarre, que vivira en suspenso toda esa escena.

—Pero, por que ten que complicarse vostede a vida, García? Quen lle mandou dar o alto a ese coche nas actuais circunstancias?—reprochou o sarxento desde detrás dos codesos. A voz apertábaselle e distendíase seguindo o ritmo dos retorazóns.

—Observe vostede o coche e xa me dirá.

—O que vou observar é a cara do cabrón do Dionisio, a ver qué merda de comida nos deu, que mire vostede como estamos os dous— e o sarxento regresou definitivamente a atender os seus constrinximentos intestinais. A súa parella non parecía en condicións de aguantar moito máis tempo os que a ela tamén a acometían.

—Está ben, sigan— dixo co aire máis severo que foi capaz de lograr— Quedei coa matrícula. Non teñan medo, que xa os emplumarei por correo.

Antes de retomar a marcha viron como o garda civil corría a encrequenarse entre os codesos.

—García, polo amor de Deus; temos todo o monte para nós os dous e ten que vir para o meu lado. Busque outro sitio, cago na cona que o botou!

—Sarxento,—replicou o aburado García—non quixera ter que lembrarlle o que din as Ordenanzas sobre as réplicas desatentas.

—Ceei coma un cura, sí, señor—dixo o padre Mir e basculou o seu corpo sobre as patas traseiras da cadeira que ocupaba, ameazada de inminente despece baixo a súa hipertrófica humanidade, e palmeou o bandullo con notoria satisfacción. Meiriño, mentres tanto, trataba de liberar dous dos seus dentes dunha incómoda febra de xamón.

—Pode xuralo, padre!—terciou Gaiarre—. Como que papou vostede só medio xamón, tres chourizos e máis da metade dun queixo manchego!

O xesuíta mirou ó redor como se buscasse algo excepcional, anunciado pero non localizado.

—A culpa foi do viño—. Estaba boísimo— proclamou.

Como fiel testemuño da bondade proclamada, sobre a mesa cuberta cun hule de cadros vermellos e brancos, campaban desfalecidas cinco botellas flaxeladas por pingotas denegridas.

—Que facemos da nosa vida?

—Vostede manda, padre; mellor dito, o seu coche.

Meiriño deixara esvarar o seu corpo sobre e cadeira e xa case lle daba o mantel no queixo. Achábanse nun pequeno comedor de catro mesas, pero só a deles estaba ocupada. Experimentaba unha densa cargación nas pálpebras. O tinto que beberan constituía unha argumentación eficaz contra a sona de frouxos que se atribúe ós viños galegos.

—Canto falta para Vigo?—preguntou o padre Mir. Meiriño calibrou coa súa mirada experta que o xesuíta se encontraba na fase previa á trompa cabal.

—En condicións normais, hora e media ou por aí— respondeu recuperando con preguizosos esforzos o seu corpo de debaixo da mesa—. Co seu vehículo resulta imposible botar contas.

—O meu pobre pai!—xemeu Gaiarre por enésima vez—. Ides facer que chegue tarde ó seu enterro, xa o estou vendo!

—Pero teu pai non morreu hoxe, so mamón?—anoxouse Meiriño—Por moita présa que lle metan, non o van enterrar antes de mañá, digo eu.

—Eu estou libre ata o luns—dixo o xesuíta—Por certo, que día é hoxe?

A Meiriño non lle sorprendeu nada comprobar que non tiña nin a máis remota idea de qué día era hoxe.

—Oes,ti—preguntou a Gaiarre— que día é hoxe?

—Non sei.

—Como eu digo misa todos os días,—razoou o xesuíta— pásanme desapercibidos os domingos. E como vostedes seguro que non van á misa nunca, pois supoño que tamén.

—Equilicué—concedeu Meiriño cun xesto equivalente á expresión.

—O luns empezo cunha serie de charlas e coloquios— o cura em-

peñábase en muxir unha botella para espremerlle as últimas pingas—. Aínda non sei onde. Levo un teléfono ó que teño que chamar. Trátase dunha asociación en prol da paz mundial ou algo así. Como no Salvador andamos a diario a tiros, deben pensar que eu teño moito que dicir. Pero ata o luns, se soubésemos qué día é hoxe...

—Preguntamos a camareira e de paso pedimos uns cafés, parécelle?

—É unha idea. Escoite, eu non fumo nunca, pero se vostede me dá un dos seus cigarros... Hoxe apetécame.

—Pídlle uns farias e aproveitamos para preguntar a data, vale?

Resultou que era xoves, vintetrés de agosto. O cura prendeu o seu farias despois de apalpalo coa punta dos dedos cerca da súa orella dereita.

—Dixéronme que en Vigo, por estas datas, resulta practicamente imposible encontrar aloxamento. De todos modos, eu prefiro seguir ata aló. Que decide vostede?

—O que vostede mande.

—Hai que foderse!— protestou Gaiarre—. O que ten que ir a Vigo son eu e aí estades vós a facer proxectos como se eu non existise.

Chegaron a Vigo cerca das dúas da madrugada. Durante a viaxe o cura falou moito. Meiriño pouco e Gaiarre limitouse a soltar o seu consabido xemido e a chorar algunha que outra vez. Meiriño conservaba interiorizada a serenidade soberbia da paisaxe capturada desde a Ponte de Rande, o estreito prateado pola lúa, as bateas do mexillón coma máxicos poboados de palafitas reticulares, as ribeiras acuguladas de casas baixas, entrañadas do sabor mineral do salitre, de mulleres que esperan, de poxas próximas nas lonxas do amencer. Metíanse xa nas primeiras avenidas da cidade de Vigo, escuras e desertas. Meiriño endereitouse no seu asento e foi esculcando a ambos lados as fachadas.

—Pare aquí, se non lle importa, padre. Gustaríame saudar unha amiga. Quen sabe? Ó mellor consigo unha cama.

Estaban fronte a un club nocturno, co seu inevitable nome en inglés nun letreiro luminoso e unha cornixa de luces fugaces verdes e amarelas.

—Que é isto? Un hotel?—preguntou o cura.

—É unha barra americana—dixo Gaiarre revolvéndose sobre as caixas— Meiriño, non me vaias facer unha xogada, eh? Que ben sei como es.

—Barra americana?—preguntou o cura.

—Si, un puticlub.

—Caramba, que interesante!

Meiriño apeábase xa e tendía a súa man ó misioneiro.

—Se é vostede xesuíta non terá problemas co aloxamento. En Vigo debe haber polo menos dúas comunidades dos seus—díxolle—. A aldea dese desgraciado de aí atrás está a uns vintetantos quilómetros de aquí. Vostede verá se quere acercalo ou deixa que se amañe por si mesmo.

O padre Mir parecía ensimesmado nos escintileos verdeamarelos da fachada.

—Que? Ah! Diso nada. A min no convento non me pillan. Estou de vacacións e ata o luns non aterro. E a vostede que máis lle dá unha hora arriba ou abaixo? O seu pai xa está morto, non? Espere un momento que aparco e vou con vostede.

Removeron o semicírculo de plástico da cortina e entraron. O local era un rectángulo duns setenta e dous metros cadrados ben aproveitados. A barra, rectilínea e sen revoltas, caía á esquerda, as mesas e as cadeiras, á dereita, cun corredor de metro e medio de ancho entre elas e unha balaustrada acolchada nun plástico que intentaba imitar pel, deslindando territorios. Ó fondo un biombo acristalado encubría, tal vez, os reservados. Ocuparían o recinto unhas vinte persoas. Seis ou sete rapazas, dous camareiros, un macarra e o resto, clientes. As rapazas, salpicadas por aquí e por alá, soas, en pequenos grupos ou acompañando a algún cliente, vestían unha especie de bañador mouro, que deixaba todas as costas ó descuberto e ocultaba do peito o xusto para evitar os cambios de color. Cinguían as pernas cunhas mallas anchas, calzaban zapatos negros de tacón moi alto e adornaban o pescozo cunha paxariña de croupier. No traseiro un pompón gris e branco trataba de imitar o rabiño dun coello.

Meiriño acercouse á barra, precedido polo padre Mir. Ninguén lle prestou atención fóra dun camareiro que acudiu a atendelos.

—Que van tomar?

—Whisky con coca—cola ou un gin—tonic.

—Eu un parafusador.

—Perdoe, non entendo—desculpouse o camareiro.

—Vale. Mesture vostede o que queira, canto máis forte, mellor. Non sinta pena.

O cura mirou a Meiriño con aire retranqueiro e riu novamente coa súa risa silenciosa chea de folguexos. A pesar do permanente encollemento do relixioso, a cabeza de Meiriño non excedía do seu ombro.

—Mire vostede, padre. Eu penso beber duro, o máis probable é que me emborrache, e estas mozas....

O xesuíta colocara as mans abertas e separadas sobre o mostrador e miraba a un lado e outro con insospeitada desenvoltura, se se ten en conta o ambiente.

—Alá ti. E non me chames padre. Dimas. Dimas Mir, ese é o meu nome. Chámame Dimas.

—Mellor chámolle reverendo. Soa a película americana.

—Como gustes— concedeu. Levantou a súa man dereita e reclamou a atención do camareiro—. A ver ese parafusador!

Gaiarre entrou nese momento. Camiñaba como se non puidese coa súa alma. Coas mans nos petos, meneaba a cabeza con xesto dorido. Apoiou os cónados na barra a certa distancia deles dous.

—Cabróns, hostia, que sodes uns putos cabróns. Había ser o velorio do voso pai!

—Mira que es teimudo, cago no leite negro, eh!— reprochoulle Meiriño.

A barra prolongábase case ata á porta. Non había ningún elemento decorativo nela. En realidade non había nada decorativo en todo o local, agás as luces, que máis que decorar, molestaban. A xente achábase distribuída polo recinto sen ningunha orde especial. A maior parte quedara xunto ó mostrador e tres ou catro persoas ocupaban algunha das mesas. Ó fondo, recostado sobre o biombo, un home bastante ben traxado e



con gravata tomaba moi en serio o acoso a unha das picolinas. Á rapaza, que non estaba nada mal coa súa breve vestimenta de traballo, parecía que lle ía o asunto. O grito do reverendo reclamando a súa consumición aínda non puido coa potencia da música que enchía o contorno. Só dous clientes, os que caían máis cerca, o miraron con amagos de desagrado. O xesuíta sorriulles desde o alto do seu torreón. Un dos camareiros acercouse cos dous vasos xa servidos. Meiriño apoderouse do seu, mirou ó reverendo, encolleu os ombros e lanzouse a tumba aberta. O padre Mir bebeu tamén, pero con máis pausa, a tragos longos e distanciados.

—A min pónname unha cervexa— solicitou Gaiarre.

—E ti como te chamas?— preguntou o reverendo.

—Chámome Manolo, Manolo Meiriño.

Abandonou Meiriño durante uns intres a súa mestura achocolatada e contemplou o perfil do xesuíta. A apócema que inxería con pausa relambedora estaba operando nel unha curiosa transformación. A reacción a cada trago era xa de por si ben curiosa. Descendía, sonora como unha mexada nun sumidoiro, polo seu longo garneato engurrado, baixaba logo polo resto das canos e o cura recibíaa no seu estómago con toda unha serie de estremecementos e convulsións encadeados. Despois permanecía inmóbil uns instantes, coas mans sempre apoiadas na barra, ampeaba igual que unha mula e botaba a rir co seu modo tan peculiar de facelo. De vez en cando palmeáballe as costas para darlle ánimos.

—Ben, señor Meiriño—atacou de pronto Dimas Mir—, pode un detective privado sen licencia socavar os cimentos da orde establecida?

—Hostia, reverendo!

—Dimas Mir, si que pode. Odio a orde establecida— o xesuíta afianzou máis a súa estatura sobre as mans abertas encima do mostrador—. Pero estas pequenas van case espidas! E levan rabo. Que curioso! A orde establecida, señor Meiriño, recórdao. Ese é o inimigo a bater. No Salvador sabémolo ben. En toda Sudamérica sabémolo ben— acercábase un camareiro e o xesuíta agarrouno por un brazo e achegouno a el—. Outro whisky imperialista para o señor Meiriño e outro parafusador supostamente proletario para un servidor! Ah! E unha cervexa para o orfo aquel de alí.

O macarra, arrimado a unha esquina do fondo, mirouno e engurrou o cello, torvo. O reverendo, endereitouse de novo, despegoose da barra e comprobou a súa estabilidade en posición de firmes. Ampeou e riu outra vez e estendeu os brazos en pose dominus vobiscum.

—A orde establecida— ruxiu—. O pecado contra o Espírito para o que o Señor non prevé ningunha clase de misericordia— tomou aire, pousou a man esquerda no mostrador e descargou unha tremenda puñada coa dereita que fixo saltar todos os vasos, cinseiros e botellas, a máis dun cliente e a varias das coelliñas—. Viva a revolución bolxevique atravesada pola cruz de Cristo!

A súa ecléctica proclama enmudeceu a todo o persoal. Ata a música, por unha estraña coincidencia, se cortou no medio dun requintado lamento do saxofón. Meiriño removeuse algo nervioso, pero pronto regresou ó seu licor.

—E encima imos acabar a hostias—lamentou Gaiarre antes de morrear o seu botelliño de cervexa—. Xa o estou vendo.

O macarra avanzara dous pasos cara a eles e mantíñanse a media distancia, cun pito sen acender entre os labios entreabertos, as mans medio adentro e medio fóra dos petos dos pantalóns e a mirada oblicua, tensa, torva.

—A orde establecida do dólar hexemónico—insistiu aínda o padre Mir—. Por certo, de canto diñeiro dispós?

—Por ese lado non hai problema. O meu amigo e máis eu batemos dúas veces co bo samaritano no día de hoxe. Tres, se o contamos a vostede, padre.

—Iso está ben. Queren que fale de paz. Imbéciles! Voulles afundir os fusibles— o reverendo axitaba o seu vaso volto boca abaixo. Estaba seco—. Quero máis. Pide ti agora, señor Meiriño, que estou canso.

—Vale, reverendo— Meiriño palmeou o aluminio como se exterminase moscas—. Máis alpiste!

O macarra fixo atrás ó camareiro e ocupou o seu lugar fronte a eles dous.

—Que era?— preguntou

—Alpiste. O meu amigo, o reverendo, quere máis.

—E non terán xa bastante?

Meiriño deixou que a súa mirada se enlazase coa do macarra. Sostivérona durante uns instantes.

—Vostede que cre, reverendo? Temos xa bastante?

—Como se o vise!—choromicou Gaiarre—. Seguro que acabamos a hostias.

—Alpiste—dixo o reverendo e volveu golpear a barra coas dúas manazas abertas.

O macarra fixo un xesto ó camareiro para que os servise.

—Vaian pensando en marchar. Vai ser hora— advertiu non obstante.

—Asociación en prol da paz mundial— iniciou de novo o padre Mir—. Que cres ti, señor Meiriño, que desexan oír da miña boca? Sentarei diante dunha mesiña, rodeado de frades progresistas que converteron a divina providencia en abondosas contas correntes, de mozos liberados que só alcanzaron a abrir a porta do sexo como camiño da liberdade, cousa que non está nada mal, dito sexa de paso, que semen retentum velenum est, de obreiros desclasados a base de horas extraordinarias.

O reverendo deu un dos seus tragos longos e vagariños ó seu novo parafusador. Deixouse axitar polas consabidas convulsións, ampeou, pero non riu. Mirou ó redor completamente endereitado.

—Ó mellor algún destes candongos forma parte o luns do meu auditorio. Que relación pode establecerse, señor Meiriño, entre esta situación e a que eu deixei en Centroamérica? Alá a vida dun home non vale nin sequera o prezo dunha bala e aquí un acto sexual cotízase, tal vez, en cinco mil pesetas.

—Depende— matizou Meiriño.

—Que dependa, logo. Pero alá non depende. Alá existe unha guerra aberta que, se me apura vostede un pouco, señor Meiriño, nin sequera lles pertence a eles. Manéxanse conceptos que non son xa nin a fame nin a miseria, nin a xustiza nin a inxustiza, nin o amor ou a verdade. É a orde e a seguridade de Occidente. Unha orde indigna, unha seguridade violenta, agresiva, aniquiladora de calquera discrepancia.

—Iso é falar, reverendo. Parece vostede o mesmísimo San Xoán Crisóstomo.

—Menos lerias, señor Meiriño, que se me está a sublevar a man de bendicir. Que trompa teño, meu Deus!

O reverendo dobrouse sobre si mesmo, afundiou a cabeza nos xeonllos e axitou as mans por encima das costas, como se fosen as ás deformes e raquícticas dun anxo. Adornou toda a cerimonia cun ruxido afogado que parecía emitido polo propio estómago.

—A úlcera, señor Meiriño, amigo meu, volve reclamar a independencia—. O xesuíta ergueuse de novo con increíble lentitude. Mirou a Meiriño cunha mirada nova, recuperada a seriedade auténtica por algún resorte profundo e meteu as manazas estendidas diante mesmo dos seu ollos.— Velas, irmán, velas? Están abrasadas pola pólvora. Descendín a sima máis fonda e máis escura da inmundicia humana e non é posible regresar de alí con inocencia. A paz. Non hai paz! Guerra a morte ata que o amor de Deus reine sobre as tumbas podrecidas dos opresores. Hai que acabar coa orde establecida, señor Meiriño. Aliarse con ela suporá a nosa perdición derradeira. Sen paliativos! O xofre varrerá os corazóns de todos os que non entenden que non é posible a liberdade mentres haxa escravos! Meiriño, o meu estómago é un volcán.

—Tranquilo, reverendo. Inúndeo de leite.

O macarra enfrontounos de novo. Todo continuaba igual no seu ríspeito aspecto, menos un músculo na súa meixela dereita que se contraía como sometido a impulsos eléctricos.

—Xa está ben, señores. Pagen as súas consumicións e largo. Mellor será.

Meiriño volveuse cara a el con premeditada e provocativa parsimonia. O reverendo xirou sobre si mesmo esculcando o panorama da sala. A inquietude fixera presa nos presentes. Algúns pedían a conta para marchar. As mozas mostraban o seu fastío diante da perspectiva de que lles estragasen a noite.

—Exiliáronme da miña conciencia— o padre Mir non fixo o menor caso á advertencia do macarra—. Os meus propios irmáns. Botáronme de

alí. Repatriáronme a esta terra na que non hai nada para min. Nada, señor Meiriño, pódeme crer.

—Créolle, reverendo. Pero este cabaleiro quere que marchemos.

—Ocúpate del, queres?, eu vou alterar un pouco a orde establecida nesta sala.

O reverendo Dimas Mir plantouse en dous pasos das súas desmesuradas pernas no outro extremo do local. Cruzou entre os clientes e as coelliñas sobresaíndo case medio metro por encima de todos eles. Ninguén lle cortou o paso, máis ben ó contrario, pero todos o miraron. Non se logrou un silencio total, pero si suficiente para marcar a intensidade da tensión que se producira no club. A parella que abeiraba os seus arrolos no biombo conseguira manter a concentración no seu arroubo. O cabaleiro morreaba con verdadeira fruición á putiña. A rapaza parecía compracente. Recostaba a súa cabeza algo ladeada e recibía o beixo coa boca aberta e cos ollos pechados. Abrazaba, ademais, ó galán. Dimas Mir golpeou o ombro do chuchador con moita máis enerxía da que era precisa para un simple aviso. Os catro ollos da parella mirárono abraidos.

Gaiarre observara todo este proceso, en principio, absorto na súa teima necrolóxica e logo con absoluta expresión de asombro. Volveuse cara á barra e meneou a cabeza caída sobre o peito.

—Cabróns, hostia, que sodes uns putos cabróns! Había ser o voso pai o defunto!—maldiciu en medio dun amargo pranto.

—Boas noites, señor—saudou respectuosamente o padre Mir ó abraido casanova—. Permita a súa documentación.

—Que? Pero...pero...

A moza escorreuse cara a outro espazo buscando cos ollos asustados unha explicación entre as súas compañeiras. O macarra encontrábase ó límite do seu aguante. Xa non era só un músculo o que se contraía con eléctrica brusquidade no seu rostro e os ollos ardíanlle con lapas furibundas. O reverendo buscaba, sen dúbida, a súa morriñenta confrontación corpo a corpo. Seguro que a había encontrar.

—Non che parece que xa vos pasastes dabondo? Por que non pagas, recolles o teu amigo e largades dunha puta vez?— o macarra

acariciaba cunha man crispada a última botella de coca—cola que serviran a Meiriño.

Meiriño mirouno, primeiro ós ollos e logo á man sobre a botella. Marcou un xesto de impotencia. Mergullou en todas as súas vivencias de noctámbulo experimentado, para facer unha análise da situación. De quen máis debería temer era dalgún cliente agresivo ou violento ou, simplemente, exasperado pola súa actitude e a do cura. O macarra parecía perigoso, pero estaba obrigado a aguantar ata o límite máis extremo. A actitude dos camareiros non facía pensar que cobrasen plus de perigosidade.

O xesuíta agarrara o chuchador polas solapas da chaqueta, levantárao medio palmo do chan e rebuscáballo nos petos a carteira. Devolveuno ó chan cando a encontrou.

—Miren vostedes que cadro máis entenededor!—dixo o reverendo, mostrando na carteira aberta unha fotografía dunha muller e tres nenos.

Meiriño permaneceu atento, despregando a súa mirada en abanico por toda a concorrencia. Ó macarra disparáranse as sacudidas eléctricas en todos os músculos das meixelas. A súa man non acariciaba xa o botello, senón que o aferraba con dureza ata branquexar polos cotenos. O reverendo agarrou outra vez as solapas do caralavada, e zarandeouno sen miramentos.

—Prea! Anticónxuxe!

O que Meiriño temia xurdiu de pronto. Un home, máis ben baixo, macizo e taciturno, adiantouse de entre os clientes e avanzou cara o xesuíta.

—Escoite, señor, vostede non ten ningún derei...

O pobre valedor derrubouse contra o mostrador despois de percorrer varios metros tropezando cara atrás. O padre Mir tan só o empuxara coa man aberta. Meiriño reaccionou ó instante. Agarrou o macarra polos peitos das camisa e sacouno ó outro lado da barra, arrastrando con el vasos e botellas. Rematou a faena cun botellazo na cabeza que fixo un ruído moi feo. Os camareiros cadráronse ou, polo menos, iso lle pareceu a Meiriño e os clientes, cos seus rostros repartidos entre o verde e o amarelo, palideceran sen dúbida. Algunha das mozas berrou.

O reverendo volvérase dobrar como a vez anterior e mentres coa dereita mantña agarrado e apartado de si ó anticónxuxe, coa esquerda apertaba o bandullo.

—Controlemos a situación, señor Meiriño. As señoritas que pasen a este lado e senten todas. Os cabaleiros que se poñan de costas ó mostrador coas mans ben visibles. Vostedes tamén— sinalou ós camareiros.

Todo o mundo obedeceu as indicacións dadas polo xesuíta. Gaiarre, agarrado á súa cervexa, meneaba a cabeza e choraba.

—Esta é unha redada ecuménica—dixo o reverendo—. Como están os damnificados, señor Meiriño?

O de Meiriño recibira un mal golpe e durmía. O outro levantábase como podía, sen recibir axuda de ningúnen e apertaba os riles con xesto dorido. O reverendo comezaba xa a endereitarse coa súa increíble lentitude.

—A úlcera, irmán. A moi ingrata! Sempre pretende estragar os mellores momentos— lamentou—. Necesito contraatacar.

O camareiro cumpriu con presteza o encargo que lle fixo o xesuíta, vixiado en todo momento por Meiriño. O reverendo largou un pelotazo á súa úlcera e lanzou un berro descomunal mentres o alcohol lle abrasaba o receptáculo estomacal. Permanecía dobrado outra vez e, máis que suxeitar o caralavada, utilizábao como punto de apoio.

—Pero que cabróns mal nados sodes, cago no mesmísimo pai do misterio—maldiciu outra vez Gaiarre—. Virse divertir o día que enterran a meu pai!

—Señoritas—foi falando o reverendo en tanto se incorporaba—, supoño que non é preciso que lles diga que son vostedes vítimas do tráfico máis noxento.

—Que se grava cun imposto especial de luxo, non é así, reverendo?

—Exacto— o reverendo endereitábase de novo coa súa increíble lentitude—. A escravitude da carne ó servizo da opulencia. Meu Deus, non coñezo nada peor que servos inconscientes da súa condición!

O cura disparou outro pelourazo contra a súa sublevación interna, convulsionou, alasou de novo coma unha mula e riu facendo fol cos labi-

os. Soltara xa o anticónxuxe e acomodaba o ardor das entrañas flexionando os brazos.

—Señoras e señores—anunciou Dimas Mir solemnemente—. Eu son o embaixador plenipotenciario das clases oprimidas de Centroamérica. Sinto que me encargaron unha misión imposible: avergonzalos a todos vostedes por manter, dentro da orde establecida, o tráfico da carne humana.

O padre Mir situarase de maneira que dominaba as rapazas e os paralizados clientes. Meiriño, ó outro lado, gozaba do mesmo privilexio. O macarra comezaba a espertar. Tiña moi mal aspecto.

Os clientes atariñaban. Ó parecer, aínda non daban decidido que todos eles tivesen que obedecer cegamente a dous tipos sós por moi grandes que fosen, sobre todo un deles. As coelliñas, no entanto, constituíranse en francas espectadoras. Sentaran case todas do mesmo modo, coas pernas moi xuntas, os cúbados nos xeonllos e o queixo na palma das mans. Meiriño sorprendeuse de que non houbera ningún borracho alí agás eles dous.

—Cabróns, foder, que sodes uns cabróns!—berrou Gaiarre chorando coma unha Madalena—. Quen me pon outra cervexa?

O padre Mir ouveou de novo e abrazou o estómago con ambos brazos.

—Reverendo, non amole, eh?

Meiriño acentuou a atención. O reverendo comenzaba a ser motivo de preocupación. Nunha desas botábanselles encima, por pouca coraxe que as súas vítimas fosen capaces de xuntar.

—Tranquilo, irmán, que a min non se me dobreza así como así.

Meiriño, como tantas outras veces, actuou á inversa do que a situación aconsellaba.

—Non me gusta tanta paz— dixo—. Imos ver, cago no leite negro, e que aquí non hai un só tío que teña sangue quente? Dúas hostias e xa tododeus parado? Reverendo, vai quedar sen a súa loita; síntoo.

O que fora empuxando contra ó mostrador polo reverendo continuaba estirando os riles. Dixo:

—Estamos desorientados. Non sabemos se son policías ou se se trata dun atraco.



—Trátase dunha redada ecuménica, cabaleiro—aclarou unha vez máis o xesuíta.

—Ímoslles aplicar un imposto de luxo sobre o pecado, non é así, reverendo?

—Xusto. Veño dunhas terras onde o pecado non ten nin sentido. Non se pode absolver á xente de que a fagan vivir como animais.

Meiriño avanzou un paso máis cara á apoteose. Fundiu as mans nos petos traseiros do pantalón e comezou a camiñar diante dos clientes aliñados, arrandeándose e mirándoos con raposería.

—Reverendo, aquí non hai un só tío que valla un peso. Playboys de merda, iso é todo canto hai. Conquistadores de talonario, contratadores do amor mercenario. Aquí exercen a potenciación do macho, reverendo. Este fato de cretinos coidan que son uns tirafemias irresistibles porque unhas porfesionais do asunto lles dan palique a cambio da comisión sobre as súas consumicións, de catro beixos mal administrados e dunha palmada no cu, aínda que neste caso o cu teña rabo. Logo, se queren, mollan previo pago.

Era de esperar. Un dos homes abalanzouse sobre Meiriño. Ou estaba acostumado a pegar ou lle axudou a fortuna. Alcanzouno en plena mandíbula e Meiriño xirou coma un peón dúas ou tres veces e parou en seco ó chocar contra a baranda que delimitaba o recinto das mesas.

—Toma, carallo!— celebrou Gaiarre con entusiasmo—. Mágoa non te tundisen como a unha alfombra, cabrón!

Meiriño sacudiu a cabeza para espantar as sombras, mirou as rapazas, chiscou un ollo cara ó conxunto e propinou un bo trago ó primeiro vaso que encontrou á man. Estabilizouse, sacou peito e adoptou unha actitude puxilística. Pero o que lle pegara contemplaba o seu puño con verdadeiro asombro.

—De verdade que eu non...— dixo—. Síntoo, de verdade.

—Non se lamente, amigo. Pida axuda, se lle convén. O reverendo arde en desexos de facer exercicio. Veña, homes a min. A pelexa limpa, non valen golpes baixos nin patadas nin meter os dedos nos ollos nin morder. Imos alá!

Meiriño, coa garda alta e rotatoria, bailaba diante do seu conster-nado agresor.

—Nada. Non hai maneira— o reverendo aproximárase a Meiriño. Puxo unha man no seu ombro—. Mellor marchamos, señor Meiriño. Pagas isto?

—Cando hai camorra gústame que me inviten.

—Daquela ímonos sen máis. Quero respirar aire puro. Non foi unha experiencia demasiado reconfortante, pero en fin teño vivido cousas peores. Boas noites.

Ningúen contestou ó seu saúdo nin ninguén interceptou a súa saída. Gaiarre saíu detrás deles, coas mans nos petos e meneando a cabeza con aire de desolación.

—Sabes conducir?

—Home, reverendo! Acaso non me encontraba ó lado dun automóbil cando vostede me recolleu hai xa século e medio?

—Precisamente, señor Meiriño, precisamente— a sucesión de parafu-sadores e a sublevación da úlcera escoraran ó reverendo. Camiñaba como se se lle soltasen todas as bisagras. Chegara ata o seat escangallado e apoiábase nel—. En menos de sesenta quilómetros tiñas escarallado o teu automóbil e a min, cun cacharro de merda, con perdón, aquí me tes.

O padre Mir encollía e estiraba todas as engurras da súa cara pro-ducindo os clásicos acenos dos borrachos impenitentes.

—Que trompa teño, meu Deus!— exclamou entre refolgos, convul-sións e risas de fol—. En Vigo hai praias? Anda, conduce ti. Lévame a unha praia. Quero respirar o aire do mar.

Meiriño recolleu as chaves que lle ofrecía o xesuíta, forcexou con escasa seguridade coa pechadura do coche e acomodouse diante do volante. As luces ondeantes e fuxidías da cornixa apagáronse de golpe. Entón decatouse de que xa clareaba. Prendeu un pito suxeitando o chisqueiro con ambas mans e xirou a chave no contacto con audaz determinación. O coche xemeu en ton agudo e agónico durante un bo anaco, antes de acender.

—Xa está— proclamou Meiriño o seu triunfo—. Imos a Samil, reverendo.

—Á merda é onde imos ir— rosmou Gaiarre—. O cura fundiuse.

Dimas Mir tombárase boca arriba en toda a súa dimensión sobre a beirarrúa, cos brazos abertos e as pernas xuntas. Meiriño acercouse a el e sentou no chan ó seu lado.

—Déixese de lerias, reverendo, que nos vai levar o laceiro.

—Pide auxilio, irmán. Que me leven á Irmandade Sacerdotal. Quero morrer nunha cama cristiá. Pide auxilio señor Meiriño, que eu morro.

O resto dos ocupantes da barra americana ían saíndo en grupos desiguais. As últimas en saír foron as mozas, acompañadas dos dous camareros que suxeitaban ó maltreito macarra. Ningún dixo nada, aínda que todos miraron ó xesuíta e a Meiriño no chan. Meiriño non lles prestou máis atención cá aconsellable por se as moscas e deixounos ir sen facer ningún comentario. O reverendo continuaba alasando e rindo coma un equino. Levantou canto puido a cabeza. Mirou ó redor e logo ó ceo.

—Que papelón!— exclamou—.Imos a Samil.

Nas súas primeiras horas o día encerraba a promesa de calores xenerosas, a pesar de que aínda corría unha brisiña fresca e algo húmida xunto ó mar. A praia, extensa e curvada coma unha gadaña, aparecía deserta. O reverendo baixou do auto e comezou a espirse sen máis. Correu cara á auga e choutou baixo a espuma das ondas con bo estilo. Nadou un longo treito perpendicular a orela, mergullouse, fixo a prancha, volveu nadar e, por último, estomballouse sobre a area. Meiriño, que se deitara tamén sobre da area, levantouse e sacudiu a roupa. Comprobou as súas perenzas nos petos do pantalón vaqueiro e achegouse ó padre Mir. Encrequenouse xunto á súa cabeza. Gaiarre, sentado a certa distancia riba da area, contempláboas con cara de melancolía.

—Ben, reverendo; chegou o momento da despedida. Teño que levar a este malpocado ó enterro do seu pai. Antes teremos que amañarnos un pouco, non imos ir así.

—Menos mal que o lembrás, cabrón.

O xesuíta incorporouse sobre os cóbados.

—Pero agarda, ho, que me visto e lévovos eu. Ademais, teremos que almorzar.

—Prefiro ir camiñando ata o centro de Vigo para acabar de despexarme—retrucou Meiriño—. Ti que dis, Gaiarre?

—A min éme igual. O que quero é ver a miña nai.

O padre Mir incorporouse un pouco máis.

—Pero teño que celebrar o funeral do teu pai, home. Non quedaremos niso?

—Non se preocupe, padre. A verdade é que non o imaxino a vostede dicindo misa na miña aldea.

—Como queiras. Ben mirado, pode que teñas razón. Hai que ser moi respectuoso cos atavismos rurais. Ben, nese caso, ata á vista, señores.

—Adeus, padre—dixo Gaiarre levantándose e saíndo do areal co seu aire de dolor.

Meiriño estreitou con forza a man do reverendo, apertouna durante uns segundos, púxose en pé con ela aínda suxeita e, por fin, afastouse lentamente da praia. O xesuíta incorporouse algo máis e permaneceu mirando como se afastaban ata que os perdeu de vista.

## 2

Andaba xa ben entrada a noite cando Mexuto atopou a Meiriño. Díxolle que tiña un traballo para el.

—Teremos que viaxar ata Vigo— díxolle—. Amáñate pronto que volvo por ti e largamos.

—Agora? — replicou Meiriño, sinalando co indicador a esfera do seu reloxo—. Se saímos agora chegaremos a Vigo de madrugada.

—Non importa; en realidade iso é o que queren, que cheguemos de madrugada. Unha visita discreta, iso é o que queren— insistiu Mexuto.

Mexuto pasou recollelo no seu extraordinario mercedes azul escuro que tan intolerable lle resultaba. Revolvíalle a bile, non o podía evitar. Viaxaron ata Vigo en silencio. Meiriño durmiñou durante toda a viaxe. Mexuto aparcou na rúa Marqués de Valladares, deserta e sumida nunha mesta calor húmida. Camiñaron un pouco ata un dos edificios máis altos. Pulsou un chamador e o resorte da porta saltou sen que ninguén contestase. O ascensor levounos, aínda en silencio, ata o último andar. Estaban a esperalos coa porta aberta. Un homiño case diminuto, con impecable traxe negro e gravata gris, agardábaos enmarcado no rectángulo vertical da porta. De acordo co seu costume de se fixar en todo, axiña reparou Meiriño en que o brillo dos seus zapatos mínimos resultaba case ferinte.

—Síganme— pediu o ananiño enloitado—. O señor Crespo espéraos na terraza.

O bigote rectilíneo, apegado ó labio coma unha eiruga, apenas se movía cando falaba.

O señor Crespo parecía un vello de aspecto decrepito e crebadizo, dunha idade moi difícil de determinar. Meiriño tratou de calculala mentres se acercaba a el, precedido polo homiño mouro e por Mexuto. A escasa luminosidade da terraza entorpecía os seus cálculos. O señor Crespo estaba sentado nun mexedor de madeira debaixo dun toldo de

lona con franxas brancas e encarnadas rematadas en ondas colgantes. Meiriño decidiu, parado xa diante del, que o seu aspecto físico, o do seu rostro consumido e transparente, e o das súas mans esqueléticas, en verdade semellaba intemporal. En calquera caso, o conxunto da súa figura era anacrónico e inesperado. O señor Crespo vestía, como puidese moi ben facelo calquera veraneante do 1900 en Venecia ou na Costa Azul, un traxe branco inmaculado, con chaleco. Cubría a súa cabeza, a pesar da hora, cun fermoso sombreiro da mesma cor, cunha curvatura moi ben traballada nas abas anchas. Non levaba gravata e o seu pescozo de pito esfameado engurrábase detrás do botón da camisa, branca, por suposto. Cabía esperar uns zapatos abotinados, brancos e negros, con botóns ó lado, pero o vello calzaba unhas horrorosas zapatillas de fieltro grosso e peludo, bastante luídas, moito máis verosímiles, sen dúbida, nos pés dunha fondista barata con xoanetes. O mexedor do señor Crespo quedaba algo separado e oblicuo en relación á mesa que había debaixo do toldo. Varias cadeiras, de madeira e con asento de enreixado, diseminábanse pola terraza, sen ningunha orde preconcebida ou cunha desorde intencionada.

—Senten. Collan unha cadeira e senten— dixo o señor Crespo—. Se desexan tomar algo, díganllo agora ó señor Juárez e servirallo. Poden tomar café ou algún licor, se lles apetece. A non ser que prefiran comer algunha cousa.

Juárez volveu cunha cafeteira e un par de botellas e o servizo necesario, e dispúxoo sobre a mesa.

—Cal dos dous é Meiriño? – preguntou o vello.

—Eu.

—Non sei por que, pero supúxeno desde que o vin. Juárez, o meu secretario persoal, é quen se encarga dos meus asuntos. Esta vez fíxenos vir a vostedes porque a cuestión aféctame dun modo directo; é cousa miña, totalmente miña, comprenden?

A voz do señor Crespo non se correspondía co seu crebadizo aspecto. Era unha voz de baixo, dotada dunha magnífica impostación natural e nada débil.

—Señor Meiriño, vostede é investigador privado, non si? Xa, xa sei— cortou o vello cun xesto o arranque da protesta do aludido— que lle quitaron a licenza. Refírome á súa capacidade para investigar, non á súa licitude para facelo.

—Nese caso— admitiu o interpelado baixo a aprobación de Mexuto—, está ben, son investigador privado.

O señor Crespo, asentiu varias veces cos ollos pechados e as mans esqueléticas repregadas sobre o peito, unha sobre a outra. Permaneceu así, reconcentrado, ausente, durante un espazo de tempo que Meiriño aproveitou para dar uns cantos sorbos ó seu fumegante café sen deixar de estudalo con suma atención por riba da taciña.

—Señor Meiriño— os ollos do vello eran dúas agullas xeadas—, é vostede crente?

Meiriño volveuse cara a Mexuto coa máis absoluta perplexidade instalada dentro e fóra do seu rostro. Mexuto indicoulle calma e compostura cun xesto duro. Logo mirou ó homiño mouro, inmóbil, citrino como unha momia, que lle devolveu a mirada, non obstante, cos seus ollos cargados dun aire retranqueiro.

—Déixeo— atallou o vello calquera posible resposta—. En realidade non importa nada o que vostede sexa. Eu si son crente, señor Meiriño. Hai xa moitos anos que decidín ser crente. Con toda a inocencia e a simplicidade dun neno que se preparase para a súa primeira comunión. Podo recitar o Credo da Igrexa Católica, Apostólica e Romana, aseverando que asumo firme e formalmente todas e cada unha das afirmacións que contén, por máis reviradas que sexan. Así pois, creo, entre outras cousas, no xuízo final. No de todos, á fin dos tempos, e no particular de cada un de nós cando chegue a nosa hora. Creo no ceo, no inferno e no purgatorio. A miña está próxima; quero dicir, a miña hora. Vese con claridade, non lle parece, señor Meiriño?

Meiriño agradeceu a caricia da brisa suave que chegaba do mar, saltando por encima do Náutico e da Praza de Compostela, e que refrescaba o seu desconcerto e o seu incipiente malhumor.

—Déixeo, señor Meiriño— volveu conceder o vello—. Creo no xuízo

final, si, señor. Imaxínoo como a absoluta lucidez, repentina e ineludible, de todo o bo e de todo o malo que un teña feito no transcurso da súa vida. Así é como o imaxino. Non se me ocorre un Deus iracundo sinalando co seu índice cheo de cólera o camiño do inferno. Cada un tomará o camiño que lle toque sen máis. Que lle parece, señor Meiriño? Déixeo, déixeo. Esta manía miña de facer preguntas!

O señor Crespo separou as súas mans e fregou os brazos pulidos do seu mexedor. Durante uns segundos pareceu cavilar. Logo mirou cara ó ceo.

—¡ Que fermosa está a lúa esta noite!— exclamou e moveu as mans como se elevase unha ofrenda á esfera sonrosada e pletórica—. Así penso eu que a ser o xuízo con toda probabilidade. A autoconciencia inapelable do ben e do mal, núa, establecida xa para sempre. Pero isto ten que ir acompañado necesariamente doutra cousa: o coñecemento, o pleno coñecemento de todo o habido e por haber.

O vello gardou silencio outra vez. A súa bonita voz conservábaa enteira. As forzas víñanlle escasas. Servíase das pausas para tomar alento, para dosificar o esforzo, xusto para que non se lle crebase a fala.

—¿ Detívose vostede algunha vez a pensar nas sorpresas que poden agardar a cada un de nós cando cheguemos ó outro lado, señor Meiriño, cando, de forma definitiva, accedamos ó pleno coñecemento?

O vello señor Crespo desfixera a súa postura repousada e empuxaba a súa pregunta co corpo adiantado cara a el. Meiriño engulira todas as súas palabras sen máis repouso có que o seu interlocutor quixo outorgarlle. Nalgunha ocasión as súas frases, vertidas cun falar lento e coidado, trasladárano ata á súa infancia e recordouse a retallos sentado nos bancos da igrexa parroquial do seu barrio lugués, acomodando a súa cabeciña de sete anos á nova arquitectura vital que lle propoñía con moita énfase a monxa encargada da súa preparación relixiosa. A monxa en cuestión lucía aínda amplas toucas amidonadas e caveiras de pasta colgadas sobre os faldróns do seu hábito mouro. Que lonxe quedaba todo aquilo! Meiriño púxose en pé, desconcertado e irritado. Mirou a Mexuto con mala cara e este devolveulle unha petición de calma. Non se saca a un cristián da cama e se lle fai viaxar durante case tres horas no



máis profundo da noite só para que escoite a disertación dun pobre vello preagónico sobre o xuízo final.

—Resulta enxeñoso, señor— dixo—. Pero...

—Pero – atallou outra vez o señor Crespo con viveza— iso non debería perturbar a fe dun crente, non si?. Talvez.

Agora foi el quen pareceu rumiar a seguinte afirmación. Elevou a mirada ata deixala practicamente en branco, cerrou os ollos en sucesivos pestanexos e axitou de novo as dedas dentro das zapatillas.

—A min pertúrbame— dixo, buscándolle de novo os ollos—. A miña muller chamábase Ofelia.

—Chamábase?— preguntou Meiriño nunha reacción automática diante do inesperado xiro das palabras do vello.

—Eu tiven unha muller, señor Meiriño— o vello volveu extraviar a mirada nalgún punto por debaixo da lúa—. Unha muller nova, creo que moi fermosa, á que amei con intensidade, á que continuo a amar despois de perdela para sempre. A miña muller faleceu hai xa algún tempo.

—Accedeu ó pleno coñecemento— sentenciou Meiriño, sen saber aínda a onde quería levalo o vello aquel.

—Xusto. Accedeu ó pleno coñecemento. É a vantaxe que me leva. Ela xa o sabe todo sobre min— o vello buscoule outra vez os ollos cos seus ollíños lacrimosos—. Non quero chegar xunto dela en desvantaxe. Comprende?

—Comprendo e non comprendo, señor.

—Explíquese, por favor.

—Perdoe, pero creo que é vostede quen debe explicarse. Explicarse máis, quero dicir. Vostede quere facerme unha proposta, se non, non me tería chamado. Dígame o que quere e daquela seguro que o entenderei todo.

—Sente, por favor. Voulle facilitar algún datos para que poida iniciar o seu traballo. Arrinque de aí e continúe despois segundo o seu propio criterio. Unha porta abrirá outra, xa o verá. Axúdeme, meu querido amigo. Reconstrúa para min a vida da miña muller. Todo o que ela foi sen que eu

puidese sabelo. Sen que eu poida sabelo xamais, mentres non acceda ó pleno coñecemento. Quero chegar aló sabéndoo.

—Perdoe a pregunta, sospeitaba vostede da fidelidade da súa muller?

O vello acolleu a impertinencia cunha mirada achinada, dubitativa, e prolongouse nunha pausa chea de visibles contradicións xestuais.

—Que pode importar iso?— concedeu por fin—. A dúbida é posible a pesar da confianza. Investigue, señor Meiriño. Por orde cronolóxica. A partir de 1969. De aí para atrás nada me interesa. Ela era libre daquela.

Meiriño sentara, atendendo o rogo do señor Crespo. Volveuse levantar e paseou pola terraza para afundir a quenturenta cabeza na fesca brisa.

—Investigue, señor Meiriño— insistiu o vello— satisfaga a miña ansiedade. Aceptaré o meu encargo?

—Si, señor; por suposto que o aceptará— decidiu Mexuto por el—. Non hai home mellor que Meiriño para unha investigación deste tipo.

—Iso espero. O señor Juárez acompañaraos ata a porta. El facilitaralle os datos que precisa para iniciar as súas investigacións, señor Meiriño. Tamén ten instrucións sobre os honorarios. Cando pense que finalizou o seu traballo, fágame chegar un informe. Por escrito.

Meiriño non se despediu. Temeu que no canto dun saúdo ceibase un exabrupto. Botou a andar detrás de Mexuto, que á súa vez camiñaba detrás de Juárez. O vello señor Crespo quedou só na terraza.

Descenderon, Mexuto e mais el, no ascensor sen cruzar palabra. Meiriño levaba unha bomba a punto de estourar nos seus adentros. As ganas que tiña de zurrarlle a badana ó cabronazo de Mexuto! O tempo que facía que andaba a reprimilas! Mentres o ascensor descendía cun zuñido suave, mirou ó avogado de esguello, esforzándose por conter o seu mal humor. Mexuto, así e todo, mantiña unha actitude de calma absoluta. Suxeitaba coa man dereita, apoiado sobre o peito, o dossier que o diminuto secretario lle entregara cos datos relativos á investigación. Manteivo o silencio ata que xa estaban case xunto ó coche. Daquela re-bentou, por fin.

—¿ Pero que diaños é isto, Mexuto? ¿Para isto fasmé vir ata Vigo?

Mexuto nin se inmutou, o que aínda o alporizou máis. Abriu as portas do seu mercedes intolerable e Meiriño experimentou unhas ganas case irreprimibles de learse a patadas, só para crocalo, nada máis.

—Cago en...! Queres explicarme que collóns é toda esta historia do xuízo final e o pleno coñecemento e...?

—Acouga, ho. Acouga. Cando che falei eu, eh, cando. Aquí hai moita pasta, rapaz; moita pasta. E o traballo xa o ves, unha bicoca. Non sexas parvo. Podes escribir o informe que che piden sen moverte do teu cuarto. Quen vai contradicirte? Escribes a historia de Ofelia para o vello tolo ese, cobramos e en paz. Anda, sube. Imos tomar unha copa por aí. Algún sitio haberá aberto.

Manolo Meiriño decidiu almorzar no Bar Taller. Cando espertou, cerca das once, aínda tiña atravesado nos adentros todo aquel conto da comunión dos santos e a vida do mundo futuro amén. Pareceulle boa cousa botalo fóra cun dos magníficos bocadillos que o Abelairas preparaba no seu bar. Chegou nun deses raros momentos, que o taberneiro chamaba de tregua ou de transición, nos que no bar non había ninguén. O local estaba fresco en contradición coa calor áspera do exterior. Daba gusto ver ó Abelairas cortar o xamón. Había quen se queixaba de que o cortaba moi fino. O xamón hai que córtalo fino por definición. Calquera xamón. Non digamos xa os xamóns suadiños da Ruta da Prata. Pero os xamóns do Abelairas eran especiais. Estaban sempre a chorrear, deramándose por calquera fisura, por calquera regaña da febra que se abría ó paso da finísima folla do coitelo.

O saúdo foi breve, como sempre. Manolo Abelairas toleraba ben a Meiriño, pero gardaba as distancias, e el, ben o sabía, non era para a súa mesa. Sentou na primeira cadeira xunto á porta acristalada e gris. Realmente, un daqueles bocadillos confortaba a calquera; pero non era só o apetito ou a gula sen máis o que o encamiñara ó Bar Taller. Manolo Abelairas era un bo interlocutor. Sabía escoitar e falaba con xusteza. E Meiriño desexaba falar. Precisábao. Observou ó Abelairas mentres labra-

ba láminas zumentas sobre unha bandexa redonda de aceiro inoxidable. Manexaba o coitelo coa mesma soltura que un barbeiro antigo a navalla a barbear.

—Oes, Manolo— Meiriño tivo que sorber a auga que manaba dentro da súa boca para deixar sitio ás palabras—, ti que es medio filósofo, dime unha cousa, ho. Que pensarías se un tío che ofrece montes e moreas por investigar a vida dun morto?

—Machiño, iso vense facendo desde que se inventou a Historia!

—Xa, xa; pero se se trata de escaravellar na vida da túa propia muller morta, que?

Manolo Abelairas deixou de cortar xamón e mirouno co coitelo na man dereita e o pernil despezuñado na esquerda. Ante el estendíase a encimeira de mármore brancofume do mostrador, formado por táboas agargaladas pintadas de cor chocolate.

—A ver, a ver como é o conto. Quéresme dicir que alguén paga para que outro alguén escriba a biografía da súa defunta esposa ou estasme dicindo que lle paga para que abra unha investigación sobre o seu comportamento cando estaba viva? Porque a cousa cambia de carallo; xa me dirás!

—Eu digo, nin máis nin menos, que un individuo me encarga unha investigación sobre o comportamento, canto máis detallado mellor, da súa muller. Pero ela, en vez de estar viva, que sería o lóxico nun asunto de cornos, por exemplo, leva morta non sei cantos anos.

—Como mellor están os mortos é enterrados— a rotunda sentenza encheu uns segundos de silencio.

—Iso mesmo penso eu— Meiriño non quitaba ollo ó exacto vaivén da folla de aceiro adelgazada por mil afiaduras—. Pero hai un tío, xa digo, e forrado, ademais, que paga para que investigue a vida da súa defunta.

Manolo Abelairas acabou a preparación do bocadillo. Casou con coidado as dúas codias de pan, envolveu a parte inferior cunha servilletiña de papel e ofreceullo. Meiriño levantouse para recollelo, esperou a que enchera un vaso alto de viño tinto que verteu dunha xerra barriguda, de vimbios impregnados de pez. Acabada a operación,

Manolo Abelairas regalouse cun ducados. Deulle un par de caladas e despois bebeu un trago pequeno dun vaso que tiña nalgún sitio debaixo do mostrador. Terciouse no espazo interior da barra cunha man no mármore e a outra na repisa posterior, que subía en escaleira pola parede, cun espello salpicado de lepra no medio. A repisa estaba ocupada por botellas postas de pé. A medida que ascendía as botellas eran máis antigas e estaban máis sucias. A algunha a cotra cubríalle a etiqueta. Pese a todo, recoñecíanse un par de botellas do vello coñac Tres Cepas.

—Seguro que cho dixen mil veces, pero estes xamóns teus son un prodixio— sentenciou Meiriño co primeiro bocado xa na boca.

—Pois aí os tes— respondeu o Abelairas cun xesto franco dirixido cara ó fondo do local e logo ó extremo da barra. Ó fondo, chantado no solo do cemento e logo no teito había un poste, vello e regañento, dunha madeira que Meiriño non soubo recoñecer, cravuñado con cravos de tamaño medio dos que colgaban varios xamóns crus—. Non hai misterio ningún. Só elixir ben o produto.

—Xa o sei. Non me refiro a iso. É o punto. Porque, que se pode dicir deste xamón? Está medio cru ou está medio cocido? Que se pode dicir?

—Pódese dicir que hai máis de cincuenta anos que neste local se preparan así. Nin máis nin menos. Aí están para quen queira miralos.

E así era, en efecto. Ó extremo da barra que sinalara antes, sobre una pequena encimeira de butano, dúas potas de bo tamaño fervían a lume maino. Nunha asomaba máis da metade dun xamón enteiro, da outra, a diversas alturas, sobresaían os extremos doutros dous a medio consumir.

—Claro, tamén se pode dicir que para comer o xamón é imprescindible que o porco estea morto— o Abelairas deu outra chuchada ó seu ducados e a súa cabeza arroteouna unha nubiña esfañada.

—Xa che dixen que eras medio filósofo, Manolo; non é preciso que te esforces.

—Non, non. Estou a pensar na morta esa que aínda segue a dar guerra ó seu home. Nela estou a pensar. Ó porco sácaselle proveito cando está morto, antes non. E non digo máis.

Meiriño gardou silencio ata que acabou o bocadillo. Aínda limpou as mans e a boca, e deu un bo trago ó seu vaso de viño tinto antes de dicir nada. Manolo Abelairas fumaba con calma os restos do seu cigarro e mirábao con raposería.

—Claro, ho— dixo, adiantándose ó seu ademán de romper a falar—; quen se vai poñer a remexer os ósos dos mortos se non é para buscar algo? E quen se molesta en buscar algo se non é para tirar algún proveito?

—Pareces Santo Tomé ligando siloxismos.

—Machiño, o que ben se aprende non se esquece. Premisa maior, premisa menor e conclusión. Non falla. Eu estou aquí a vender bocadillos, pero non te equivoques, eh? Teño os meus estudos feitos, e moi ben feitos. Numitorem et Amulium, tenuit duos filios rex Albanorum. Cornelio Nepote Vitae, de don Froilán López, egrexio latinista e temible profesor.

—Lémbroo. Suspendeume en quinto. Ou sexa, que segundo a túa opinión, a quen habería que investigar é ó home e non á súa defunta esposa.

—Pois claro, Meiriño, por favor!— Manolo Abelairas abríase nun xesto amplo de constatación absoluta—. Quen vai ir buscando detectives privados para que lle reconstrúan os feitos da súa santa que leva, un supoñer, a tira de anos dando malvas? Hai que ser ben retorcido para iso!

—Tes razón. Pero trátase dun vello millonario, un excéntrico. Tiñas que velo. Vestía como o meu bisavó nunhas fotos que teño na casa. E ten un secretario tal cal, pero en negativo. Quero dicir, coma nas fotografías, xa me entendes, un branco e o outro negro.

—Non o sei. O que sei, e perdoa que cho diga, é que ti es unha calamidade. Se te deixases de hostias e buscases un traballo normal. Non estabas ben na policía? Que problemas tiñas nunha cidade coma Lugo?

—Pero se me botaron, Manolo, carallo; non me veñas agora con iso.

—É verdade, esqueceráoo; perdoa.

E o Abelairas, quizais para compensar, serviulle outro viño sen que llo pedise.

Manolo Meiriño atopou a Gaiarre na súa cova. En cirolas, sentado sobre un caixón, remendaba a cueira do que, sen dúbida, era o seu único pantalón.

—Andas metido en algo agora mesmo?— preguntoulle.

Gaiarre ocupaba o baixo inmundo dun edificio bicentenario afectado de ruína e abandono, no medio e medio da Rinconada. Os veciños eran o celme da cidade. Media ducia de desafuzados de calquera esperanza, encouzados polas drogas e todos os males que podrecen o sangue xunto con elas; outras tantas putas imposibles e unha lexión de ratas e de ratos. Os ratos aínda gardaban algo de entrañable, de fogar arcaico ou ancestral, coas súas carreiriñas tímidas, furtivas, sempre esquinadas. As ratas resultaban repugnantes, sen máis. Asomaban por todas partes. Ás veces detíñanse a mirar, cos seus ollíños cheos de maldade, a quen se cruzaban con elas. A Rinconada do Miño, onde, desde tempo inmemorial, asentaba o barrio chino de Lugo, estaba constituída por unha maraña de calellas todas elas afectadas da máis implacable decrepitude. Hai quen di que as cidades van parellas á sociedade que as sustenta. As cidades son un produto burgués, sosteñen eses tales, e se a burguesía está podrecida, a cidade podrece tamén. Toda esta maraña de calellas, todo este conxunto de casaróns ruinosos que compoñían a cerna histórica da cidade de Lugo xurdira ó reclamo da catedral. Todas eran casas de clérigos de mediana ou alta posición, beneficiados ou cóengos, e de familias de avoengo. De feito pódense ver, aínda hoxe, varias casa brasonadas por alí.

—Non teño nada— respondeu Gaiarre—. Estou facendo de mendigo na porta da catedral.

Meiriño moveuse polo sórdido recinto onde o seu amigo instalara a súa tenda. Non tiña luz nin auga corrente, nin tampouco Gaiarre non se ocupara de facerse cunhas velas, unha lanterna ou un faroliño de gas. Nunha esquina había un cubo de plástico azul, ó que non se arrimou porque de sobra sabía o que podía conter. A casa ulía, igual cá rúa, como podería ulir un inodoro ó que non limparan xamais. Pero Gaiarre era o seu único recurso, a súa única axuda posible. Con Manolo Abelairas podía falar, pero sen pasar de aí. Só Gaiarre, en todo Lugo, podería brindarlle

algún apoio, tanto moral como material. As cousas eran así e así había que aceptalas.

—Eu teño un traballo— anuncioulle—. Creo que me van pagar ben. Buscoumo Mexuto.

—Ese cabrón!

—Si, pero, que queres? Sempre cumpre, aínda que racanee un pouco, e é o único que se lembra de min.

Gardaron silencio durante un bo anaco de tempo. Fóra oíanse as voces excesivas das mulleronas que vendían o seu amor ós desesperados.

—O que pasa é que se trata dun asunto máis raro có demo— continuou. Un vello que parece máis morto que vivo, viúvo desde sabe Deus canto, empeñouse en reconstruír a vida secreta da súa santa esposa. Quere chegar ó outro lado, como di el, ó outro lado, sabéndoo todo, porque ela xa o sabe. Ti viches cousa ó paso?

—E a ti que carallo che importa o que quere o tío? Ti fas o que che piden, cobras e en paz.

—Iso mesmo di Mexuto. Mesmo me insinuou que nin me movese sequera. Que invente todo o que o tolo ese quere saber, e a pasar a minuta.

—Home, non sei! Que queres que che diga? Iso ten os seus riscos. Poden descubrir a fraude, e ó mellor se cabrean.

De novo o silencio pousou na fetidez da cova. A Meiriño custáballe respirar fondo. A acritude do aire no cuartucho mancáballe o peito.

—Son case as dúas, imos tomar algo por aí?— propuxo.

—Uns callos ó Cotá?— aceptou Gaiarre.

—Van caer moi cerca os callos e o xamón do Taller, pero, vale. A ver se encontramos sitio. E non te preocupes, hoxe invito eu.

Tomaron dúas racións de callos cada un e medio queixo fresquiño, do día, con marmelo. E tres botellas de viño de Pantón. Logo café con augardente e un farías.

—Mira—dixéralle Gaiarre nalgún momento, mentres comían, mentres desfacían coa culler a xelatina da pata da tenreira en anacos pequenos



antes de levala á boca acompañada de garavanzos e do prebe pegañento e avermellado—, o que che dixo o Abelairas está moi ben, pero a ti non che serve para nada. Como te vas poñer a investigar ó teu cliente? A quen se lle ocorre? Ti queres cobrar, non? Que pode haber gato encerrado? Ben, non digo nada. Pero a tía está morta, non? Pois falamos con ela, a ver que nos conta.

Meiriño quedou coa culler suspendida no aire e a boca aberta, conxelado o xesto de comer, mirando incrédulo ó imprevisible Gaiarre.

—Si, home. Non te poñas así. Contratamos unha sesión de espiritismo e que nos conte a morta esa o que quere saber o seu home. E xa está.

—Estás de broma, claro.

—Non, señor. Coñezo a persoa idónea para o que andamos a buscar. A Mamita Mulata. É unha bruxa cubana que non falla á hora de convocar defuntos. Non falla. Vinlle facer cada cousa que pon os pelos de punta. O malo é que sempre lle sae un bispo da Idade Media que non fai máis que cagarse na súa nai.

—Na nai de quen?

—Na súa propia. Un bispo. Unha vez pasou toda a sesión chorando e cagándose na súa nai.

—Estás de broma.

—Onde para a bruxa esa?— preguntou Meiriño. Gaiarre tardou en contestarlle. Subían xa cara a Santo Domingo sobre os lastros da sempre desolada praza da soidade. Gaiarre, minúsculo ó seu lado, escaravellaba aínda os dentes cun escarv dentes. O tempo, machucado polo sol canicular contra as pedras do antigo convento de San Francisco, eternizábase inmovilizado nun bocexo lento e enervado, igual có propio espírito da cidade.

—A bruxa— insistiu cun pico de impaciencia na voz—. Por onde para?

—Preto de Ramil. Nunha casiña algo afastada da estrada que foi do seu avó.

—Pero non dixeches que era cubana?

—Coñeces algún cubano que non teña algún avó galego?

Gaiarre deixara de furgar na dentadura. Facía pasar o mondadentes dun lado a outro da boca remexéndoo coa lingua. Camiñaba ó seu lado coas mans afundidas nos petos traseiros do seu pantalón vaqueiro, cun xesto relaxado, plácido, de absoluta despreocupación. Meiriño deixou que o adiantase unha miguiña para observalo.

—Meu Deus!— dixo. Que aspecto máis lamentable tes, Gaiarre!

O outro riu como se lle acabase de facer unha graza.

—Vas ter que coidar un pouco o teu aspecto. Prexudicas o meu prestixio, non comprendes?

—Si, home, si. Se queres, pónome a pedir vestido cun smóking— Gaiarre mirábao como se mirase a un tolo—. Como imos ata aló? Collemos un bus?

—Que bus nin que carallo! Imos nun taxi.

—Pero non dixeches que é un traballo para Mexuto?

—Si, pero neste traballo cobro dietas e todo. Non por Mexuto, claro. Foi o propio cliente quen o estableceu así. Quere que me poida mover con enteira liberdade. É necesario que vostede se mova con enteira liberdade para acadar o bo fin das súas investigacións, señor Meiriño. Así foi como o dixo. Señor Meiriño.

—Non me estraña nada que andes escaldado.

Os taxis durmían á sombra da aguia imperial máis absurda do mundo, que veu parar a Lugo polos inescrutables designios da Historia. Os taxistas formaban grupo abeirados á sombra cativa e vertical dos edificios. O que estaba de vez mediunos coa mirada. Quizá valorase o contraste das roupas e das tallas. Gaiarre non quitaba nunca de encima o seu uniforme de mendigo. Así podía exercelo en calquera momento, en calquera esquina. E el naquela ocasión ía bastante apañado.

—A onde?— preguntou o taxista.

—Dille onde imos, anda.

—Vostede lévenos ó alto de Ramil. Alí xa nos amañaremos nós.

O auto arrincou con desgana. Gaiarre seguía a xogar co escarvadentes, que xa era case un amasillo empapado de saliva. O taxista levaba unha gorra gris e un pito sen filtro prendido na orella. Manolo Meiriño dedicouse a enganar o sono que irritaba os seus ollos contemplando o fragmento do rostro do taxista que reflectía o espello retrovisor. Un anaco de fronte, o arco suave dunha cella, un ollo rodeado de engurras, o empece do nariz, a depresión da órbita antes do pómulo.

O taxi deixounos na beiravía da nacional VI, xunto ó arranque dunha pista estreita que se internaba na verdura. Era unha cinta azulada, ondeante, rodeada aínda de verdor a pesar do avanzado do verán. Campos de trigo ou anchos herbais espaxiábanse ós lados, salpicados por algunha que outra árbore frondosa e solitaria. A hora propiciaba aínda o silencio mesto das sobremesas campesíñas, cando nin sequera os grilos se deciden a cantar. A calor era abafante. Avanzaron polo medio dos trigos e das herbas de cabezas dobregadas polo peso dos grans. Gaiarre co seu aire de despreocupación absoluta ou de confianza absoluta, quen sabería dicilo. Meiriño preguntándose a cada pouco que podería ser o que xustificase a súa presenza alí. Ó salvar un verde relanzo, apareceu a casa que buscaban. Gaiarre mirouno cos ollos avivecidos e confirmoulle o achado cun movemento do queixo. Era unha casiña cadrada, dunha soa planta, de paredes brancas e tellado azulado de lousa. Conforme se achegaban á casa, facíase máis patente o xemido atafegado dun xergón.

—Gaiarre, aí están botando un polvo.

—Non me estrañaría nada. Os cubanos sonche moi quentes, xa sabes.

E, ademais, era a hora da sesta, ameceu Meiriño pola súa conta. Hora ben propicia para a resurrección da carne.

—Agarda aquí. Vou preparar a Mamita.

Gaiarre adiantouse ata á ventá da casa, que estaba aberta, e asomouse dentro apoiado no peitoril. Un home longo, delgado e crebado coma un garabullo de leite, cabalgaba, en efecto, a Mamita Mulata. Mentres o galo aquel turraba xemidos ó xergón, a Mamita daba conta dunha fermosa mazá colorada e zumenta, como se a cousa nada tivese que ver con ela.

—Ai, Gaiarrito, que gusto de verte!— exclamou a muller ó velo aparecer na ventá— Volvícheste acordar de Mamita Mulata, mi niño!

O fornicador navegaba febril nas inmensidades do corpo da mulata, cuberto por unhas roupas rechamantes, floreadas e revoltas.

—Ola, Mamita. Traio un amigo que ten unha necesidade.

—Agarda, mi niño, a ver se quito a este pendello de encima.

Alleo a todo isto, o amante enfebrecido continuaba a súa faena. Cada empuxón seu provocaba ondas debaixo das flores de tela nas graxas case líquidas da enorme mulata.

—Ben, vale xa— a cubana remexeu as súas carnes opulentas e o amante devecido foi parar ó chan—. Ala, fillo; que ti es dos que non acabas nunca! Tes máis alcohol no corpo ca un barril de ron e así non hai maneira.

Gaiarre asentiu moi serio, movendo a cabeza. O frustrado galán, aínda por terra, protestou:

—Isto é incumprimento de contrato! Acordamos ata a completa satisfacción!

—Anda, tío; que os teus amores son máis longos cós dun sapo. Lisca de aí e non enfades a Mamita Mulata. Lisca!

A bruxa estaba xa en pé cunha vasoira na man.

—Farei saber por aí qué clase de profesionalidade é a túa.

—Fóra, cago na sombra, que te tundo!— bramou a bruxa que arreou unha vasoirada nas escuálidas costelas do desairado fodechón

O home longo e desastrado abandonou a casa mentres remataba de vestirse. Mirou a Meiriño cando se cruzou con el, acollido á sombra dun plataneiro, a catro ou cinco metros da casa.

—Maldita sexa a hora na que caeu o muro de Berlín! O Estado retrocede, señor meu. O cidadán, indefenso ante a oligarquía do diñeiro, fica desprotexido. Ningunha actividade debería quedar sen regulamentar— dixo tratando de controlar a súa máis que dubidosa verticalidade e o dominio da súa lingua rebelde—. Porque, dígame vostede, cabaleiro, agora, perante quen presento eu a miña queixa?

—Meiriño, achégate— chamouno Gaiarre e acercouse, impaciente, a recollelo baixo a sombra da árbore, mentres el observaba a desbaratada loita por afastarse do coitado amante contrariado. Semellaba a burriña da canción: dous pasiños para adiante e outros tantos para atrás. Acudiulle á cabeza o recordo dos pobres cans enganchados que tanto el coma os seus amigos perseguían a pedradas cando nenos, sen que os malpocados animais puidesen facer outra cousa máis que entorpecerse mutuamente a fuxida, tirando cada un para un lado diferente.

—Anda, ven. Vouche presentar a Mamita.

A cubana saíra un par de pasos fóra da porta da casiña. Aínda levaba a vasoira na man, como se fose un báculo. Observouna, cuberta de gritos de cores, cun pano anoado sobre a fronte igual cás negras dos anuncios de café, e a cara, redonda coma un balón de baloncesto e dunha increíble color de betume.

—Que é isto, Gairre?— rosmou ó oído do seu amigo—. Parece unha mona de pascua.

—Anda, ven. É a Mamita Mulata. Quen mellor pode axudarche, Meiriño, faime caso.

—É este o teu amigo necesitado, Gaiarrito, amor?— dixo a negra cunha voz na que esvaraban cuspes de augardente—. Moito mozo para a Mamita parece. Ti explicácheslle ben quen era eu?

—Non vén a iso, Mamita, non hai coidado—aclarou Gaiarre—. Necesita falar cunha morta.

—Ah!— a mulata púxose seria e apoiou a vasoira na parede, xunto á ventá—. Non digas morta, Gaiarrito, mi amor. A morte non existe. Trátase tan só dunha permutación dimensional, mi niño.

—Ben, daquela aquí o meu amigo necesita falar cunha permutada. É moi importante para el.

—Vinde— a mulata precedeunos dentro da casa. Meiriño agarrou a Gaiarre por un brazo con moita máis violencia da que sen dúbida esperaba o seu amigo.

—Cago no leite negro, Gaiarre! Que diaños é isto? Esta foca fala coma

nas telenovelas venezolanas e ten tanto de cubana coma min... Se do pescozo para abaixo é máis branca ca un queixo do día!

—Non te me poñas melindroso, Meiriño. Vou xogar eu contigo? Fai o favor, home!

Nun cuarto pequeno, fronteiro ó dormitorio de antes, a Mamita agardábaos sentada nun butacón de vimbios repleto de brandos coxíns de mil cores. Colocaba as súas mans embetumadas sobre o tapete dunha mesa de braseiro.

—Sentade, mis niños. Imos traballar, pois, fillos.

—Canto me vai custar isto?— preguntou Meiriño con xesto fusco e mirando a Gaiarre en vez de mirar á bruxa.

—Nunca cobro por falar cos espíritos. Cando marches, seguro que aínda non terei acordado do tranzo. É moi duro o contacto, moi fatigado. Deixas o que queiras sobre a mesa ou nun peto da miña faldra ou onde mellor che pareza. O que ti queiras estará ben.

—Que temos que facer?

—Pouca cousa. Gaiarrito, mi niño, pecha a ventá e as contras, queres? E tamén a porta. A do cuarto e a da entrada. Agora non convén que ningún nos moleste. Cando volvas, prende a luz.

A luz, debilísima, era vermella, ou máis ben, violácea. Case non se vían uns ós outros. Apenas eran vultos tinxidos pola cor da penitencia.

—Como se chama a muller coa que queres falar?

—Ofelia. Ofelia Aceite de Lino

—Aceite de Lino? Que nome é ese? Ninguén pode chamarse así.

—Pois así se chama segundo me dixeron. De palabra e por escrito.

—Tes algo que fose dela ou que estivese en contacto con ela?

—Nada. Non teño nada. So coñezo o seu nome e o do seu home.

—Como se chama o home?

—Hermóxenes. Hermóxenes Crespo.

—Non vai ser fácil así, pero imos intentalo. Vós procurade non facer nada. Os espíritos sonvos moi receosos.

A Mamita botouse cara atrás facendo estremecer os vimbios do butacón e deixou que a cabeza pendurase sobre o apoio. Comenzou a rosar coma un gato e unha especie de corrente eléctrica, serpeante e fuxidía, pareceu percorrer o seu corpo de arriba a abaixo. Soou un estoupido que fixo tremer as vetustas paredes da casa.

—Que foi iso?— preguntou, sobresaltado, Meiriño.

—Un peido.

—Que carallo un peido! Iso foi un tiro! De fusil!

—Un peido, ho, dígocho eu. Foi un peido. A Mamita libera uns gases terribles cando entra en transo.

De pronto incorporouse a mulata. Apoiou outra vez as súas mans na mesa de braseiro e adoptou unha actitude tesa, rixida. Abriu os ollos e mirou cara a Meiriño con tremenda ira. Meiriño sentiu como se lle erguía o cabelo nas patillas e como se lle instalaba unha friaxe estremecida nas costas.

—Cago na puta nai que me fixo! Raposa! Lurpia! Pendanga!

Quen falaba era a Mamita Mulata, pero a voz era a dun home. Despois de proferir todas aquelas maldicións, rompeu a chorar. No medio do pranto oíase repetir “puta, puta; maldita puta”.

—Xa está— dixo Gaiarre—. O condenado bispo. Non hai maneira de librarse del. Sempre ten que dar a nota. Mamita, fai que marche! Que che deixe sitio para quen nos interesa.

—Botarei aceite fervendo por riba de ti desde as torres do meu castelo!— proseguíu a pantasma episcopal indiferente ás queixas de Gaiarre—. Converterei as miñas catedrais en prazas fortes. Nai, maldita sexas! Nai! Quemarei os teus ósos para que o día da resurrección non sexas máis que po, cinza estéril!

Todo isto saía da boca da mulata mentres fulminaba a Meiriño cos seus ollos redondos de vaca moura.

—Faina calar ou lle pego unha patada nos dentes!

—Agarda, ho, non fagas conachadas! A ver se marcha.

—Non, non! Farei que os meus cans coman os teus ósos! Resucita, logo, se podes, desde a merda dos meus cans, vella raposeira, bruxa demoñenta!

—Pero, cago na cona, se este tío é un bispo medieval, debería falar en latín ou nalgunha xerga daqueles tempos. Eu que sei! E mira como fala!— Meiriño estaba de pé e sinalaba cos dous brazos estendidos a aquel espantallo maledicente.

De súpeto, a mulata derrubouse outra vez sobre os vimbios ruidosos do respaldo, amontoada sobre si mesma, como se todos os músculos sebosos do seu voluminoso corpo adquirisen, de contado, un estado de relaxación absoluta. Meiriño mirou a Gaiarre con apreensión e desconcerto.

—Que lle pasa a tía esta? Espichouna?

—Agarda.

Gaiarre, por unha vez, prescindira da súa aparencia indiferente e permanecía, cos ollos cravados no rostro inerte da bruxa, atento, alerta, á espera quizais, dalgún próximo acontecemento. A mulata comezou a incorporarse de novo, facendo ondas, igual que se un resorte fixese as veces da súa columna vertebral. Abriu os ollos outra vez e outra vez mirou a Meiriño, pero sen ira, senón con agudeza e vivacidade.

—¡Viva la quince brigada, rumba—la—rumba—la—rumba—la!

Parecía un orfeón quen cantaba esta vella canción da guerra civil; un orfeón antigo con son de gramola e un certo desaxuste nas revolucións.

—Cago no leite negro, Gaiarre! Qué diaños é isto? Voute mazar a hostias!

—¡ En el frente del Jarama, rumba—la—rumba—la—rumba—la!

—De onde sae esta música?

—É a Mamita, Meiriño, faime caso. Algo quere dicirnos, ten paciencia.

—¡No tenían armamento, ni tanques, ni cañones; no tenían armamento, ay, Manuela, ay, Manuela!

—Cago en todos os teus mortos, Gaiarre! Isto é unha gramola! Onde carallo está?

Buscou inutilmente polo cuarto, sen que nin por un momento deixase de soar a vella canción republicana. Gaiarre facíalle xestos. Tratába de indicarlle que acougase, que non apedrará aquel momento, que tal vez o mellor aínda estaba por chegar.



O silencio sobreveu en seco, como se ó orfeón antigo alguén o trozase cunha navalla barbeira. A Mamita volveuse desconxuntar sobre o sofá.

—Creo que xa non haberá máis— dixo Gaiarre, metendo o seu nariz debaixo do dela.

Manolo Meiriño mirouno case con odio.

—Ímonos de aquí!

—Non lle vas deixar nada?

—Eu non pago por escoitar a supostos bispos tolos nin por unha sesión dos coros de Educación e Descanso.

—Pero...

—Imos!

Fóra o día seguía aceso coma un forno programado para asar un polo. O amante contrariado e nostáxico do marxismo estrutural, aínda a medio vestir, durmía apoiado no tronco do plataneiro, onde Manolo Meiriño esperara sen ningunha convicción a que o chamase Gaiarre para iniciar a sesión espiritista, e onde o fornicador lle expresara entre arroutos o seu inesperado credo anticapitalista. Empuxada pola parábola do sol a sombra fuxira cara a un lado e o langrán a medio vestir suaba por todos os poros todo o alcohol que o estomballara contra a árbore. Os paxaros aínda non cantaban. Os grilos si.

—Un anuncio? No xornal?

Manolo Meiriño mirou a Gaiarre sen poder crer que fixese en serio a súa proposta. Pero Gaiarre recuperara xa aquel aire seu ausente, plácido e pacífico.

—Claro. Poñemos un anuncio que diga, por exemplo: Búscanse novas da defunta dona Ofelia Aceite de Lino. Pregamos a quen poida aportalas chame o teléfono tal e listo.

Gaiarre escribía o presunto anuncio no aire. Estaban tomando unha cervexa nun chamizo de Garabolos. A cervexa nin sequera estaba fría. Pediran unha caña, pero a fonte estaba seca. O dono do local durmía

nunha esquina, xunto á porta do servizo, e quen servía era un neno. Fóra o asfalto amolecido comezaba a suar pingueiras mouras e os pneumáticos renxían sobre el igual que cabalos histéricos e deixaban gravado o seu labirinto xeométrico.

—Gaiarre, es a hostia, tío. Un anuncio en El Progreso! Xamais se me ocorrería.

—Así o traballo fano eles. Ti non tes máis que esperar.

—Quen son eles?

Meiriño reparou na estupidez da súa pregunta, pero iso mesmo provocoulle un estremecemento, un arrepío repentino cheo de medo e apreensión. Claro, tiña que haber outros. Por un lado estaba o extravagante señor Crespo. Polo outro... eles. Sorprendeulle tamén a simplicidade coa que Gaiarre ganduxaba as súas respostas.

—Non o sei. Pero é que ti tampouco non o sabes. Non tes nin idea de por onde empezar. Que vas facer? Botarte ás rúas de Lugo a preguntar a todo o que pase se coñece a dona Ofelia Aceite de Lino?

O anuncio saíu ó día seguinte, enmarcado nun recadro, na sección de anuncios por palabras. Despois dalgunhas vacilacións decidiron poñer o número do teléfono do Bar Taller. Manolo Abelairas non llelo tomou a mal.

—Andades os dous xuntos?— dixo cando o viu con Gaiarre—. Hum! Pouco bo pode saír de aí. Compadezo ó penitente que caese nas vosas redes.

O teléfono soou cando Manolo atendía un grupo de catro parroquianos. Fíxolle un xesto co coitelo na man. “Cólleo, seguro que é para ti”

—Dígame?

—É vostede quen puxo o anuncio relativo a dona Ofelia?

—Son, si, señor.

Era un home o que falaba. Pola voz semellaba maior, incluso moi maior.

—Dígame unha cousa, á parte de min, chamou alguén?

O silencio que seguiu estaba cheo con todas as dúbidas de Manolo Meiriño. Que debía contestar? Si ou non? Abelairas ocupábase dos

seus clientes. Gaiarre fitábao con certa ansiedade na súa pose de permanente indolencia.

—Non. Aínda non.

—Sen dúbida que o farán— aseverou o home ó outro lado do fío—. Ese envelenado anuncio seu producirá efecto, xa o verá. Querería pedirlle un favor— o home, vello ou non, falaba con absoluta tranquilidade—. Importaríalle terme ó corrente do que aconteza? Se chega a concertar algunha cita, gustaríame asistir a ela.

Meiriño deixou transcorrer uns instantes buscando nos ollos levemente avivecidos do seu amigo as palabras coas que responder a aquela proposta.

—Pide vostede demasiado e aínda non ofreceu nada a cambio.

—Descoide. Ofrecereillo. Ademais, non penso molestalo. Asistirei á posible cita que concerte sin que ninguén se decate. Nin sequera vostede. Logo, segundo o que alí vexa, falaremos ou non. É só iso o que lle pido. Non é moito, non lle parece? Asegúrolle que para vostede pode resultar interesante.

Meiriño calou uns segundos. Gaiarre fitábao agora con verdadeira ansiedade. Do diálogo que se desenvolvía diante del, só oía as palabras do seu compañeiro. Semellaba devoralas. O Abelairas seguía labrando finas talladas para compoñer os bocadillos que os clientes solicitaran.

—Pero, a que vén tanto misterio?— retrucou por fin—. Non entendo a razón para tantas reviravoltas. Por que non nos entrevistamos vostede e mais eu, e cóntame o que teña que contarme?

—Eu non podo fornecerlle nada en tanto que o seu anuncio non produza algún efecto, meu amigo. Síntoo. A cousa terá que ser como propoño. Ou iso ou nada E, insisto, eu non teño nada que perder. Vostede é quen pode saír gañando.

—Está ben— xa non soportaba por máis tempo a cobiza de saber que alumaba nos ollos de Gaiarre—. Déame o seu número de teléfono.

—Non . Chamareino eu cada dúas horas. Ata que concerte vostede a cita.

Non foi aquela mañá, senón á seguinte cando a chamada definitiva se produciu. Foi unha muller a que chamou. Unha muller nova, coas lóxicas

reservas que pode suscitar unha voz nun teléfono. E, en efecto, concertou unha cita con Meiriño para falar con Ofelia.

—Mañá— dixo—. Ó mediodía. Nas terrazas da Praza Maior. Recoñecerame axiña. Irei vestida de verde. Son rubia e os meus ollos son verdes tamén.

—Vale— aceptou Meiriño. Colgou o teléfono a cámara lenta, reconstruíndo, sen poder evitalo, toda a conversa que mantivera coa muller rubia de ollos verdes vestida de verde.

—Chamo polo anuncio sobre Ofelia Aceite de Lino. Foi vostede quen o puxo?

—Si, fun eu quen o puxo.

—Na casa pensamos que é un anuncio moi raro, sen ningún sentido, nunha palabra. Pode saberse que é o que pretende?— a voz intentaba ser enérxica e seguramente levaba toda a enerxía que podía levar, pero tiña un timbre case infantil que a facía un chisquiño ridícula.

—O anuncio é ben claro nese sentido. Trátase de reunir información sobre esa señora. Así de fácil.

—Pero, por que?

—Por teléfono non, señorita. Se quere falar sobre o asunto debemos quedar nalgún sitio.

Entón ela concertou a cita. Para o día seguinte, ás doce.

Manolo Meiriño ascendeu sen présas as escaleiras sempre escuras e balorentas que hai entre as últimas pedras do Bispado e o novo edificio da Caixa de Aforros. A Praza Maior mostrábase en todo o seu esplendor naquela mañá luminosa e alegre. Soaron as doce, cun pequeno desaxuste entre eles, no reloxo do consistorio e no da catedral. Baixo os toldos encartables as terrazas estendíanse á súa dereita. Unha sucesión de mesas e cadeiras, de plástico ou metálicas, abarcaba case todo aquel lateral da praza, pegadas ós soportais. Aínda non había moita xente ocupando

as terrazas. Habería de transcorrer unha hora e media ou dúas para que aquel espazo se enchese de nenos correndo entre as árbores e de vellos deixándose tomar polo sol nos bancos de madeira. Nas terrazas algún pequeno grupo, probables forasteiros, realizaban un almorzo serodio; unha parella de estranxeiros tomaba un té ou un café; e algunhas outras persoas diseminábanse polas mesas, distantes unhas das outras, demostrando o principio que sostén que o home, sempre que pode, busca o illamento, marca un territorio arredor de si que reinvidica como seu— os psicólogos americanos chámanlle pompa a isto— e procura mantelo inocupado tanto tempo como lle sexa posible. Non resultou difícil localizar a muller coa que estaba citado. Sentaba soa, coma unha rechamante mancha verde, case no centro xeométrico do largo rectángulo das terrazas. Meiriño buscou a Gaiarre coa mirada. Quedaran en que el non asistiría á entrevista, pero que andaría cerca, situado nun punto estratéxico, polo que puidese pasar. Gaiarre sentaba nun dos bancos máis exteriores do xardín. Ó seu lado, un home maior, vestido cun traxe escuro, botáballes anaquiños de pan ás pombas.

Meiriño achegouse á muller, dispuxo unha cadeira de forma adecuada e sentou nela, sen máis, sen saudar sequera. Ela mirouno entre divertida e asombrada. Merecía unha análise, sen dúbida. Era baixiña, mesmo moi baixiña, algo repoluda pero moi ben feita a xulgar polo torneado dos brazos, que deixaban ó descuberto case por completo as mangas moi curtas do seu vestido verde. Tamén o escote era xeneroso, sen pasarse. En realidade o vestido podía abrochase ata o mesmo arranque do colo, pero ela deixara sen abotoar os tres ou catro primeiros botón e deixaba ó descuberto a canle apertada duns peitos morenos e rotundos. Logo as liñas do vestido confirmaban esta impresión. Ó colo rodeábano unha restrá de perlas do tamaño de garavanzos e ata máis abaixo do primeiro botón abotoado colgaba unha cadea de ouro cunha cruciña sen Cristo. O pelo era rubio e curto e, a pesar diso, recollíao cunha grosa diadema de raso— a Meiriño pareceulle raso—, e os ollos verdes, en efecto. O rostro, cheo, como todo o seu corpo recortado, resultaba agradable, bonito. Había un aire de malicia, de coquetería algo perversa, probablemente natural e que ela non podía nin quería controlar. A muller merecía un

estudo detido, en efecto. Ademais, ulía ben. A perfume caro, nada estridente. Diferenciábase con sorprendente nitidez a pesar de que a praza estaba repleta de aromas intensos. En Lugo os días, ás veces, tardan moito en espreguizarse. No amplo cadrado, quizais perfecto, da Praza Maior, acumulábanse o olor a terra mollada resultante do regado intensivo ó que someteran os espazos non axardinados, ó redor do quiosco da música e entre os chopos negros; ó aroma peculiar, serenamente picante, da herba recién segada nos terrados e ós diversos arrecendos das flores que salpicaban o recinto axardinado. Malia todo isto, o aroma suave e agradable da muller, xunto ás formas rotundas dentro e fóra do seu vestido verde, penetraron polos ollos e polas fosas nasais de Manolo Meiriño, remexendo, alí onde estivesen adormecidos, o seu desexo e a súa torpe inclinación ó galanteo. Non puido evitar botar unha ollada polos arredores. Algún daqueles homes, solitarios ou en grupo, que salpicaban as terrazas tiña que ser o que lle pedirá asistir á cita sen facerse presente. Á rubiña repoluda e reventona non lle pasou desapercibido o seu reconto.

—Vin soa. Non pase coidado— dixo.

A súa voz tamén era moi agradable, un chisco infantil como xa apreciara por teléfono. Así pois, feito o reconto, resultaba o tipo de muller que a el adoitaba perturbalo. O tipo de muller á que el nunca ou case nunca tivera acceso ó longo de case toda a súa vida.

—Non estou preocupado. É esta paisaxe da Praza Maior— esquivou a indirecta—. Paréceme magnífica.

—É unha praza moi bonita, si, señor— a muller percorreu coa súa ollada o recinto con aire condescendente—. Na casa antollóusenos moi estraño o seu anuncio.

—Pensei que sería a maneira máis eficaz de entrar en contacto con algún informante.

—Informante?

—Verá. Encargáronme que realice un informe sobre os derradeiros anos de Ofelia. Non sabía como empezar. Así que puxen un anuncio.

—Quere dicir que hai alguén que está interesado en escribir, digamos, a biografía de Ofelia Aceite de Lino?

—Podemos dicilo así, si.

—Perdoe, pero non ten sentido. Parece irreal— a muller estrelou contra os del toda a sorpresa acumulada nos seus ollos verdes—. Ofelia era unha muller vulgar. Non me malinterprete — apresurouse a puntualizar—. Quero dicir que era normal e corrente, igual que miles de mulleres de todo o mundo, sobre as que ninguén escribe, polas que ninguén se interesa.

—Non podo contradicila, señorita. Eu non coñecía a Ofelia. Só debo reconstruír os derradeiros anos da súa vida.

—Pero, por que?

—É un encargo. Eu traballo sempre para outros. Xamais tomo a iniciativa.

—Na casa parécenos todo tan estraño. Ofelia Aceite morreu xa hai unha morea de anos. Foi unha muller normal, unha persoa relativamente coñecida en Lugo. Vostede podería facer unha enquisa polas rúas e supoño que de cada dez ou vinte; non sei, de cada cincuenta persoas, unha saberíalle dar razón dela. Sobre todo se son persoas de certa idade. De sesenta para arriba, poñamos.

—Vostede, señorita, ten moitos menos de sesenta.

—Xa. Pero iso é distinto. Ofelia viviu aquí toda a súa vida. Un bo día morreu. Os seus familiares enterrámola, coma todos os lucenses, no cemiterio de San Froilán. E iso é todo. Quen pode querer a biografía dunha muller así? Con que dereito? Para que? Na nosa casa parécenos todo tan estraño!— repetiu.

—Por que responderon ó anuncio se na súa casa pensan que non teñen nada que dicir?

—Que faría vostede se, de pronto, así, sen máis nin máis, aparece un anuncio coma ese que vostede puxo no xornal da súa cidade? Imaxine que Ofelia fose a súa nai. Que faría vostede?

—Era Ofelia a súa nai?

—Non. Tratábase dun exemplo. Na casa pensamos que debíamos investigar o que estaba a pasar. Quen e por que puxo ese anuncio. Ofelia é cousa nosa. A súa memoria pertécenos.

—Ben. Agora xa saben o que pasa.

—Non sabemos nada. Tan só sabemos que alguén pretende reconstruír os derradeiros anos de Ofelia. Para quen traballa vostede?

—Non podo dicirillo. No meu oficio xamais se facilita ese dato.

—O seu oficio? Quen é vostede?

—Poñamos que son historiador.

—É vostede policía?

—Por que habería de ser policía? Os policías non escriben biografías, señorita.

—Detective privado! É vostede un investigador deses. Na casa non o van crer!

—Nada importa o que eu sexa, señorita, de verdade. Encargáronme un traballo inofensivo, rutineiro. Cargante, incluso, para min. Teño que reunir algúns datos sobre os derradeiros tempos dunha muller xa finada. Non hai nada detrás. Polo menos eu non vexo nada detrás. Non sei cal é a súa relación con Ofelia, porque vostede non mo dixo. A persoa que me contratou asegura ter dereito a coñecer eses datos. Máis non lle podo dicir. Vostede verá o que fai.

—Un detective privado. Increíble!— compoñía con moita eficacia o xesto de incrédula sorpresa—. Teremos que decidilo na casa. Chamareino ó teléfono do anuncio.

—Dígame cando . Non acostumo estar localizable nese teléfono.

—Non podo concretar nada.

—Nese caso deixe o recado.

Iniciou o ademán de incorporarse, pero cortouno axiña. Cravara todo o verdor, agora un lume cristalino de pedra preciosa abrasada e xélida, da súa mirada nos ollos del, sempre turbios. Co bolso de pel agarrado coas dúas mans, por debaixo da asa, unha a cada lado do peche dourado, meditaba algo, sopesaba unha decisión que non semellaba serlle fácil de tomar. Por fin tomouna. Abriu o bolso e sacou un feixe de sobres ligados cunha goma elástica. Ofreceullos.



—Que pode dicirme disto?— preguntou a muller.

Meiriño librou os sobres do elástico barallounos antes de examinar o seu contido. Todos os sobres eran azuis e todos tiñan o mesmo tamaño, coa solapa de pico, á antiga usanza. En todos o enderezo viña mecanografado nunha etiqueta branca, adhesiva. O destinatario sempre era o mesmo. O enderezo non. Buscou os carimbos. O máis antigo, de había un par de anos, era de Teruel. Logo viña de Valencia, Madrid, Oviedo, Bilbo, Badaxoz e, por fin, o máis recente, de apenas uns seis meses atrás, Lugo. O enderezo, no sobre máis antigo, era de Lugo. Curiosamente do mesmo lugar no que estaban, na Praza Maior (Praza de España poñía no sobre). O resto ían dirixidos á Coruña, menos o último, o máis próximo no tempo de acordo co carimbo, que se volvía a remitir a Lugo, pero a un enderezo distinto ó primeiro. Rematado o exame exterior, Meiriño mirou a muller. Ela tamén o miraba, aprehendendo todas as súas posibles reaccións.

—Mire dentro— dixo.

Sacou o contido de un calquera daqueles sobres. Era o clásico anónimo confeccionado base de letras recortadas de xornais e revistas. O que tiña na man, composto con letras negras e vermellas, dicía: A memoria do doutor Araúxo vivirá eternamente.

A muller, cun movemento rápido, arrebatoulle os sobres e o anónimo. Ocultounos no bolso sen se deter a ordenalos nin a devolver o folio cos pegóns ó que lle correspondía.

—Segue a pensar que non hai nada malo detrás do encargo que me fixeron?— inquiriu.

—Eu non sei nada diso.

—Comezaron a chegar hai algún tempo. Todos din máis ou menos o mesmo. É un asunto moi desagradable, como pode supoñer. Na casa gustaríanos saber quen está a se divertir á conta nosa. Xa que é vostede detective, se cadra podería axudarnos.

—Estame facendo unha proposta de traballo, señorita?

—Poñamos que si. Non é preciso ser moi agudos para relacionar o encargo que vostede trae con estas cartas noxentas.

—Se descubro algunha cousa , fareilla saber.

—De acordo.

Deixouna marchar sen moverse sequera. Foise sen saudar. Púxose en pé sen apartar a cadeira, provocando o ruído cambaleado do arrastre ó empuxala cara atrás co seu corpo ó incorporarse, sorteou o resto do mobiliario e afastouse cara o concello, cruzando a praza en oblicuo, pero sen meterse polo xardín. En verdade que era moi pequecha e estaba moi ben feitiña. Un pouco reboluda, pero moi ben feitiña.

Agora tocaba agardar entre quince e trinta minutos, segundo o acordado co seu primeiro comunicante. Se nese prazo non aparecía, debería esquecelo porque non aparecería xamais. Chamou ó camareiro para repoñer combustible e deixou esvarar os minutos sobre as paredes embazadas do botelliño de cervexa. Gaiarre e o home do traxe escuro, que sentaba cabo del, levantáronse a un tempo. O home adiantouse ó seu amigo con zancadas longas e rápida e achegouse directo cara a el. Sentou ó seu lado, na mesma cadeira que ocupara ela. Tendeulle a man e deulle un apertón cordial. Gaiarre permaneceu quieto uns segundos, desconcertado. Logo volveu sentar no seu banco. O home do traxe escuro e Meiriño olláronse coa man aínda estreitada. O traxe non cadraba coa estación nin co día, pero podía desculpase nun vello que tiña as mans xeadas no medio e medio do verán. O home do traxe escuro andaría polos oitenta, pero en calquera caso conservábase moi ben. Era robusto e de estatura máis que media. Tiña un rostro moreno e franco, iluminado cuns ollos azuis moi vivos e orlado por uns cabelos brancos moi ben cortados. As engurras só le rodeaban os ollos.

—Xacinto. Xacinto Veiga. O seu primeiro comunicante, lembra?— dixo antes de desfacer o apertón—. Como lle foi? Estiveron falando un bo anaco.

—Foi o mesmo que falar do tempo. Parece que están moi ofendidos ou preocupados, non sei, porque alguén se interese por Ofelia.

—Coñecía vostede a muller coa que falou?

—Non. Nin a coñezo agora tampouco. Non me dixo quen é. Só me dixo que na súa casa están moi estrañados con todo isto. É o único que

sei. Na súa casa— e fixo un xesto amplo, como se debuxase a copa dunha árbore frondosa no aire, ou unha nube, ou o efecto dunha pequena explosión. O vello do traxe escuro sorriu.

—Ensinoulle uns documentos— dixo—. Algo lle aclararían.

—Ó contrario.

—Importaríalle dicirme en que consistían eses documentos?

Meiriño mediu coa mirada o vello do traxe escuro. A conversa transcorría demasiado á presa. Decidiu parala con aquela ollada. Era un vello de aspecto moi agradable, certamente, e revertía calma, serenidade. Magnanimidade, talvez.

—Vaime ter que perdoar, pero vou reservalo polo momento— respondeu logo de refrescar a gorxa cun trago de cervexa—. Aínda ignoro que xogo estou a xogar con vostede.

—Entendo— concedeu o vello con outro sorriso— Observou vostede un home que estaba sentado unhas catro mesas máis aló de onde estamos agora? Sentaba só naquela mesa de alí e simulaba ler o xornal. Era un xornal de Madrid. E, ademais, non lles quitaba a vostedes os ollos de encima.

—Pode que observara un home así. Pero foi unha ráfaga. Non reparei en que nos vixiase. En realidade as miñas miradas ó entorno buscábano a vostede.

—Non se fixou nel, xa vexo. Non llo reprocho. Á fin e ó cabo non é máis ca un homiño insignificante, case un vello coma min, sen nada de particular. Alomenos se se observa de lonxe. De cerca é outra cousa. De cerca a min dáme a impresión de que a insignificancia desaparece a pesar da súa pequenez. Voulle dicir quen é ese home. Verá, para empezar el non é de Lugo, aínda que leve aquí algo máis de media vida. Veu doutro lugar e asentou aquí despois da guerra. Estivo en Rusia, na División Azul. Creo que podo asegurar que no seu caso non hai dúbidas: foi voluntario. Estaba absolutamente ideoloxizado. Logo recalou en Lugo. Ocupou durante moitos anos un deses confusos cargos do sindicato vertical da época da ditadura. Hai abundante documentación de hemeroteca na que aparece coa famosa chaqueta branca. Durante a transición,

que, como a moitos outros da súa corda, tivo que causarlle moito dano, mantívose tranquilo. Non se lle coñece militancia concreta, nin daquela nin tampouco agora— o vello do traxe escuro soltou todo este currículo sen atropelarse pero con fluidez. Ó chegar a este punto fixo unha pausa e observouno cos seus intensos ollos azuis, sempre luminosos e sempre risoños. Logo, baixando o ton, rematou—. É o pai da muller coa que vostede falou hai un pouco.

Meiriño mirou o home que sentaba ó seu lado cos seus ollos musgados e enmaliciados. Tamén el o miraba con mirada intelixente e expresiva.

—O seu pai, amigo meu— rubricou—. Que lle parece?

—Por que non viñeron xuntos os dous falar comigo?

—Estano estudando. Supoño que non se fían. Pode que estean asustados ou pode que estean anoxados. Non o sei.

—Pero, por que?

—Non o sei, xa llo dixen. Pero gustárame moitísimo sabelo.

—Cal é o seu interese neste asunto?

—Verá, eu non estou nin asustado nin anoxado. Pero si intrigado. Endexamais pensei encontrarme cun anuncio como o que vostede fixo imprimir en El Progreso. Nin tampouco non pensei xamais que ninguén se interesaría por Ofelia despois de tanto tempo.

—Perdoe, pero, tanto tempo a partir de que?

—De verdade quere sabelo?

—Gustárame

—Daquela, terá que parar o reloxo. Dispón de tempo libre?

—Tempo é o que me sobra.

—Entón intentarei satisfacer a súa curiosidade.

Viaxaron durante máis de tres horas por estradas increíbles. Bordenaron montañas peladas a ritmo fatigado, colgados sobre vales inmensos, frondosos e profundos. O coche do seu novo compañeiro era un mod-

elo antigo ben conservado. O motor soaba limpo, pero sufría naquelas subidas enroscadas coma cobras. Xacinto Veiga, o home do traxe escuro, conducía con soltura, con xestos áxiles e seguros pese á súa avanzada idade. Meiriño reafirmouse na opinión dos oitenta. Desde logo, menos de setenta e cinco, non. A Gaiarre, cunha enérxica indicación, deixáralo sentado de novo no seu banco da Praza Maior. Seguro que comería algo por aí e recuperaría logo o seu posto de mendigo na porta norte da catedral. Era a máis disputada, porque era pola que máis xente entraba. Máis dunha vez houbo de defender a praza con uñas e dentes. Quizais aquela mesma tarde a encontrase ocupada e tería que baterse por ela.

Xacinto Veiga cruzou Vigo sen deterse. Meteuse pola Gran Vía, na Praza das Travesas virou cara á Avenida de Castelao, baixou ata Samil e seguiu cara a Baiona por Canido. Chegaron a Santa María de Oia, tomaron á esquerda unha estradiña estreita e sinuosa, e por fin detivéronse nunha casiña rodeada de parras. Manolo Meiriño espreguizouse sen disimulo ó saír do coche. Desde abaixo das parras víase o mar lambendo coa súa lingua branca as rochas e as pedras do mosteiro dos monxes artilleiros. Xacinto Veiga descendeu do auto con ademáns pausados. A pesar da súa innegable desenvoltura, tres horas longas de condución sentado diante dun volante tiñan que afectar as súas gastadas articulacións.

Unha muller aínda nova saíu da casa limpando as mans ó mandil. Parece que é así como sempre se espera que saia unha muller dunha casa coma esta, pensou Meiriño mentres ela se dirixía directamente cara a don Xacinto.

—Don Xacinto! —exclamou e deulle un par de bicos—. Papá, veu don Xacinto!

Sorrinte, don Xacinto mantívoa collida polos ombros mentres agardaba que o pai saíse recibilo. O home apareceu na porta arrastrando os pés. Era tan vello ou máis do que puidese selo o propio don Xacinto. Meiriño observouno con calma, preguntándose sempre qué era o que podería xustificar tan longo desprazamento. O home parouse na porta. Cargaba un pouco as costas cara a diante e mantiña os brazos colgados, inertes. Vestía camisa branca con raias finas dunha cor que non puido distinguir a primeira vista, un chaleco marrón desabrochado e pantalóns mouros que

Ile quedaban curtos. Calzaba unhas zapatillas azuis e cubría a cabeza con boina rabena.

—Damián, meu amigo.

Don Xacinto, avanzou cara a el cos brazos abertos. Déronse un abrazo breve, porque ó home aquel parecía custarlle moito traballo moverse.

—Boas tardes, don Xacinto— saudou dun xeito protocolario, en ausencia sen ningunha efusión.

—Como vai esa vida, Damián?

—Está feito un preguiceiro, don Xacinto. Non hai quen poida con el. Desde que falta a mamá, Deus a perdoe, non pensa máis que en morrer tamén— censurou a filla, mirando, leda, os dous vellos enfrontados.

—Damián, Damián, meu querido amigo — Xacinto Veiga abrazábao con delicadeza de novo—; que poucos imos quedando xa! Pero hai que sobrepoñerse. Non queda máis remedio.

—Pero, pasen, por Deus, non pensarán quedar aquí todo o tempo?

Don Xacinto mirou ó seu arredor con calma e con agrado, e logo mirou ó ceo a través do emparrado.

—Está unha tarde preciosa para sentar aquí mesmo, non che parece? Podemos sacar uns asentos e quedamos aquí.

—Trae unhas cadeiras— dixo o home á súa filla.

—Axudareina— dixo Meiriño.

Sentaron de cara ó mar, formando ángulo sen pretendelo. Don Xacinto era o vértice e eles dous os lados. Ninguén preguntaba quen era el nin tampouco o motivo da súa visita. Meiriño pensou que poucas veces tiña visto unha expresión tan triste e tan fatigada como a que aquel home mostraba na súa cara.

—Que van tomar, don Xacinto?— preguntou a filla.

—De momento nada— decidiu el polos dous—. Logo xa veremos. Ó mellor ó meu amigo apetécelle probar o voso viño.

Quedaron os tres sós baixo a parra pendurados fronte ó mar. Don Xacinto pareceu buscar mellor acomodo para os seus pés sobre a terra par-

da do chan. Meiriño empezaba a sentir que a impaciencia se materializaba na sensación de inquedaanza dos seus membros, mentres que Damián, sentado fronte a el semellaba posuír toda a paciencia do mundo. Toda a paciencia e toda a pena. Aquela pena non podía deberse só á morte da súa muller. Aquel home levaba a pena cabalgada no seu sangue.

—Damián, meu amigo — don Xacinto alargara a súa man ata poñela no seu ombro—, necesito pedirche un favor.

—Vostede manda, don Xacinto; ben o sabe.

—Sei que non é un bo momento para ti, pero teño que pedirche os teus peores recordos.

Damián levantou levemente a cabeza. A mirada coa que respondeu ó rogo de don Xacinto provocou en Meiriño un estremecemento. Pareceu-lle como se golpeara o aire, en todo punto inmóbil.

—Necesito que o meu acompañante— sinalouno coa man estendida— escoite os teus recordos da túa propia boca.

O home mirouno agora e el non soubo que facer cos seus ollos. Púxose en pé cun ademán infindo e volveuse cara ó mar, de forma que lles daba as costas. A don Xacinto por completo e a Meiriño só a medias.

—Cando estalou a guerra o meu irmán André era mestre nun pobo de por aí— Damián fixo un xesto inane coa súa man exhausta—. O meu irmán estaba metido nun partido ou nun sindicato, non sei. Aínda que quixera dicir en qué partido ou en qué sindicato estaba o meu irmán, non podería. Nunca puiden lembrar o seu nome.

—Iso non importa. Non te preocupes. Continúa, fai o favor.

—Tivo que agocharse porque ían por el. Os falanxistas. Na casa tiñamos un camionciño co que faciamos repartos de mercancías diversas por toda esta zona, ó longo da estrada da costa. Na casa do meu pai, quero dicir. Nesta non; esta é a casa da miña filla. Case sempre conducía eu e algunhas veces meu pai. Unha noite presentouse na casa un grupo de falanxistas. Todos cos seus uniformes, as súas camisas novas— logo chegaríalles a honra de ser vellas—. (sorprendeulle a Meiriño esta frase inesperada na boca do vello fatigado), as súas correaxes e as súas pistolas enfundadas en fundas de coiro relucente. Ferramentas novas. Novas

do trinque. Subiron ó camión, uns na cabina e outros na caixa. O que parecía ser o xefe, quizais o menos novo de todos eles, coa pistola na man, indicoume que me puxese ó volante e sentou ó meu carón. Lévanos onde che digamos, — ordenoume, indicándome cun aceno da man armada que tirara pola estrada da costa. “Para aquí. Espera”. Eu quedaba no camión, agarrado ó volante coa mirada perdida no máis profundo da noite que tiña diante de min. Os meus pasaxeiros saltaban do camión e perdíanse na escuridade en busca das súas presas. Algunha vez oía os disparos e outras veces non. “Para aquí”. Eles afastábanse e volvían ó cabo de certo tempo. Volvían ruidosos, trouleantes, intercambiando bromas e golpes amigables, coma rapaces que xogasen. Ás veces viñan revisando as súas armas ou axustando o peche da funda. Pero a min sempre me deixaban quedar no coche. Chegou un momento no que xa só era iso o que eu desexaba. Non ver, e se era posible non oír, o sinistro labor dos meus pasaxeiros. Varias noites seguidas viñeron por min e polo noso camión e sempre se repetía a mesma rutina, o mesmo cerimonial. Unha delas, xa cerca da alba, logo de catro ou cinco paradas, chamáronme con grandes voces. O camión estaba arrimado ó inicio dunha aba e eles marcharan monte arriba. Desde alí chamaban por min. “Eh, ti, sube, ven onda nós”. Sentín que afogaba de angustia. “Veña, home, queres vir dunha vez?” Subín cambaleando case. Non sabería dicir a que temía máis. Se á posibilidade de que acabasen comigo para que ninguén puidese contar as súas malfeitorías ou a ter que presencialas. Houbo sorte. Deran por rematado o seu labor. Aquela casa era de xente amiga. Estábanlles preparando o almorzo. Tratábase de que comese tamén. Cando os deixei, de volta, onde eles me indicaron, o xefe, despois de afastarse uns cantos pasos, cando eu comezaba xa a dar a volta ó camión, pareceu recordar algo de súpeto, volveuse, fíxome un xesto para que esperase e achegouse a min camiñando a modo, moi a modo. Escoita, díxome subido ó estribo, agarrado cunha man á xanela, na casa do forestal, na subida de Burgueira, está o corpo do teu irmán. Mañá podes pasar a recollelo.

O silencio que se fixo sumiuse no silencio total da tarde inmóbil. Don Xacinto tiña os seus ollos azuis cravados nas costas de Damián, na súa cabeza, como se tratase de alcanzar os del desde atrás para obrigarlle a



miralo, para que compartise con el o amargo silencio que prolongaba os seus recordos. Meiriño estaba incómodo. Escotara impertérito as lembranzas que o vello vertera para el, cargadas dunha canseira infinda. Seguía a pensar no improbables que parecían as palabras que escollía para o seu relato un home como aquel nun sitio como aquel. De súpeto pensou en Gaiarre. A aquelas horas quizais estivese bebendo as esmolos no Pajón ou nas Bodegas Quiroga. Gaiarre e máis el. Por que tiña que envolvelos aquela historia da guerra? A vida que levaban, cada un na súa propia medida e cada un pola súa propia conta, salvo cando lles conviña xuntarse, era sen dúbida unha fuxida do cotián, da norma, da rutina burguesa. A súa vida era, sen dúbida, a vida de dous seres antisociais ou asociais. Por que viña agora a interpelalos — a involucralos— aquel terrible asunto da guerra civil?

—Acaba a túa historia, Damián, queres?— pediu con dozura don Xacinto.

O vello apenas reaccionou, se cadra endereitou un pouco o seu corpo enervado.

—Recollín, efectivamente, o meu irmán onde me dixera o falanxista. Leveino á casa do meu pai. Debería telo levado xunto á súa muller e ó seu fillo, pero non se me ocorreu. Metémolo na casa. A miña nai e a miña irmá laváronlle a cabeza esnaquizada polo balazo a queimarroupa, quitáronlle os farrapos sucios de fuxido que levaba e puxéronlle un vestido meu ou de meu pai, xa non me lembro. Logo eu mesmo fun recoller a súa muller e mais o fillo.

—E os veciños?

—Os veciños?

Foi a primeira vez que Damián se volveu desde que empezara a recordar. Volveuse cara a Meiriño en vez de facelo cara a don Xacinto, que era quen lle preguntara.

—Supoño que o medo os desconcertaba. Non sabían qué facer. Ningún apareceu pola casa. Meu pai en persoa foi falar co cura. Puxo as súas mellores roupas de domingo e foi ver o cura. O cura díxolle que lle deixase informarse do que debía facer. Que a moitos dos que morrían así,

como morrera o meu irmán, non consentían enterralos en sagrado. Que esperásemos. Xa el nos diría. Ó final si. Ó final enterrámolo no cemiterio. Pero sen funeral. Só os homes da familia, meu pai e máis eu, o cura, que, sen roquete nin nada, se limitou a ler uns latíns mentres o enterrador cubría con terra o corpo do meu irmán envolto nunha saba.

Don Xacinto púxose en pé. Achegouse paseniño ó seu amigo, que agora o miraba cun enorme esgotamento reflectido nos seus ollos, que semellaban formular unha pregunta: vale xa?

—Vale xa, Damián— dixo, en efecto, don Xacinto Veiga—. Vale xa, meu querido amigo. Xa padeciches dabondo. Só unha cousa. Importaríache dicirle ó meu acompañante como se chamaba o xefe da cuadrilla de falanxistas?

—Chamábanlle Cara de Plata. O seu nome completo era Ernesto Forcador.

—Iso é todo, Damián. Moitas grazas, meu amigo.

Damián arrastrou os seus pés ata á porta e entrou na casa sen volverse. Quedaron sós fronte ó mar inmóbil na distancia.

—Cara de Plata, sóalle ese nome?

—Naturalmente. É un personaxe de Valle—Inclán.

—Xusto. Resulta indigno que un asasino furete un nome tan ilustre— don Xacinto adoptaba agora con el a mesma postura que antes adoptara con Damián. Apoiaba a súa man no seu ombro e mirábao directo ós ollos—. Sabe vostede quen é Cara de Plata, ou sexa, don Ernesto Forcador? Voullo dicir. É o pai da muller rubia e de ollos verdes coa que vostede falou nas terrazas da Praza Maior de Lugo, o home no que vostede apenas reparou e que, refuxiado detrás do seu xornal, seguiu con suma atención todo o proceso da súa entrevista.

Quedaron para o día seguinte. Sobre as seis da tarde. Con esta inconcreción marcou a hora don Xacinto. Pero Meiriño sabía por experiencia longa que a vaguidade das citas moitas veces agocha unha orde máis ou

menos tallante baixo unha tona de cortesía. Non é o mesmo, claro, dicir ás seis en punto, que sobre as seis da tarde. Meiriño chegou puntual. Estaba citado nun baixo da rúa de Tui. Cando se acercaba xa á portada de ferro galvanizado, don Xacinto descendeu do seu coche, aparcado uns metros máis abaixo, e saíulle ó paso. Vestía o mesmo traxe escuro do día anterior. Era posible que cambiase a camisa, pero non se atrevería a seguralo. Saudáronse cun xesto e el mesmo franqueou a portiña que recortaba o seu rectángulo no centro da portada gris. Recibiunos unha mesturanza aguda de olores diversos. O recendo volátil, incisivo de gasolina, xunto co máis mesto, pero tamén afiado dos disolventes, e o máis pesado, máis romo das graxas. Logo había outros, pero máis difíciles de diferenciar. Talvez a poeira resesa de moitos días e tamén o cheiro característico dos lugares pechados, sen ventilación suficiente, sen hixiene. O cambio de luces deixou a Meiriño case cego por uns momentos. Fóra a tarde mantiñase clara e ardente. O verán estaba a ser duro aquel ano. Polo aspecto do recinto semellaba que aquel taller fora dado de baixa había algún tempo, pero que alguén continuaba realizando traballos coa porta pechada, de forma clandestina, eludindo os pagos a Facenda e as inspeccións de traballo.

—Aforrarei as presentacións— dixo don Xacinto, que parecía amparalo máis que empuxalo mantendo a man aberta mentres entraba—. Direille simplemente quen somos, ou mellor, que é o que somos.

O vello socialista— ou uxetista, que iso non lle quedara demasiado claro a pesar das moitas horas que pasaran xuntos no seu coche indo e vindo de Santa María de Oia— sinalaba coa outra man aberta un breve abano de homes, todos maiores, máis ou menos coma el, que agardaban dentro do local. Fitábano todos, serios, aínda que sen crispación. Un par deles apoiábanse nun coche verde empinado sobre dous gatos hidráulicos coas lamias ó aire. Outros dous permanecían recostados con leve indolencia noutro auto de cor vermella co capó levantado. O resto, ata sete, distribuíanse ós lados. Só un, de pelo branco e cabeza case perfectamente triangular, sentaba sobre un vello caixón, encima dun xornal dobrado.

—Verá — comezou a falar don Xacinto despois de situalo coa man

aberta nas súas costas xusto en fronte de todos eles—, pódese dicir que todos nós somos derrotados da guerra civil sen ter chegado a combater nela. Todos nós somos homes da esquerda. Cando estalou a rebelión militar, no trinta e seis, todos fomos detidos. Non se nos deu ningunha opción. Detivéronnos. A algún condenáronnos a morte, a outros a penas menores. Ese que está aí, á súa esquerda, ese, si – o home da cabeza triangular sentado no caixón saudouno erguendo o seu brazo dereito. Tamén sorriu enchendo de engurras a súa fronte ampla e algo alombada—; aquel que se apoia no coche vermello, o que lle segue dous postos máis alá— os dous homes aludidos repetiron igual xesto de saúdo ou de confirmación da súa identificación que fixera o primeiro— e eu mesmo, fomos condenados a morte. Conmutóusenos a pena capital por cadea perpetua e logo a cousa quedou en doce anos, máis ou menos. Nin seguira sabemos a quen debemos a nosa sorte nin a que. Cando volvemos a Lugo nos primeiros tempos da nosa liberdade, tampouco non sabíamos moi ben que era o que debíamos facer. Que era o que se esperaba de nós. Cruzabámonos na rúa e non nos atreviamos a intercambiar saúdos. Nin, por suposto, ousabamos xuntarnos. Fómonos informando da sorte doutros camaradas. Algúns lograran a liberdade ou a salvación en Francia ou en Sudamérica, outros botáronse ó monte e resistiron, á desesperada, movéndose entre Galicia, Asturias e Cantabria, e algúns foran executados ou, simplemente, asasinados. Nós tivémonos que adaptar ó que había aquí, nesta pequena cidade na que todo o mundo se coñecía, na que era imposible ocultar os estigmas. Incluso sabíamos de represaliados doutras zonas desterrados en Lugo. Aí mesmo, ó outro lado desta rúa, nun deses chalés enormes que semellan casaríos navarros, viviu durante un montón de anos un home de Castela xunto coa súa muller, case na máis absoluta soidade. Ninguén sabía quen era nin o por que do seu illamento, da súa esquiva sociabilidade. Aínda ninguén o sabe, cando hai xa moitos anos que marcharon, supoño que para volver ó seu fogar castelán. Teño entendido que fora maxistrado ou xurista de envergadura, pero non o comprobei— don Xacinto gardou silencio durante varios segundos. A fixeza, a inmovilidade da mirada senil de todos aqueles personaxes non perseguía as palabras nin as pausas de don Xacinto. Permanecía crava-

da en Meiriño, empuxando cara á súa persoa as revelacións que o vello socialista ía debullando—. Cada un de nós, e supoño que moitos máis dos que nada sabíamos, fomos sobrevivindo como puidemos. Eu era profesor de instituto e quedara sen traballo. Era un depurado, na linguaxe da época. Todos eramos depurados, claro. Bastante favor nos fixeran respectando a nosa vida. Eu conseguín un traballo grazas a un home bo que apareceu en Lugo pouco despois de finalizada a guerra. Montou unha academia na cidade e contratou a toda unha mancha de profesores represaliados. Os demais que vostede ve aquí volveron ós seus oficios pouco a pouco. Non lle vou contar a historia de cada un de nós. Creo que co que lle dixen xa pode facerse unha idea. Lugo é, e daquela érao aínda máis, unha pequena cidade. Iso foi o peor, ter que soportar a sádica condena da convivencia diaria cos nosos verdugos, cos nosos vencedores. A maioría dos nosos veciños tiñan as mesmas ganas de esquecer ca nós. Só foran carne de canón, alistados á forza nas sucesivas levas que nutriron as fronteas. Pero estaban os outros. Os que se dedicaran a limpar España de roxos sementando as gabias das estradas de cadáveres. E con eles tiñamos que compartir as rúas e as prazas, as igrexas e os bares. Podía darse o caso de que os nosos fillos e os nosos netos compartisen os pupitres e os balóns, os grupos de amigos e os salóns de baile. O esquecemento. Os nosos sufrimentos pasaron a sedimentarse na capa máis profunda da estratificación do sentimento colectivo. Desapareceron, deixaron de existir a non ser como algo innobre, inmoral, corrosivo, sucio. Cando a democracia e a monarquía se reinstauraron en España, nós permanecemos atentos. Atentos a calquera dexerigo de xustiza para nós e para os nosos verdugos. Xamais chegou. Iso sábeo vostede tan ben coma min. Iso sábeo todo o mundo.

—Ou sexa— dixo Meiriño, encarando o rostro de don Xacinto para sacudir a incómoda insistencia da ollada dos outros—, que son vostedes unha especie de asociación de conxurados contra o esquecemento.

—Pode dicilo así, se o desexa. Levamos máis de corenta anos conservando a memoria. Non somos unha asociación, porque non redactamos estatutos nin nomeamos unha directiva e cousas así. Pero sómola en tanto en canto xamais deixamos de xuntarnos, desde que perdemos o

medo, claro, para manter vivo o noso vello afán. Sobre todo a democracia, iso por riba de todo; pero tamén a xustiza. A democracia din que chegou. A xustiza, ó parecer, endexamais chegará.

—Ben, creo que xa é o momento de que faga a miña pregunta. E que pinto eu nesta historia?

—Non o sabemos, esa e a verdade. E parece que vostede tampouco. Mais Ofelia Aceite de Lino podería ter moito que ver. Vostede interésase por ela e iso esperta, á súa vez, o noso interese.

—E, polo que se viu, o de Cara de Plata e da súa filla.

—Exacto. O cal pecha, ou pode pechar, o círculo.

—Cando falou comigo por teléfono, hai tres ou catro días, vostede dixo que, a máis de pedir, tiña algo que ofrecer. Non cre que vai sendo hora de que faga o seu ofrecemento?

—Quen é vostede? Que clase de investigación está a realizar?

—Encargáronme unha especie de biografía, iso é todo.

—Quen llo pediu?

—Iso nunca se di. É un principio básico da profesión.

—Verá, nós soñamos con que xente coma ese Cara de Plata pague as súas culpas. Que, en vez de andar paseando os seus netos con total impiedade pola Praza Maior, acabe xulgado e condenado. Ese é o noso soño desde hai máis de corenta anos. Pero agora o soño é máis vivo porque estamos en democracia. A democracia debería pedir contas a xente coma esa. Non obstante, cada vez nos parece máis inalcanzable o noso soño.

—E por que non o executan vostedes mesmos? Pode ser unha forma de xustiza.

—Non é iso o que queremos. Non queremos vinganza, queremos xustiza. O seu interese por Ofelia reavivou o noso soño. escoite, non lle vou facer ningún ofrecemento. Voulle pagar con moedas de ouro. Ofelia Aceite de Lino representa un dos asuntos máis turbios de cantos tiveron lugar nos inicios da guerra civil aquí en Lugo. Un atropelo cruel. Unha infamia. O seu interese por Ofelia fainos concibir a esperanza de que poida

haber alguén disposto a restablecer a xustiza. Pensamos que vostede o representa.

—Xúrolle que a min só me pediron que faga provisión de datos. Máis nada.

—Daquela, xa cumpriu o seu traballo: eu pódolle dar todos os datos que queira. Máis aínda, levareino ata ela. Poderá vela cos seus propios ollos.

Os seus propios ollos craváronse nos de don Xacinto empuxando dentro deles as súas últimas palabras. El mirouno tamén con intensidade, sorprendido, talvez, polo notable efecto que as súas últimas afirmacións provocaran no seu rostro. Só un resto de escepticismo impedía a máis cabal estupefacción de Manolo Meiriño.

—A filla de Cara de Plata aseguroume que Ofelia morrera— dixo, pensando ó mesmo tempo no vello millonario que o contratara.

—Iso dixo? É mentira. Ofelia vive. Todos os actores da ignominia viven.

Seguiu un longo silencio empapado pola acritude dos olores do garaxe. Meiriño dedicou ese tempo a pasear a mirada polos rostros sempre expectantes dos conxurados.

—Eduardo— dixo don Xacinto—, importaríache achegarlle os dossieres ó señor Meiriño? Que vexa no que empregamos o noso tempo.

O home da cabeza triangular levantouse do seu improvisado asento, foi ata un cuartiño que había no fondo do local, as oficinas do garaxe sen dúbida, e regresou ó pouco portando unha carteira grande, de coiro vermello. Tendeulla a don Xacinto sen desabrochar as fibelas e sentou outra vez sobre o xornal dobrado encima do caixón. Meiriño suxeitou a carteira para que don Xacinto a abrise. Non lle bastaban as dúas mans para sostela no aire e pelexar cos pechos. Comezou a extraer carpetiñas de cores diversas que apoiou sobre o seu peito pinzándoas co queixo. Logo cerrou outra vez a carteira con coidado e fíxolle un xesto para que lla devolvese a Eduardo. Despois comezou a pasarlle, unha por unha, as carpetiñas. O contido de todas elas era moi similar. Folios brancos— ás veces folias cuadrículadas ou raiadas, arrincadas dun caderno— repletos de anotacións. Cartas remitidas desde diversos sitios e, nese caso, aparecía o sobre no que foran enviadas grampado ás cuartillas; documentos de

distinto tipo; ás veces oficiais, tanto orixinais como fotocopiados, recortes de xornais e revistas... Documentación, en fin, referida a unhas dez ou doce persoas. Nalgúns casos a carpetiña presentaba unha inscrición en oblicuo, con letras grandes encadradas por dúas liñas: RESOLTO.

—Iso quere dicir— sinalou co dedo don Xacinto—, que o interesado faleceu. Nós non pensamos que os fillos deban pagar os pecados dos pais. Ós mortos deixámoslos en paz. Claro que, se viñese ó caso airear o pasado dalgún deles por razóns poderosas, aí está, a disposición de quen o queira.

Don Xacinto quedara cunha carpetiña. Deixou que atusmase en todas as demais. Que lese, se quería, os diversos documentos, as anotacións feitas á man, os recortes de prensa. Concedeulle un bo anaco para iso. Os seus compañeiros de loxa mantiveron sempre o silencio e, case, a inmovilidade. As caligrafías nas que se fixeran as anotacións eran diferentes, pertencían sen dúbida a sete ou oito persoas distintas. Polo xeral eran moi concisas. Reducíanse a un ou varios nomes, unha data e un ou varios lugares. Ademais, engadíanse especificacións deste tipo: tiro na caluga. Tortura e tiro na caluga. Malleira. Incautación de bens. En ocasións, a especificación era máis extensa, máis aclaratoria. Describía como fora a tortura ou o modo do que se valeran para espoliar a algunha daquelas vítimas que se relacionaban e cales eran os bens incautados.

Meiriño mirábao todo por encima, saltaba dunha a outra folla, volvía atrás con rápidas olladas. Por fin cerrou as carpetiñas, igualounas entre as súas mans. Don Xacinto recolleunas e devolveullas ó home da cabeza triangular, que as pousou sobre a carteira colocada encima das súas coxas. Todos seguían a observalo coas súas miradas impasibles.

—Xa ve no que empregamos o noso tempo, meu amigo— dixo don Xacinto, cando xa a inmovilidade volvera despois do ir e vir das carpetas—. É fácil de entender. Cada un de nós realizou unha investigación, o máis exhaustiva que lle foi posible, sobre algún dos verdugos máis infames que actuaron por esta zona. Ocorréusenos a idea cando comprendemos que, con resistencia ou sen ela, as estruturas políticas deste país ían cambiar. Nós non nos volvemos meter en política, mais mantiñamos os contactos coas organizacións clandesti-



nas dos últimos tempos da ditadura. Non era difícil concluír o que se estaba a preparar, o que logo ocorreu con maior ou menor fortuna, o que está a ocorrer aínda. Pensamos que tería que haber un axuste de contas, aínda que esta expresión non sexa a que máis nos guste. Que sería imposible reconstruír nada, construír nada, se se deixaban abertas todas as feridas que permaneceron sen cicatrizar durante tantas decenas de anos.

—Non se lles ocorreu pensar que con esa postura en vez de estiñar as feridas simplemente abrirían outras?

—A nós non; en efecto, a nós non se nos ocorreu pensar iso. Polo que se ve, hai moitos outros, que si o pensaron. Tome. Este é o dossier sobre Cara de Plata. Pode levalo, se quere. Estúdeo con detemento. Fun eu quen o elaborou. É moi interesante, señor Meiriño, xúrollo. Ofelia, dona Ofelia Aceite de Lino, esa morta que está viva pola que vostede se interesa tamén aparece aí.

Meiriño ollou rutineiramente, sen intención de exame, o contido da carpetiña que acababa de entregarlle don Xacinto. Non se diferenciaba do de todas as demais.

—Permita unha pregunta, don Xacinto. Foron vostedes os que enviaron os anónimos a Cara de Plata?

—Anónimos? Non sabiamos nada. Que clase de anónimos?

—Desde hai algún tempo, varios anos, creo, Cara de Plata, vén recibindo, cunha periodicidade variable, unha serie de anónimos nos que se lle advirte que a hora da xustiza está próxima. Só iso. Despois de todo o que acabo de oír e de ver, a quen mellor lle acaen esas arroutadas é a vostedes, non lle parece?

—Parece, si; pero non é certo. Nós non fixemos nada semellante. Polo menos como grupo— don Xacinto mirou ó resto dos conxurados contra ó esquecemento—. Algún de vós enviou anónimos a Cara de Plata?

Todos negaron, de palabra ou co xesto.

—Créame. Non fomos nós.

—Está ben, creerille logo— aceptou cun barullo na cabeza que xa case lle facía dano físico—. Agora vou tomar un respiro. Necesítoo. Máis adiante poñerémonos de acordo para que vostede me ensine a Ofelia, vale?

Gaiarre compoñía a súa pose de mendicante nos banzos de acceso á catedral, na porta norte. Metera a man esquerda pola cintura do pantalón e a manga longa do seu polo descolorido e rafado colgaba baleira, coma un pingallo inerte, para finxir a inexistente invalidez. A man dereita ofrecíase aberta á caridade coma un cadro do Greco. Completaba a penosa figura cunha ollada de can vareado que lanzaba ós que entraban ou saían do templo para facer máis fluídos os seus petos. Ó outro lado da escaleira unha vella repulsiva, con toda a roña sen mudar Deus sabería desde cantos anos atrás, disputáballe as esmolas.

Meiriño entrou evitando a mirada aquilina do pantocrátor, medio estremecido, a pesar de todo, porque aínda que non mirase sabía que el sí o miraba. Nunca puido evitalo, desde neno sentiu o poder cominatorio da mirada baldeira daquel Cristo maxestático. O seu relevo esguío sobresaíndo na mandorla, a cabeza adiantada como para impoñer respecto ou autoridade, o xesto duro, inquisidor. As súas córneas sen pupila, as aletas dilatadas do seu nariz aquilino, os bucles case pérsicos da súa barba, e a melena rizada tamén en caracois, retirada cara atrás e caída sobre o ombros, trepanábanlle a conciencia, imbuída con inmisericorde e teimuda meticulosidade do fondo sentido do pecado desde a nenez. Sempre lle causara desacougo o Cristo imperante que garda a porta norte da catedral. É o estigma ineludible dos cristiáns. Poden perder a Deus, pero sempre quedarán coa culpa.

Continuou cara ó interior do templo sen parar, como adoitaba facer cando localizaba ó seu leal colaborador exercendo o seu oficio inconfesable. Gaiarre seguiuno, acomodando sen ningún pudor o seu brazo na manga do polo. Acomodáronse nos últimos sitiais do coro alto, engulidos polo silencio e a penumbra. Fronte a eles ardía todo o esplendor do altar maior. Tres ou catro devotos recollían os seu fervores no escuro cadeirado.

—Non entendo nada— dixo Gaiarre despois de tragar o detallado relato que lle fixo Meiriño dos últimos acontecementos—. Nada de nada.

—É o que hai— reafirmouse Meiriño, tan perplexo coma el.

—Pero, cago en tal, Meiriño, que é toda esa historia da guerra civil, de vítimas e verdugos? Que recoiro é iso?

—Dixéchelo ti desde o primeiro momento, Gaiarrito, mi niño, recordas? É unha historia de pantasmas.

Mirouno desde a súa cara miúda cuberta sempre dun cínico desvalemento. Ocupaba Gaiarre a primeira cadeira do coro da epístola, no testeiro, dedicada polo Moure ó Santo Anxo da Garda. Meiriño sentaba a continuación, na cadeira de San Pedro. Por encima da cabeza do seu amigo sorría o rostro bufo e retranqueiro do Tentador.

—Non sei, non sei— meneou a cabeza Gaiarre, preocupado—. Creo que sería mellor facerlle caso a Mexuto e inventar o currículo sen máis.

—Non sexas cabronazo, Gaiarre. O que haberá que facer será informarse a fondo do que está a pasar.

—Foder! Todo facía pensar que se trataba dunha cornificación histórica, un caso de celos retrospectivos, eu que sei. Pero agora asoma a guerra civil. Como chamaches ós tíos eses? Ah, si! Conxurados contra o esquecemento. Ademais, a morta resulta que está viva. Xa me dirás!

—A min estánseme inchando as pelotas, iso é verdade. Creo que vou falar con Mexuto para que me aclare un pouco as cousas. Ala, imos tomar algo por aí.

Faltaba pouco para que escurecese. Na rúa Bispo Basulto xa había xente tomando viños e cervexas dentro e fóra dos bares. Eles seguiron pola Praza do Campo e pola Ruanova ata a Eslava. Alí fixeron a primeira parada. Meiriño tomou un rioxa e Gaiarre un ribeiro xove, acompañados dunha tapa de tortilla de patacas cuberta cunha folla de leituga. Logo unha orella na Nosa Terra, o antigo Neno, despois queixo fresco con pan centeo na Cueva, ó fondo da Praza do Campo. A verdade é que non os miraban ben en ningún sitio. Gaiarre era un personaxe dabondo coñecido na cidade. Un paria. Non debía invadir os lugares reservados para a xente decente. Os tempos cambiaron moito, agora hai unha clara mestizaxe social, os espazos compártense, trocáronse abertos, pero aínda queda o ramalazo dunha cidade provinciana onde a estratificación social resulta máis acusada. Pero o caso de Gaiarre ía máis alá de todo isto. Gaiarre estaba fichado en moitos bares porque demasiadas veces largaba sen pagar. Tiña contas pendentes en moitos establecementos.

En realidade, nalgún dos que entraba aquela noite no ousaría facelo sen a compañía que Meiriño lle brindaba. Se fose só botarían a patadas ou, simplemente, non lle servirían. Ás veces tolerábano os propietarios por evitar un incidente desagradable co local cheo de xente. O caso de Meiriño era distinto. Del sabíanse menos cousas. Nunca armara ningunha liorta en ningún daqueles locais. Onde estaba fichado era no mundo máis depravado da noite. Pero alí non se trataba de servir ou non unha consumición. Alí xogábase o pelexo. Aínda que tamén tiña amigos por aquelas covas, todo hai que dicilo. Algún había, é verdade. Entraron no Cinco Vigas para tomar os indefectibles rioxa e ribeiro xove, o sexto ou sétimo, talvez. Tiveron que quedar na porta porque o bar estaba cheo, á parte da xente que daba conta da súa consumición fóra, en plena rúa da Cruz. Serviunos Xesús co seu aspecto sempre serio. Mirou a Gaiarre con desprezo e malhumor. Aquel era un dos lugares onde el só non ousaría entrar. Tomaron unha tapiña de fígado na bandexa redonda que lles ofreceu a muller. Mentres bebía, Meiriño mirou cara ó fondo. A rubia de ollos verdes, gordecha e ben feitiña, latricaba animadamente con outras tres ou catro mulleres do seu mesmo estilo. Decatouse de que reparaba nel e, tamén, de que trataba de disimulalo.

—Espera aquí— dixo a Gaiarre e achegouse a ela. Naquel momento o seu grupo empezaba a marchar.

—Necesito falar con vostede. Agora.

—Esperádeme no Anda. Axiña vou. — pediu a rubia ás súas amigas. Todas miraron a Meiriño con expresión curiosa ou sorprendida. Ela ollouno sen ningunha sorpresa. Conservaba a súa mirada aquel aire incontrolable de inocencia pervertida.

—Vostede dixo que Ofelia morrera. Informeime de que está viva. Mesmo quedei con alguén que me vai levar vela. Por que me mentiu?

—Porque a vostede non lle importa nada de nada canto se refira a Ofelia. O que ten que facer é deixala en paz.

—O problema é máis complexo do que vostede imaxina. Vostede di que Ofelia morreu e Ofelia está viva. Pero é que o meu cliente, o que me encargou a biografía, xa sabe, tamén me dixo que morrera.

—Pode saberse quen é ese misterioso cliente?

—O seu marido.

Abríronselle os ollos e a boca nun divertido estupor. Sen dúbida, a xulgar pola súa expresión, acababa de oír a cousa máis absurda, pode que mais inesperada, do mundo.

—Que di, home!— rexeitou a súa revelación—. Esta si que é boa!

—O marido de Ofelia é o meu cliente— sostivo el.

—O marido de Ofelia! Que disparate! — só lle faltaba soltar unha gargallada ou cuspirlle nos ollos—. Iso é imposible. O marido de Ofelia é un vexetal. Nin sequera nós, os que coidamos del desde hai tantos anos, podemos asegurar se sente ou se padece. Desde logo, falar non fala. Se tivese falado con vostede ou con calquera outra persoa, daquela estaríamos diante dun milagre.

Fixo unha pausa. Movía a cabeza marcando un asombro conmiserativo cara a el. Incluso o mirou un par de veces igual que se mirase o maior imbécil que tivese visto na súa vida.

—Mire— continuou—, eu non comprendo nada do que está a pasar desde que vostede apareceu por aquí e na casa tampouco non entendemos nada. Pero non estamos dispostos a que as cousas sigan así. Advírtollo. Logo non se chame a engano.

Sabía endurecer a expresión. E a voz. De feito a ameaza formulouna moi ben, coa voz fría e sen espaventos.

—Esquece, señorita— intentou contraatacar Meiriño—, que tamén vostede e o meu cliente. O asunto das cartas, esqueceuno?

—Iso foi unha lixeireza pola miña parte. Ó coméntalo na casa puxéronme a caer dun burro. Quen ten que esquecelo é vostede, se fai o favor. Se temos que pagarlle algo, diga canto e listo.

—Neste gremio iso non vale, señorita. Non se pode ir abrindo e pechando portas como se tal cousa — agarrábase ó único que podía despois dos paus que viña de recibir.

—Non penso falar nada máis con vostede. Deixe en paz a Ofelia. Déixenos en paz a todos nós. Do contrario hase arrepentir. Logo non diga que non o avisamos.

A rubiña abriuse paso entre os clientes, buliciosos, do Cinco Vigas, e saíu para reunirse coas súas amigas no bar do lado. Meiriño tornou xunto a Gaiarre e acabou o seu rioxo. Estaba quente e perdera toda a graza.

—Creo que vou falar con Mexuto— dixo, moi serio, co desgusto do viño acedándolle a lingua e o sentimento—. Agora mesmo.

Gaiarre mirouno e non dixo nada. El xa acabara o seu ribeiro xove.

Mexuto era un cabrón con pintas. Un fillo de puta. Polo menos iso era o que dicía Gaiarre. Meiriño mantiña unhas opinións sobre el que diferían un pouco. Á fin e ó cabo era o único que tiña: Mexuto e Gaiarre. Gaiarre pouco podía darlle, agás a súa compañía e a súa adhesión incondicional. Pero se Mexuto o deixaba caer quedaría absolutamente desvalido, sen nada. Sen nada de nada; a buscar a vida por aí, á desesperada. Grazas a Mexuto —aínda que non sempre, claro— mantíñase nunha confusa situación en canto ás cualificacións legais que puidesen facerse sobre el.

A entrevista con el non lle serviu para nada.

—¿ Que queres que che diga?— preguntouse despois de escoitar as súas queixas—. Agora mesmo ti sabes moito máis ca min. Supoño que tomarías notas, que te deixarías conducir polo don Xacinto ese ata dona Ofelia, que atusmarías un pouco máis en todo este asunto e elaborarás un informe para o velliño que nos contratou.

—Pero mentiuos. Dixo que era o home de Ofelia e non é certo; dixo que Ofelia estaba morta e tampouco non é certo. Que clase de encargo é o que se fai de semellante maneira?

—E a ti que che importa? Leva a investigación ata onde che pareza oportuno, pásaslla nun informe e despois que faga con ela o que lle dea a gana. A ti que che importa?— repetiu—. Só o diñeiro que che adiantou para gastos sería un bo pago para un traballo coma este, e iso realizado por un profesional serio, non por un pelexo coma ti.

Saíu da entrevista co mesmo sangue avinagrado que se lle poñía sempre que estaba con Mexuto máis alá de cinco minutos. O seu valedor vivía nun amplo chalé forrado con lousas de cantería nunha das urban-

izacións da Acea de Olga. Acompañouno ata a porta do xardín coas súas chancletas, as súas bermudas e a súa camisa habaneira. Os lentes de sol levábaos na man. Os dous pastores alemán que lle gardaban a leira acompañábanos tranquilos, coa lingua de fóra, xogando entre eles de vez en cando.

—Xa sei que contigo é inútil pretender calquera tipo de disciplina— díxolle Mexuto xa na cancela—. Pero agradeceríache que lembrases que non quero verte por aquí.

—Tereino en conta— concedeu mordendo a ira nas palabras—. Este asunto estábame superando.

Gaiarre esperaba na esquina. Xuntos botaron a andar cara a Fingoi para acceder logo á Avenida de Ramón Ferreiro. Ían polo paseo do centro. Debaixo dos tileiros e dos plataneiros, para gardarse do sol rabioso xa, a aquela primeira hora da tarde. A mañá empregáaa en durmir ou, mellor dito, en suar todo o Ríoxa inxerido durante a noite e en decidirse a visitar a Mexuto na súa casa, malia a determinación manifestada ó saír do Cinco Vigas. Gaiarre acompañábao en silencio. Sabía que, cando se lle poñía a cara que levaba daquela, o mellor era non importunalo. E é que xa estaba saturado pola tensión dos últimos días, polas forzas encontradas que lle saían ó paso no condenado asunto de Ofelia. El non era home de constancia e, ademais, soportaba mal a tensión. Polo xeral os traballos que lle pasaba Mexuto eran doutra índole. Adoitaban ser disuasorios ou incentivadores. Disuasorios cando se trataba de que alguén deixase de facer algo —porque o que facía non lle gustaba a un terceiro, claro está—; e incentivadores cando se trataba de lembrar a persoas esquecedizas que tiñan algún pago pendente. Estes traballos adoitaban resolverse pola vía rápida. Non obrigaban a pensar moito nin a manter unha concentración sostida durante demasiado tempo.

—Señor Meiriño, importarlle subir ó coche?

Juárez, o diminuto secretario enloitado de don Hermóxenes Crespo permanecía de pé xunto á porta aberta do enorme volvo antigo, gris, de aspecto pesado coma un tanque.

—Vostede só, por favor— engadiu sinalando a Gaiarre—. O señor Crespo estou a esperar.

—Buscareite logo nos sitios de costume— dixo a Gaiarre xa desde o interior do coche.

Juárez desaparecía engulido polo asento diante da roda do volante. Conduciu con lentitude exasperante durante unha media hora. Pasaron o Portón do Recanto e logo A Palloza, tomaron o desvío de Castro de Ribeiras de Lea e, por fin, detivéronse ante a portada dun muro de lousa. Juárez baixou para abrilo, meteu o coche e volveu baixar para pechalo. O muro encerraba unha casa antiga remocicada, rodeada por unha pequena parcela cuadrangular cuberta por un céspede moi ben coidado. Hermóxenes Crespo estaba no soportal, sentado no mesmo mexedor e vestido, probablemente, co mesmo traxe da primeira vez. As zapatillas foran substituídas por zapatos negros e non levaba o sombreiro. Sen el a súa cabeza parecía tal cal unha caveira.

—Boas tardes, señor Meiriño. Sente, quere? — invitouno sinalando unha cadeira de praia que había cabo del. A voz seguía a ser recia, pero as pausas resultaban excesivas para a elocución, aínda que non para a canseira duns pulmóns moi esgotados.

Sentou. Gardaba aínda no seu ánimo a bile revolta por Mexuto e a ira xorda que lle producía o conxunto da situación. O señor Crespo debía de ser un bo observador, un bo psicólogo a xulgar polo que dixo a continuación:

—Comprendo que estea vostede desconcertado, mesmo que estea anoxado. Compréndoo, de veras. Gustaríame arranxar iso.

—Eu non me queixei. Aínda non.

—Trae vostede a queixa inscrita no rostro, señor Meiriño. Quere beber algo? Unha cervexa? Algunha cousa fresca? Juárez traeralle o que vostede desexe.

Mirou para o secretario. Permanecía, igual cá outra vez, en pé detrás do seu xefe. Á luz do día puido observalo mellor. Era diminuto, é certo, pero fibroso. E moi moreno, tanto de pel como de pelo. Sombreaba unha boca rectilínea cun bigotiño mouro e os ollos, mouros tamén, miraban con dureza e un punto de raposería que xa percibira na terraza de Vigo.



—Non vou tomar nada, señor Crespo— rexeitou case con brusquidade—. O único que pode refrescarme é a verdade. Ou, polo menos, a razón de tantas mentiras.

Hermóxenes Crespo asentiu como tiña por costume, coas mans cruzadas á altura do peito e movendo a cabeza de arriba a abaixo. Juárez mantívose impassible sen esquivar a ollada.

—Por que me dixo vostede que era o home de Ofelia? Por que me dixo que Ofelia estaba morta? Que pinta en todo isto un grupo de vellos conxurados contra o esquecemento, reclamando unha xustiza que xamais obterán? Que son e que teñen que ver neste asunto o chamado Cara de Plata e a súa filla?

Soltou esta reia de preguntas sen facer unha pausa sequera, empuxando unha coa outra, gritándoas case.

—Algunhas cousas— dixo o señor Crespo coa súa calma sempiterna— tería que contestalas vostede; outras terei que respondelas eu. Déixame que lle conte a miña vida, señor Meiriño? Á fin e ó cabo son un pobre vello solitario. Ben, é verdade que conto coa inestimable compañía de Juárez. Pero Juárez ten que ocuparse das súas cousas e eu paso moito tempo só. Ademais, a todos os vellos nos gusta falar moito. Encántanos que nos escoiten, que nos presten atención. Podo contarlle a miña vida?

Nin sequera se molestou en asentir cun xesto. Estaba claro que o fixeran ir ata alí para iso, para que o vello do mexedor lle contase a súa vida.

—Verá, meu pai emigrou a México bastantes anos antes de que comezase a guerra, a guerra civil española, quero dicir. Deixou correr algún tempo, supoño que ata que considerou consolidada a súa posición, a súa seguridade alá, e reclamounos a miña nai e a min. Para entón eu era xa case un home. E en España había unha república. O meu pai iniciara a creación do que anos máis tarde había ser un imperio, un auténtico imperio. Tiña un rancho ou unha facenda, non sei como lle chamarían vostedes por acá. Unha estancia, quizais, diríamos nós. Tampouco importa moito. As cousas íanlle ben. O meu pai era ourensán, da zona de Verín. En Ourense, non sei por que, abonda unha caste de homes loitadores, tenaces, chamados a triunfar nas empresas que acometen. Eu coñecín

moitos. En México hainos a ducias. Pero a min México non me gustaba. Atraíanme os Estados Unidos. Era a miña obsesión. Marchar ós Estados Unidos. Un día fíxeno. Fuxín, seguro que sen necesidade, porque estou convencido de que meu pai consentiría a miña aventura norteamericana. Pero eu preferín fuxir. E fíxeno así en compañía doutros tres ou catro rapaces. Fun un deses costas molladas dos que tanto se fala. O certo é que mentres a facenda dos meus país prosperaba e prosperaba, cada vez máis en México, eu convertínme nun aventureiro, un fóra da lei, no gran veciño do Norte. Sabe vostede como regresei a España, señor Meiriño? Atreveríame a apostar dez contra un a que nin o pode imaxinar. Alistado no Batallón Abraham Lincoln. Volvín a miña patria a loitar a favor da República como brigadista internacional. Cando nos evacuaron, aínda andei perdido durante algún tempo, desorientado por aí. A miña condición de aventureiro sufrira unha fonda modificación. Xa nada era igual. Nada. A guerra, en España, deixárame un pouso de amargura, de desesperanza, de tedio inmenso. Estiven en Brunete, como vostede saberá. Todo o mundo sabe que en Brunete se desenvolveu unha das batallas máis crueis e máis cruentas da guerra civil —mentres falaba o vello brigadista, a mente de Meiriño poboábase de imaxes mil veces repetidas en nodos e reportaxes televisivas, imaxes de homes grises con uniformes grises, con cascos grises, con armas grises, e de pedras brancas, de nubes brancas, de fume de pólvora branco, de ceos grises, de terras grises, de explosións brancas e grises, de sangue negro, de sangue negro, de sangue negro; imaxes acompañadas polo ruído infernal dos fusís, das metralladoras, dos morteiros, dos canóns, das bombas, ruído que nunca se oía, ou case nunca, apagado pola voz metálica, chea de arestas escrupulosamente pulidas con esmeril, dun locutor de dicción perfecta, asombrosamente dotado para o relato épico. Era a guerra inmobilizada, a guerra fosilizada, igual a si mesma un tempo tras outro tempo, nai nutricia de todos os futuros posibles ou femia de escorpión disposta a devorar os seus fillos tan pronto se puxesen a tiro. Á súa mente acudiron, como conxuradas, as imaxes da estrafalaria Mamita Mulata e os sons de gramola dos himnos republicanos que na súa casa escoitara—. As brigadas internacionais xogaron un papel importante alí. En certo modo

xogaron o seu ser ou non ser —continuou a voz rexa e pausada do vello emigrante—. Os dous batallóns americanos fomos decimados, aniquilados case. Os polacos, ó parecer, fuxiron da fronte. Houbo que facelos regresar a golpe de pistola. Os oficiais tiñan que ameazar os seus homes que se negaban a seguir aquela loita brutal. O rigor da estepa castelá, en pleno mes de xullo, cebouse tamén en nós, os combatentes, tanto nos dun lado coma nos do outro. A calor era insoportable, a sede irresistible. Pero, sobre todo, a crueldade da loita, a ferocidade, o odio encarnizado que parecía animar a ambos bandos. Endexamais volvíñ ver matarse así, combaterse así, con semellante saña, a uns homes contra outros. Eu creo que sufrín unha depresión naquela época, pero, naturalmente, iso tería que dicilo un médico. O caso é que regresei a México, a casa dos meus pais. Eles recibíronme cos brazos abertos. Recorda a parábola do fillo pródigo? Pois igual. Viran marchar un rapaz inquieto e viron regresar un home, novo, si, pero duramente avellentado pola terrible experiencia da guerra. Case non cambiara nada nas posesións do meu pai. Simplemente medraran. Pero permita que lle aforre detalles. Non teñen importancia. Meu pai acollera nas súas terras un home exiliado de España. Era un home xa maduro. Un médico que tivera que fuxir da súa patria, ó comezo mesmo da guerra, porque a súa vida corría perigo. A México chegou sen nada. Apenas coa roupa que vestía. O meu pai aceptouno e deulle traballo. Pensou que un médico non viña nada mal para a poboación diseminada que se estaba a xestar ó redor da súa facenda e grazas a ela. Cando eu cheguei o doutor Araúxo, así o chamabamos todos, dispoñía non dun hospital pero si de algo máis que unha simple consulta. Digamos que un pequeno dispensario. O doutor Araúxo era un home moi reservado, case antisocial. Non podemos dicir que fose taciturno, fusco ou túzaro. Non. Pero, fóra do seu traballo, empregaba as palabras xustas e refugaba, sempre que podía, os actos sociais. Meu pai apreciábo moi. Araúxo non daba facilidades para que se lle mostrase o afecto, pero meu pai apreciábo de verdade. Vino cantidade de veces coa mirada envisa nas costas do médico, observándoo sen que el se decatase, como tratando de descifrar o misterio o os segredos que o exiliado gardaba tan celosamente. Estaba claro que sufrirá moito. Non parecía que a súa dor

consistise só, e xa non sería pouco, na saudade do trasterrado, do que todo o deixou detrás, do que todo o perdeu. Parecía que a dor era máis fonda, unha dor esencial. Non sei como exprésalo. A pena negra do canto jondo. Non sei. Vivía, ó menos en aparencia, nun celibato total, sen licenzas ocasionais nin estables, que naqueles pagos non entrañarían a menor dificultade, e menos para un home da súa condición. Meu pai morreu antes ca el, varios anos antes. Tamén era maior. Foise sen coñecer os seus segredos. As miradas solermiñas non eran suficientes para franquear o paso ata eles. Eu si os coñecín. A min contoumos un día, sentados os dous no soportal da casa grande da facenda do meu pai, que por entón xa era toda miña. Contoumo todo, penso que sen gardar nada. Caía o sol sobre todos nós mentres el me contaba a súa terrible historia, tan remota xa, e tan vívida na súa voz. Xamais conseguín esquecer as palabras, unha a unha, que me dixo, as palabras que empregou para desvelarme o seu segredo, o segredo da súa dor esencial.

Meiriño lembrou a Damián, o vello de Santa María de Oía, tan fatigado, tan afectado tamén por unha dor esencial coma aquela que lle estaban a narrar.

—Sabe vostede xa quen era ese home, señor Meiriño, ese doutor Araúxo de quen lle veño falando? Era o marido de Ofelia, o home da muller que lle pedín que buscase.

Meiriño mirou o vello cunha das poucas miradas limpas que de vez en cando era capaz de recuperar.

—A que veu facerse pasar polo seu marido e toda esa parvada do xuízo final, o pleno coñecemento... todas esas parvadas da primeira entrevista?

—Ah, iso! Pídlle perdón por iso. Non se me anoxe, por favor. Divertimento. Puro divertimento. Lino nunha novela cando era case un neno. Comezaba así, cun encargo coma ese que un pobre vello millonario facía a un detective privado. Logo enredábase a trama nunha liorta de celos, amores contrariados, trata de brancas, drogas... unha merda, créame.

—Ou sexa, que vostede pensa que tanto Mexuto coma min somos dous perfectos imbéciles.

—Que conste en acta que non fun eu que dixo iso— chanceou o señor Crespo— Eu non o enfocaría desa maneira. En efecto non son o home de Ofelia. Conteille unha boa tremoia, é verdade. Pero en certo modo si que son o home de Ofelia. Son o único que queda del. A súa memoria, comprende? Meiriño, que somos todos nós se non memoria? No momento que eu me apague o doutor Araúxo xa non será nada. Nada de nada. Juárez quería facer o traballo el mesmo. Non lle deixei.

Hermóxenes Crespo reparou na mirada de asombrada incredulidade que Meiriño lanzou sobre o diminuto secretario.

—Lamento que sexa vostede un deses homes fatuos que se deixan levar polas aparencias, señor Meiriño— dixo o vello—. Juárez é un home dunha eficacia milimétrica no seu traballo, non o dubide. A el non lle gustan este tipo de demostracións, pero voulle pedir que faga unha para vostede.

O señor Crespo buscou algo no céspede durante uns segundos.

—Ve vostede aquela títula que revoa, zoupona, sobre a herba, alá, a seis ou sete metros de nós?

Meiriño asentiu cun xesto. O insecto patudo movíase en efecto alí onde indicaba o vello señor Crespo.

—Juárez, quere mostrar as súas habilidades ó señor Meiriño?

Antes de que tivese tempo para un suspiro voou a navalla automática desde o soportal e ensartou o animalíño sobre o pasto. Juárez deixou transcorrer uns segundos e acercouse a recoller a súa arma. Limpouna e regresou ó seu posto detrás do xefe.

—El debe atender a outras cousas— dixo o vello como se nada do ocorrido tivese ocorrido—. O que si lle pedín é que peitease Lugo en busca da persoa adecuada. Descubriu a Mexuto.

—A Mexuto! Meiriño mirou case con desprezo ó homiño vestido de mouro.

—Non se sorprenda, señor Meiriño, nin se anoxe tampouco. Sabemos que Mexuto é un desvergoñado. Sabémolo. Tamén soubemos que calquera cousa que se lle pedise a el trasladaríalla a vostede. Comprenda. Os fins que perseguimos non poden poñerse nas mans de xente honra-

da, de profesionais auténticos, xente con ética profesional e esas cousas. Ademais debo confesar que eu buscaba divertirme con todo este asunto. Ó tempo que satisfacía vellos e cada vez máis frementes desexos, decidín que sería bo divertirse un pouco. Non sabíamos, claro, por onde sairían vostedes, pero supoñíamos que farían calquera barrabasada. Suficiente para que a xente que buscábamos asomase o fociño. Levaban moito tempo con el agochado. Ese increíble anuncio seu! Xa ve, axiña deu resultado. Contabamos con algo así. Calquera disparte. Pero a nós o que nos interesaba non era o que vostedes fixesen, senón que eles aparecesen. Vostede conseguíuno. Agora xa os temos.

—Os anónimos que recibiu Cara de Plata, enviounos vostede?

—Envíei, si. Os anónimos formaban parte do meu xogo. Pero entorpeceron un pouco os meus proxectos. A xente que buscaba asustouse. Sen dúbida que se asustou. E desapareceron. Durante un tempo tivémolos perdidos. Pouco tempo, a verdade. Non fixeron máis que retirarse a unha vella propiedade que mantiñan pechada dende había tempo, un casarón aldeán, un pazo, como lles chaman aquí. Pero iso foi hai pouco. Antes fuxiron á Coruña. Ó recibir os primeiros anónimos marcharon á Coruña. Cando comezaron a recibilos alí refuxiáronse na aldea. Vostede fixoos saír deses cuarteis de inverno como diría un romano.

—Ou sexa, que se trata dunha vinganza.

—Non o sei. Non estou seguro aínda. Verá. Eu estiven na guerra de España loitando a prol da República, como brigadista. Este país, que non deixa de ser a miña patria, non o esqueza, desangrouse nunha contenda atroz. O odio e a barbarie, a barbarie!, encheron España de cadáveres, de viúvas, de orfos, e logo de vencidos e de condenados. Pero tamén a encheron de vencedores, de verdugos, de traidores, de superviventes... Cando o doutor Araúxo me contou a súa historia comprendín que algún día tería que volver aquí, a comprobar por min mesmo en que parara todo. A República, a guerra, a ditadura eterna, a democracia agora... Que hai aquí, que foi de todo iso?

—Por que non me conta a min a historia do doutor Araúxo?

—Contareillo, descoide. Máis adiante. Agora quero que me encontre a

Ofelia. É evidente que está detrás dese pai e desa filla que responderon ó seu anuncio. Como dixo que se chama?

—Non o dixen. Chámase Ernesto Forcador.

—Xa. Pero o outro nome que lle daban, como era?

—Cara de Plata.

—Sabe vostede que fixo Cara de Plata polo doutor Araúxo, señor Meiriño? Outra pregunta de resposta imposible para vostede, desculpe. A verdade é que non fixen máis que preguntarlle cousas ás que vostede non pode contestar. Sabe o que o doutor Araúxo debía a Cara de Plata? — o vello brigadista deixou en suspenso a pregunta mentres cravaba as súas pupilas como dardos nas del—. A vida.

—A vida? Pero se ese home é un maldito asasino! Só Deus sabe a de xente que asasinou nos primeiros meses da contenda! As súas vítimas non eran combatentes. El movíase na retaguarda.

—Seino, señor Meiriño, seino. Encóntreme a Ofelia. Cando a teña, non faga nada. Só avíseme. Ah, agora é vostede ó único responsable! Mexuto xa non pinta nada.

Díxolle a Juárez que o deixase alí mesmo, outra vez ós pés da aguiá imperial. Juárez, tan diminuto, tan sobrado naquel amplo automóbil, tan parco en palabras, fixo un aceno que el case non viu. Tanto podía ser un saúdo coma unha admonición, unha advertencia de que debía cumprir o encargo que lle fixeran. Aínda quedaba unha hora ou hora e media de sol. Retrocedeu ata a esquina da rúa da Raíña, onde un vello bazar non se sabe se opoñía os seus últimos alentos á ruína ou morría por consunción. En fronte, ó outro lado, a fea arquitectura funcional devorara xa un dos comercios máis rancios da cidade. A confección cedera o seu posto á banca. Pelexa desigual, talvez, ou non tanto.

Mirou no fondo da rúa, a fea torre do consistorio sen fixarse na hora que marcaba o reloxo que daba ó concello un aspecto ciclópeo. Si reparou, emporiso, na luminosidade da farmacia pegada ó costado da casa consistorial. Mirou a rúa enteira, o tubo completo da arteria princi-

pal da súa cidade que se lle ofrecía, desde a esquina na que estaba nunha perspectiva practicamente completa. Só as primeiras casas da esquerda, o lado da esquina que dobraba, escapaban en parte á súa mirada. Pero iso dáballe igual. O que o impresionou foi a xente. A rúa da Raíña estaba chea de xente, ategada de xente. El aínda traía na garganta, no tórax e no estómago o anoxo de que intentaran inmiscilo nunha vella historia da guerra civil. Que sentido podería ter chimpár aquela historia— por outra parte aínda incompleta para el— da guerra civil sobre os despreocupados viandantes —paseantes— da rúa da Raíña de Lugo? É máis, xa postos a iso, que sentido podía ter o propio nome da rúa, dedicado á raíña infame? Como soportan os pobos a historia? Case perpendicular a esta raíña está o Xeneralísimo e, facendo panca entre ambos, está José Antonio. Pero non afnaba tanto o seu pensamento naquel momento. Simplemente miraba bulir a xente na rúa principal da súa cidade. Comezou a camiñar, mergullándose no bulicio que animaba o espazo urbano. Quen dedicara un minuto do seu tempo a reflexionar sobre o sentido profundo daquela cativa capital de provincia na que el habitaba? Tiña que vir desde México un aventureiro apátrida para obrígalos a todos a reflexionar sobre a historia da súa propia comunidade? A quen lle doía máis España, ós españois acomodados á sintaxe da supervivencia ou ós que viñeron de fora a gañar a guerra e perdérona?

No medio da rúa, acaparando unha nova esquina, elevaba, soberbia e estúpida, a súa marmórea arquitectura a sede dun banco rexional. O arquitecto, outra vez funcionalista, deseñara un mausoleo, un panteón de mármoreos verdosos en duro contraste coa nobre cantería do edificio fronteiro, a Delegación de Facenda, roubado á Igrexa nunha das dúas inútiles desamortizacións do pasado. Meu Deus! Que acumulación de estulticias! Levaba atravesada no ventre a historia do doutor Araújo, a absurda piedade do asasino Cara de Plata. E Damián! Meu Deus! Parou varias veces en diverso puntos da rúa, xirando sobre si mesmo para observar o ir e vir dos seus concidadáns. Feriuno a palabra, que acudiu á súa mente sen que ninguén a chamase. Concidadáns. Nin un só daqueles seres que pululaban pola rúa principal da súa cidade se mostraría solidario con el. Nin un só. Cantos se mostrarían solidarios co desventurado



doutor Araújo corenta e tantos anos atrás? Gaiarre!, pensou. Gaiarre! Non sabes a falta que me fas, cabronazo!

A Praza Maior, ata onte mesmo chamada Praza de España, estaba ateigada, por iso se meteu pola rúa das Dulcerías, xirando rápido xunto ó quiosco da Queta. A rúa das Dulcerías ou de Batitales antigamente estaba máis desconxestionada. Ó fondo, La Voz de la Verdad despregaba os seus escaparates debaixo do ampuloso escudo dalgunha familia nobre, esfumada pola propia innecesidade coma a cinsa dunha fogueira. Fixo o ángulo de Conde Pallares coa rúa da Cruz e comezou a sentirse a salvo no medio do novo bulicio co que foi dar de narices. Alí a xente, pese a ir e vir, non paseba. Tasladábase dun a outro mostrador en busca dun viño e dunha tapa. Era pouco probable que Gaiarre andase por alí só. Deixouse levar por unha das dúas correntes contrapostas nas que a rúa quedaba dividida polos que desfacían xa o etílico itinerario e por quen o iniciaban. Non entrou en ningún local a beber nada, aínda que asomou o bico a varios por se Gaiarre puidese andar por alí. Na Praza do Campo sentiuse como liberado da presión que o aburría. A xente escorríase case toda baixo os soportais que formaban un ángulo recto e deixaban case baleiro o espazo central, ó redor da fonte de San Vicente. Pero non era a aglomeración da xente, absolutamente habitual na zona dos viños, o que ocasionaba o seu abafío. Non podía evitar que a súa mente retrocedese no tempo, ata os días nefastos do doutor Araújo. Seguro que tamén entón as xentes paseaban envisas en si mesmas e nos seus propios intereses polas rúas da pequena cidade, alleas por completo ó sufrimento daqueles ós que lles tocase sufrir. Un heroe na fronte. Un indesexable na gabia dunha entrada. Seguro.

Descendeu Tinería abaixo, ata á Rinconada do Miño. Gaiarre non estaba tampouco no seu burato. Alí si que entrou nun dos locais. Era un barciño pequeno, cheirento, escuro, protexido baixo o pimpante letreiro en purpurina dourada: O Moño de Ouro. O encargado da barra serviulle sen saudar un whisky con coca—cola. Logo achegóuselle unha dama. A perruca que levaba sumada ó estuco da súa cara convertéranla nunha máscara horrible.

—Meiriño, canto bo por aquí! invítasme a unha copa?

—Non. Viches a Gaiarre?

—Non o vin en todo o día. Pero ti parece desgustado, contrariado, non sei. Estás seguro de que non queres tomar unha copa comigo? Para falar, home; só para iso.

—Falar? Todo o mundo fala ó meu arredor. Todo o mundo. Non fan máis que falar. Atordáronme, Mercediñas. Cóntanme unhas historias que non me interesan nada. Nada de nada. Pero, así e todo, róenme. Róenme aquí— golpeou o peito, e despois o ventre—. Aquí! Róenme!

—Tranquilo, ho. Ti non tes sona de mexericas. Que? Invitas ou non invitas?

—A ver, Amadeo; ponlle o que queira á señorita.

—Grazas.

—Por que te pos esa pinta de espantallo? Ti aínda estás de moi bo ver.

—Direiche por que. Porque por aquí non pasan máis que vellos máis sós cá unha ou catro desgraciados borrachos coma cubas. A buscar sexo soamente veñen eses. Se non reforzas a imaxe, nin te ven.

—Eu se teño que darlle un par de hostias a un tío, doullas. Se teño que ameazalo con queimarlle a casa ou o coche, fágoo. Que pague ou, se non, zóscolle. É o meu traballo. Polo xeral non fai falta chegar a tanto. A xente acollóase e paga. Sobre todo cando vou con Gaiarre. Debe de ser que o aspecto de Gaiarre impresiona moito. Pero esta vez encargáronme un traballo que me está a tolear, Mercediñas. Toléame, de verdade.

—Mira, entrou xente— indicoulle a dama en voz baixa—. Así que non me volvas chamar Mercediñas. Chámame Kity.

—Vale.

—E se un día te contrata o meu negro porque quedei coa recadación, tamén me vas pegar a min, cariño?

—Ti e mais eu non lle importamos a ninguén, Kity. Sería absurdo que nos pegásemos. Ó teu negro mandaríao á merda, e a ti, despois de lavarte, botaríache un canivete. Pero o outro é distinto. É como unha nube que se puxese sobre todos nós, unha nube inmemorial, eterna; unha nube baixa que en vez de ameazar chuvia ameazase con esmagarnos a todos.

Kity mirouno con aprehensión revestida de tenrura.

—Posme medo con esas cousas que dis. Estás mal, Meiriño. Xa o vexo. Vaite, anda. Vai durmir ou emborracharte, pero non me contaxies a túa amargura.

Rexeitou a Praza do Campo e meteuse pola rúa Catedral. Ó saír á Praza de Santa María descubriu a Gaiarre. Estaba sentado nas escaleiras do bispado. A un lado despregara un papel de cor marfileña e sobre del tiña pan e embutidos. E un tetra—brick de viño tinto.

—Cago no leite negro! — maldiciu golpeándolle un ombro—. Díx-enche que teño cartos, non? Por que andas con esta merda? Se me dá a gana ceamos no Verruga! Comprendes? No Verruga!

—Mira cando mo dis.

Tomou o cartón e axitou o seu contido, sopesándoo.

—Estás trompa?

—Máis ou menos.

—Sabe o que facían os romanos? Pois veña, naquela esquina. E logo ó Verruga.

—Ó Verruga non, Meiriño, por favor. Con esta pinta!

—Ó Verruga. Luis é bo tío.

—Imos á zona da Milagrosa e tomamos un polbazo ou un churrasco. Prefíroo, de veras.

Gaiarre deixou abandonada a súa cea e botou a andar detrás del. Tiraron pola Ruanova abríndose paso entre a xente que se movía a ritmo de procesión. Ó atravesar a porta da muralla reparou neles por primeira vez.

—Pois eu creo que nos seguen desde hai un bo anaco— respondeu Gaiarre ó seu xesto de advertencia.

—Por que non mo dixeches?

—Non lle din importancia. Pensei que sería unha coincidencia.

—Desde logo, Gaiarre, é que non serves nin para can, cago no demo.

—Home, un vello e unha tía, tampouco é para tanto.

—Pero véñennos seguindo, carallo. Non é para tanto que nos veñan seguindo? Anda, ímonos meter por aquí, que está máis escuro, a ver que fan.

Metéronse por unha calella curva, mal iluminada, solitaria. Retiveron o paso para que puidesen alcanzalos ou, cando menos, acercarse.

—Saca a pistola, papá! Veña, sácaa agora e dálles un susto a estes dous desvergoñados! — era a voz da rubiña repoluda dos ollos verdes—. Pero onde a tes? Queres sacar a pistola dunha vez?

—Xa vou, muller, xa vou! Non me abures. Estasma a poñer nervioso— replicou o pai con voz cascada e tremente.

—Pois fai o favor de non poñerte nervioso. Saca a pistola e dálles un susto a eses dous desgraciados. Pero non ves que seguen de largo? Eh, vostedes! — gritoulles a rubiña a pesar de que os tiña a uns poucos metros e ademais sen moverse—. Onde cren que van? Queden aí quietos agora mesmo! Meu pai estalles apuntando coa súa pistola! Como se movan son homes mortos!

—Que carallo é isto?— preguntou Meiriño, estupefacto.

—Permanezan aí quietos. Ó que se mova, meu pai pégalle un tiro. Tes xa a pistola, papá?

—Creo que si. Mira.

—Pero non me apuntes a min, papá, por Deus! — a muller apartaba cun dedo o mouro canón da pistoliña—. Non ves que están alí eses dous miserables? Asómate e que vexan a túa pistola.

—Quietos aí, vostedes! Ó que se mova, quéimoo! — amagou o vello coa voz chea de galos.

Gaiarre agarrouse coas dúas mans ó brazo de Meiriño e púxose detrás del.

—Que pasa, Meiriño? Estannos apuntando cunha pistola?

—Parece que si. O vello eses do carallo. Pero que pretenden? Tolearon? Vannos matar aquí, no medio da rúa?

—Meu pai e mais eu queremos que nos deixen en paz; que deixen de meter os fociños nos nosos asuntos.

—E vostede?— dirixiuse ó vello sinalando a arma coa man dereita—. Montou xa a pistola? Quitoulle o seguro?

—Que? Ah! Claro que si. Onde está? Queres mirar, Currita, a ver se o fixen ben?

—Papá, por Deus, non me apuntes a min! Que importa o seguro nin nada? O caso é que vexan a pistola.

—Así que a nena lambida esta chámase Currita, eh? Currita. Acáelle ben, despois de todo.

—Meiriño, ti cres que disparará ese vello?— Gaiarre cada vez escudábase máis detrás do seu socio.

—Que dispare! Se non ve un burro a tres pasos! Ande, dispare, home; a ver se así acabamos dunha vez e podemos ir cear.

—Papá, tíralle a unha perna para que vexa a boa puntería que tes.

—Se me pega un tiro nunha perna, mátoo, cago en... Xa está ben de conachadas!

—Quieto aí, non se mova!

—Papá, non te poñas nervioso, que che vai dar algo! E vostede non se mova, eh?, que lle pegamos un tiro nunha perna. Ou máis arriba.

—Máis arriba?— indignouse ata sentir calor na cabeza—. Conque máis arriba? Hai que ver a mala entraña que ten a tía esta! Máis arriba, di!

—Non se mova! Óeme?

Comezou a camiñar cara á parella que os ameazaba. Gaiarre marchaba detrás del sen soltarlle o brazo.

—Pero onde vas, Meiriño?— díxolle, case chorando —. Que che van pegar un tiro!

De pronto o vello cambaleou, lanzou un xemido verdadeiramente angustiados e caeu contra o muro dunha casa. Baixo a luz amortuxada dun agónico farol, o vello mostraba o aceno cardíaco arrepíandolle no rostro e o garfo crispado dos cinco dedos apreixaba a dor no peito.

—Papá! Ai, Deus! Díxenche que non te puxeses nervioso. Viches? Deuche a dor.

—As pastillas. As pastillas! – clamaba Cara de Plata—. Axúdame a buscar as pastillas, que non as atopo.

—Que pastillas?— preguntou Meiriño, que apartara a filla e suxeitaba o vello.

—As de poñer debaixo da lingua, home, cales van ser?

—Déame a pistola— agarrou a arma polo canón. Cara de Plata fixo un ademán de resistirse—. Que me dea a pistola, hostia; xa abonda de lerias!

—Pero, onde metiches as pastillas, papá?— implorou Currita rexis-trando os petos do seu pai.

—Ai, Deus, ai Deus! Morro, morro! Aaaaaarg! Morro rodeado de vileza e ineptitude— exclamou o vello león do trinta e seis.

—Esqueza o vilipendio para que lle quede redondo, mestre. Abra a boca.

—Estate quieto, papaiño, anda. Xa verás como logo che pasa— asentía a rubiña acariciando o cabelo do seu pai—. Agora temos que agardar cinco minutos— explicou—, e se non lle pasa poñémoslle outras dúas, e se así tampouco non lle pasa, o mellor será levalo á Residencia.

Currita conducía moi mal dando tiróns e provocando vaivéns todo o tempo. Freaba moito máis do necesario e, ademais, corruxía de vez en cando o rumbo con volantazos sobresaltados.

—Deixar a meu pai con ese home tan horrible!— exclamou a muller. Ese home tan horrible era Gaiarre. Quedara no hospital para facer compañía ó vello sicario.

—Ese home tan horrible é o meu mellor amigo— retrucou Meiriño—. Ademais, a teu pai non lle pasa nada. Deixárono en observación. Probablemente nin o ingresen, dixeron. Non lle pasa nada.

Ían no coche dela camiño do pazo onde estaba Ofelia.

—Perdoa que me repita, pero non entendo nada do que pretendes ti e os teus compadres. Ti mesmo poderás velo nun momento. Unha xente do máis normal. A miña tía Ofelia que cuida o seu home enfermo. Está moi maliño, o pobre tío Silvino. Moi maliño! Xa o verás. E meu pai e mais

eu que lle axudamos a soportar a súa carga. Iso é todo. Non sei que pode ter isto de raro para que anden por aí detectives privados metendo os fociños por todos os lados!

—Calquera o diría. Así que xente do máis normal, eh? E esperabádes-nos coa pistola na man á volta dunha esquina.

—É que papá é moi fogoso. Sempre anda dicindo que, se tivese uns anos menos, algún habíase acordar del.

—A min pareceume que a que atizaba o lume eras ti.

Polo menos a el estáballo a atizar. Sentada ó volante as redondeces da muller quedaban expostas ás súas lúbricas miradas. Ademais, no medio dos diversos olores dun coche vello e non demasiado ben coidado nin por dentro nin por fóra, o peculiar aroma de Currita volvía dominar de novo, como xa fixera na Praza Maior. Os seus ollos luxuriosos recorreron o conxunto macizo e sinuoso da rubiña e craváronse nas pernas, que se movían segundo fose sendo preciso utilizar os pedais.

—Estasme a poñer nerviosa! Por que vas mirando todo o tempo para aí?

—Ademais, a xente normal non anda recibindo anónimos reivindicativos desde todas as provincias de España — replicou Meiriño, ignorando a súa pregunta.

Pero a verdade era que os seus ollos famentos, adheríanse coma lapas ás pernas das muller que levaba ó lado. O vestido, o mesmo vestido da primeira cita, ó sentar ela ó volante, retirárase case ata á metade das coxas e, encima, á abertura final descubría unha delas ata algo máis arriba. Currita, a filla de Cara de Plata, posuía unhas pernas curtas, gordechadas, pero ben torneadas, de pel lisa e tersa. O que máis fascinaba a mirada de Manolo Meiriño era o contraste moreno da pel exterior coa palidez leitosa da cara interna das coxas, sobre todo cando movía as pernas ó accionar os pedais nos cambios de marcha. Aquel contraste de cores recordoulle os peitos e elevou a mirada ata ó escote onde se apertaban no pico xeneroso.

—Se segues a ollarme dese xeito, páro o coche!

Currita mirábao cos seus ollos verde cheos de carraxe.

—Non sabes canto me alegraría que o fixeses. Esas pernas túas estanme facendo devecer.

—Míraas ben, para que logo as vexas en soños! Godallo!

—Mira o que fago.

Meteulle a palma da man aberta entre as coxas.

—Pero ti que cres! Serás porco!

—Tes a pel de seda.

—Noxento! Vas ver.

Freou o coche, logo de facer varia eses rechiantes sobre o asfalto e leouse a labazadas con el. Primeiro golpeouno coas mans, coas dúas, alternando os golpes con unha e outra. Logo detívose como desorientada un momento. Buscaba algo co que proseguir a tunda. Sen dúbida os golpes mancábanlle as mans. Agarrou o bolso e restableceu a vinganza da súa afronta. El cubríase dos golpes cos brazos no medio dun ataque de risa.

—Mal xenio, cona, mal xenio!

—O xenio da nai que te fixo, cabrón! Por quen me tomaches?

—Pero, que pasa? — limpaba as bágoas da risa aceptando sen demasiadas precaucións os últimos golpes xa desmotivados—. Tanto te molesta poñer corruptio un tío?

—Corrupia vaise poñer a nai que te pariu! A min non me pon a man encima ningún desgraciado coma ti! Merdento, que es un merdento! Porco! Barballán!

—Ah, vamos! Era iso. A nena necesita cadelións con pedigree.

—O teu pedigree lévalo na cara, porco. Ben se che ve que es un fillo de puta.

—Vaia por Deus! Anda, sigue, a ver se chegamos ó pazo ese dunha maldita vez.

A estrada pola que transitaban desembocou noutra, estreita e sombría, que bordeaba xa o alto paredón do pazo. O muro, de cantería irregular encintada con cemento, trazaba unha ampla curva ata a enorme



portada. Enmarcaba a entrada un rexo ene de granito. Logo subía unha especie de frontis, coma dunha igrexa barroca e aldeá. No medio de dúas ondas alzábase unha cruz de pedra salpicada de escamentas. Baixo ela descompoñíase, erosionado polo tempo e polas inclemencias, o basto relevo dun escudo nobiliario. Só quedaba o helmo e o penacho, e o vulto borroso, amorfo, dos antigos atributos. A portada estaba aberta. Dado o estado da vetusta folla de nogueira ou de castiñeiro, era moi probable que resultase imposible pechala. Currita entrou no recinto do pazo sen reducir nin minguar a velocidade e dando tiróns e meneos coma de costume. Freou, case en seco, fronte ó primeiro banzo dunha ancha escalinata, flanqueada por unha ben labrada balaustrada que logo cerraba unha longa terraza — tan longa como a fachada principal—. A escalinata, ancha abaixo, íase estreitando banzo a banzo. Doce contou Meiriño mentres os ascendía emparellando a Currita. Ó final da escalinata abríase a porta principal do pazo. Se o era ou non, el non podía discernilo, pero o pazo organizaba as súa estrutura de acordo cos canons barrocos, se cadra un barroco serodio, pode que pseudobarroco, en tres espazos superpostos. Catro ventás elevábanse simétricas en cada un deles. Ventás fondas, encortinadas, encadradas en granito pero con solucións distintas en cada caso. Por debaixo da ringleira das ventás, sempre unha cornixa recorría a fachada. As ventás da planta baixa, á dereita, aparecían iluminadas. A porta, non obstante, escurecíase afundida no seu marco sen ningunha luz exterior.

Currita mirouno cunha chave na man.

—Non sei se sería unha boa idea vir contigo ata aquí.

Meiriño devolveulle a mirada en silencio. Aproximouse a unha das ventás iluminadas e mirou dentro. O interior era un amplo salón inundado de luz e atestado de mobles e obxectos que non lle custou ningún traballo recoñecer como de moitísimo valor. Fundida nun sillón, coma un garabato intemporal e absurdo, colocada próxima a unha cheminea francesa flamexante a pesar do avanzado do verán, unha momia revellida estaba conectada a unha bombona de osíxeno.

—É o tío Silvino— dixo Currita por detrás do seu ombro—. Está aí desde hai máis de trinta anos, creo. Ben, en realidade eu sempre o lembro así.

El seguiu mirando o pobre vello apopléctico. Permanecía inmóbil. Nin pestanexaba sequera. O cranio era unha sucesión de calvas e de quedellas raras. As faccións mirradas, rechumidas, eran apenas un pelexo quebradizo sobre os ósos prominentes. O demais non contaba. O demais cubría un batón de grosso pano, excesivo a todas luces para un corpo reducido á mínima expresión. Ata as mans quedaban ocultas polas mangas desmedidas.

—Entremos — dixo Meiriño arrebatando a chave á súa acompañante e abrindo a escura porta do pazo—. Coñezamos dunha vez a misteriosa tía Ofelia.

A entrada ó salón que dexergara desde a ventá era unha porta acristalada rematada en arco de medio punto. Ofelia mirounos segundo entraron. Sentada ó outro extremo do salón, talvez para evitar a calor do lume, quedara fóra do cadro na ventá que el elixira para atusmar. Recén duchada, ó parecer, cubría o seu corpo cun albornoz branco e improvisara cunha toalla o típico turbante que as mulleres ostentan ata que secan o pelo. Naquel momento arranxaba as uñas cunha lima. Mirounos. Non tanto con confusión ou desconcerto coma con auténtica carraxe.

—Este é o home que se interesa por ti, tía Ofelia.

A visión daquela muller en albornoz e coa cabeza cuberta por un turbante fascinouno, deixouno sementado no chan completamente aloulado. Ofelia estaba despreocupada, acollida á confianza dunha intimidade que consideraba segura. O albornoz abríase e deixaba ó descuberto as súas pernas case ó completo e, ademais, alombábase nun pregue abolado, redondo, que lle descubría case por completo os seos. Eran imposibles aqueles atributos nunha muller dunha idade moi avanzada se se axustaban ás datas da historia que pouco a pouco ía coñecendo. Pero o máis perturbador non era o poderío erótico do corpo estupendo dunha vella. O máis perturbador era a fereza salvaxe do rostro da tía Ofelia, un rostro miúdo e perfecto, irreprochablemente fermoso. O furor, a ira rotunda, concentrábanse nos ollos grandes e escuros, brillantes e duros coma pedras de mármore negro, e no encarnado húmido, case de sangue, dos labios que máis que unha boca abrían unha ferida.

Ela mirouno co desprezo espido nos seus ollos escuros e brillantes, grandes aínda, resistindo o acoso da vellez.

—Como quedaba papá?— interesouse ignorándoo despois de esmagalo coa mirada.

—Quedaba ben, tía; penso que esta vez non vai ser nada.

—Por que?— preguntou a seguir fulminándoo de novo co brillo rabioso dos seus ollos.

—Que?

A sobriña e el replicaron a un tempo, sentíronse interpelados os dous.

Ofelia púxose en pé. Cinguiu o albornoz e acomodou as felpas para cubrir as súas nudeces. As liñas do seu corpo mostraron outra vez o completo desacordo co seu tempo.

—Por que se interesa vostede por min?— aclarou, recollendo toda a amplitude da pregunta.

—Non o sei, señora. De veras que non o sei.

—Quen lle paga?

—Don Hermóxenes Crespo.

—Non sei quen é.

—Eu tampouco. Pero el é quen me paga.

—Que cre vostede que pensa ese señor?

—A verdade é que non o teño nada claro. A medida que fun esclarecendo cousas, fun formando unha idea. Así e todo, agora mesmo non sabería que dicirlle.

—Dígame a idea que tiña formada.

—É sinxelo. Pensei que se trataba dunha vinganza. Un axuste de contas. Pola guerra.

—Pola guerra?

—Pola guerra, si. Don Hermóxenes Crespo apreciaba moito ó doutor Araújo.

A Ofelia inflamáronselle os seus fermosos ollos escuros e unha pali-

dez intensísima cubriu a superficie toda do seu rostro. As comisuras dos labios axitáronselle cun lixeiro tremor nervioso.

—Ese don Hermóxenes Crespo — dixo sobrepoñéndose á conturbación recén experimentada— é quen enviou ou fixo enviar os famosos anónimos?

—Así é, señora.

—E se se trata dunha vinganza, que é o que pode querer ese bo señor?

—El díxome que proxectou o asunto coma un xogo. É todo canto sei. En calquera caso, na guerra está a orixe de todo, diso non hai dúbida.

—Xa. A orixe e tamén a fin, supoño. Pero vostede non pode saber nada diso. Non creo que o saiba.

—A min a guerra impórtame un pemento, señora. O mesmo que este país e o mesmo que vostede e a súa sobriña e o vello rebechudo que quedou no hospital, e don Hermóxenes e... Se mañá todo isto saltase polos aires con todos nós dentro, importaríame un carallo. Eu vivo, señora, porque a corda que me deron non acabou aínda.

Ofelia escoitou a súa perorata derramando sobre el unha dura mirada de desprezo e conmiseración.

—Fale con don Hermóxenes. Que lle diga que é o que quere e fágamo saber. Que sexa rápido. E claro. Do contrario farei que interveña a policía.

A portada do pazo estaba aberta de par en par. Os coches foron chegando cunha puntualidade case exacta.

Don Xacinto fíxoo no seu vello automóbil, acompañado de Eduardo, o home da cabeza triangular e a fronte alombada, e doutros dous dos conxurados contra ó esquecemento, uns cinco minutos antes da hora fixada. Don Hermóxenes Crespo, no seu enorme e pesado volvo gris, atravesou o portón seis ou sete minutos despois. Como atraídos por el, os dous coches aparcaron a un e outro lado do auto de Currita, fronte á entrada principal da casa. Don Xacinto e os seus confrades descenderon do seu vehículo e permaneceron desconcertados o pé da escalinata. Juárez

baixou do volvo con movementos lentos e seguros, abriu a porta de atrás e agardou a que o vello brigadista se apease. O señor Crespo saíu do coche con moitas menos dificultades das que cabía esperar. Mantiña o seu fermoso traxe de cabaleiro noventa e nove. Agardou en pé xunto á porta ata que o seu diminuto secretario lle ofreceu un bastón de cana co puño de prata e o sombreiro. Don Hermóxenes mirou un brevísimos instantes ós catro vellos republicanos e comezou a subir as escaleiras afincando a súa decrepita figura na aparente levidade do bastón. Acomodado ó seu ritmo, Juárez gardáballo as costas. A porta do pazo estaba aberta tamén e, ó parecer, todas as luces interiores do casaron foran acendidas para a ocasión. Don Hermóxenes alcanzara xa a porta cando don Xacinto e os seus se decidiron a seguilo. Con cara de susto, Currita facía de recepcionista. Indicou ós que chegaban o camiño que debían seguir ata o salón enorme onde estaba previsto celebrar a reunión.

Meiriño xa estaba alí. Con Gaiarre. Naquela ocasión tivo que impoñer a súa vontade. Houbo que esperar a que Cara de Plata saíse do hospital para fixar a data. Cando, por fin, levou o recado a don Hermóxenes, o brigadista intentou despachalo.

—Vostede xa está licenciado, Meiriño — dixo—. Juárez pagaralle cando marche.

—Diso nada— negouse cunha firmeza que non acostumaba practicar—. Síntoo moito, señor, pero o final da festa non penso perdelo.

A caveira do vello brigadista endureceuse uns instantes. Juárez estirou a súa minguada estatura, cravoulle nos ollos unha mirada xeadada e, axiña, intercambiou outra co seu xefe. Por un momento Meiriño chegou a crer que a navalla automática voaría de novo, esta vez cara a el.

—Está ben— concedeu o vello—. En realidade ten vostede dereito ó que pide. Nada vai cambiar porque estea vostede alí.

Chegara case con media hora de anticipación. Permanecía nunha esquina, cerca da entrada do salón, observando a Ofelia, hierática, impasible, fermosa, que miraba cara a fóra pola ventá e observando o seu home, idiotizado, nunha cadeira metálica coa bombona de osíxeno ó lado e os tubos verdosos enchufados ó seu nariz e a don Ernesto Forca-

dor, Cara de Plata, mudo e taciturno, afundido nun sillón. Ó seu lado Gaiarre parecía intentar que a parede o engulise.

Os que chegaban, sen esperar nin recibir indicación de ninguén, entraban ou non, distribuíndose ó seu gusto no amplísimo espazo do salón. Ofelia permaneceu sumida no oco do ventanal durante todo o tempo que empregaron todos aqueles intrusos en invadir o espazoso salón do seu pazo. O silencio era tenso coma unha riosta. Só o constante burbullar da auga no caudalímetro da bombona de osíxeno, igual ca unha ola na que ferveuse auga inutilmente, se escoitaba na sala. Meiriño numerou á concorrencia. Doce. Curioso número. O número típico dos doce homes xustos das películas americanas. Pero nove eran moi maiores, á parte do apopléctico enchufado ó osíxeno. Resultaba estraño, pensou, que con tantos vellos se mantivese intacto o silencio. Os vellos tosen, gargarexan, respiran con dificultade, fregan as mans, arrastran os pés. Ofelia mantívose absorta na ventá, de costas a todos, o tempo que considerou oportuno. Volveuse por fin. As diversas lámpadas que iluminaban vivamente o salón encheron de brillos a súa esvelta figura. Era moi fermosa, dunha fermosura increíble nunha muller próxima, como mínimo, ós oitenta anos. Pero estaba radiante. Puxera un vestido longo, ata media perna, entalado apenas na curva suxestiva da cintura, de cor bordeos, co colo e os puños camiseiros, orlados por unha puntilla moi fina. Os dous primeiros botóns, desabrochados, deixaban ver as voltas historiadas dunha gargantilla de ouro e rubís. Os pendentes brillaban a xogo. O seu corpo, longo e delgado, enchía, sen embargo, a suave caída do vestido cunha opulencia donda pero firme. Mirou a todos os presentes, un a un, cos mesmos ollos duros e escuros que Meiriño soportara algúns días atrás. O seu fermoso rostro mostraba unha dureza case salvaxe e tamén desprezo.

—Pecha esa porta— dixo a Currita cun xesto seco— e senta por aí.

Currita obedeceu, nerviosa, apresurada.

—Moi ben, señores, aquí estamos, pois— dixo Ofelia e botou a cabeza cara atrás para deixar ben claro que intentaba dominar en todo momento a velada—. Como poden comprender, nada me obriga a recibilos na miña casa. A verdade é que non sei por que o fixen. Tanto ten. Agora xa está. Esta estupidez durou xa demasiado tempo. Acabemos dunha vez.

Quen de vostedes é Hermóxenes Crespo?

—Son eu.

—Ese desgraciado que contratou vostede non soubo aclarar cales son as súas intencións, señor. Agora pode facelo vostede por si mesmo.

Don Hemoxenes, sentado nun mulido sofá de coiro, xogaba co seu bastón. Como adoitaba facer sempre antes de empezar a falar, moveu varias veces arriba e abaixo a súa escuálida cabeza.

—Deberá perdoarme, pero, a estas alturas, nin eu mesmo sei moi ben que é o que quero — dixo coa súa voz inesperada e ben timbrada—. Comecei todo isto cun firme sentimento de omnipotencia. Pensaba que podería xogar con vostedes ó meu gusto e proxectei unha vinganza divertida. Para empezar, intentaría provocar o seu medo e aproveitar a súa frustración.

—A que se refire cando di frustración? — inquiriu con notoria frialdade a tía Ofelia.

—Refírome a que durante máis de corenta anos viviron vostedes e moitos outros coma vostedes nun mundo elaborado á súa medida. E agora ese mundo saltou feito anacos.

—Bobadas! Nós non temos medo nin frustración. Por que o habiamos ter?

—Perdoe que non comparta a súa opinión, pero deixémolo así polo momento. Non vai pasar nada por iso. Vaíamos ó tema da frustración. Creo que non son vostedes os únicos que a padecen. Penso que don Xacinto a sofre cunha especial e dolorosa intensidade.

Ofelia ollou o home que Hermóxenes Crespo sinalaba. Don Xacinto non sentara. Dos seus tres acompañantes tan só un o fixera. As miradas do vello republicano e da orgullosa dama bateron. Ofelia mantiña a súa xélida altivez. Don Xacinto conservaba o seu porte sosegado.

—Por que veu vostede á miña casa?

—Lamento ter que dicilo, dona Ofelia, pero vostede non me interesa o máis mínimo. Xa non — dixo Xacinto Veiga sen baixar a vista—. Coñezo o seu terrible segredo, pero despois de tanto tempo só hai un xuíz que poida pedirlle contas, á parte, claro está, das que sexa capaz de renderse

vostede a si mesma. A min interésame ese home — sinalou a Cara de Plata — que senta aí en fronte, a un par de metros de min.

Cara de Plata, sempre encollido e taciturno, volveu cara a el o seu rostro consumido de cardiópata convalescente e asustado.

—En España houbo unha guerra e unha ditadura. Iso xa non ten remedio. Pero alguén, nalgún momento, deberá de restablecer a xustiza. Non pode ser doutro modo. Ese home — de novo sinalou don Xacinto, pero esta vez cun dedo acusador — é un dos asasinos máis sanguinari- os que se poidan dar na historia deste país. As mortes que se lle poden imputar son incontables. Debe pagar por elas. É necesario que pague.

A indignación axitaba o corpo fatigado de Cara de Plata cun tremer fremente, case convulso. Os ollos brillábanlle coma aceiro pulido e o queixo latía sen control.

—Non fagas caso, papá— gritou Currita—. Non fagas ningún caso. Non che vaia dar algo outra vez.

Pero o vello sicario a quen no fixo caso foi a súa filla.

—Chámame asasino este fillo da gleba, este xudeu masón que nunca debeu sobrevivir á onda de depuración que envorcamos sobre España. Ningunha magnanimidade o debeu librar da aniquilación! Ningunha! Nin a el nin a ningún outro coma el.

A voz estrangulábaselle en nós de indignación. Ofelia observouno mentres soltaba a súa airada perorata cun ricto de conmisericordia no medio da dureza do seu rostro. Don Hermóxenes Crespo escoitaba coa boca entrea- berta, a caveira adiantada, apoiado o breve queixo no bastón inmovilizado. Don Xacinto mantiña o seu sosego como se aquela diatriba non fose con el. Os seus compañeiros, en cambio, parecían pasmados. Pola súa parte, Currita semellaba moi asustada. Juárez continuaba sendo a muda esfínxe morena da que Meiriño agora sabía que podía resultar implacable. Pregun- touse, sen poder evitalo, que habería dentro de todas aquelas propectas cabezas. Cara de Plata retomou o seu discurso estrangulado.

—Nós construímos un estado, un estado de paz e de orde; de progre- so!, onde antes só había caos e libertinaxe. Librepensadores que empe- zoñaron as mentes das xentes sinxelas! Nós vertebramos España! É moi



duro ver como se esborralla todo aquilo polo que un loitou— rematou por fin Cara de Plata. A última frase díxoa como para si mesmo, soou como un salouco prolongado.

—Ti non loitaches nada, tan só te dedicaches a matar xente, inofensiva, inocente, e na retagarda, sen darlle ningunha oportunidade. Houbo outros, que sen dúbida valían máis ca ti, que si loitaron. Na fronte. Coma homes. Cara a cara con o inimigo. Serían rebeldes, serían traidores ó réxime constitucional, estarían equivocados, pero eran soldados e loitaban e morrían coas mesmas oportunidades cós seus inimigos. Pero ti... Ti só eras un asasino que mataba a xente polas costas! — replicou don Xacinto cun ton na voz que a punto estaba de romper o seu proverbial sosego.

—Había que limpar España. Limpala de indesexables. Que era España? Era unha pobre rameira á que calquera podía posuír! Era preciso devolverlle a dignidade — ó vello sicario, afundido no sillón, resultáballe imposible controlar o convulso tremor do seu corpo e da súa voz esganada.

—Meu Deus! A dignidade nun pozo de sangue!

—Non te alteres, papá, por favor, que che pode ir mal. E vostede non debía dicir esas cousas tan feas a meu pai. Está moi maliño do corazón e non debía falarlle así.

—Piedade. Pide vostede piedade, señorita. A que el tivo coas súas vítimas! Malia todo, ese xa non é o problema — don Xacinto pareceu acometido de súpeto por unha infinita canseira. Sentou nunha cadeira historiada que lle caeu á man e mantívose calado durante uns momentos—. O problema é que eu xa non sei que sentimento debo albergar, que sentimento debo fomentar despois de todo este tempo. Nin no meu propio corazón nin no dos demais. Non sei que é o que debo pedir ós demais que sintan. Son un vello, señorita; a miña vida está a chegar ó seu fin. Tiven que convivir coa derrota e creo que a vitoria, a vitoria propiamente dita, nunca chegará para min. Nin tampouco a xustiza para aqueles que deberían pagar polos seus crimes.

—Que manía! Foi unha guerra, non? Nas guerras morre xente, hai que matar xente, non? En todas as guerras morre xente. Morre moita, moita xente.

—Pero non na retagarda, señorita. Na retagarda, non.

—E dálle coa retagarda! Para que serve a retagarda? Para que quede o inimigo infiltrado detrás de ti e che dea polo cu?

—Currita! — escandalizouse o pai.— Prohíboche que empregues esa linguaxe.

—É que este señor ten unhas ideas que vaia polas ánimas, papá. Ou sexa que, se o inimigo queda detrás, déixase aí e ala! Ademais, vostedes, os do outro lado, tampouco non quedaron mancos. Hai que ver a cantidade de curas e monxas que mataron! Se nos poñemos a botar contas, a ver, a ver...

—Por favor, señorita, non sexa vostede absurda.

—Había que limpar España — dixo Cara de Plata nun cambio súpeto da súa voz, convertida de pronto nun rouco murmurio—. Había que facelo. Non se podía deixar o tumor maligno que a estaba a envelenar. Aínda que vostede diga que non, era un servizo á patria tan digno como puidese selo o de quen loitaban na fronte. O sacrificio deles non servirá de nada se deixaban atrás a couza que roía a patria desde había tanto tempo.

—Ninguén hai máis derrotado ca quen pide perdón — dixo Ofelia neste punto.

O silencio que se fixo só podería equipararse á nada. Os ollos de todos recalaron, estupefactos na esvelta figura da anfitriona. Era tal a súa soberbia, a súa altivez, tal a dureza do seu porte, a fereza do seu xesto, que parecía un ser irreal, imposible. E, ademais, a súa fermosura diabólica. Gaiarre semellaba fascinado. Fascinado polo medo. Don Hermóxenes Crespo superou aquel momento de estupor.

—Vaiamos, nese caso, á historia do doutor Araúxo— pronunciou cada palabra coma un bo actor a quen lle encomendan unha frase lapidaria.

Meiriño comprobou que outra vez, ó conxuro dese nome, volveron aparecer destelos vertixinosos nos ollos durísimos da dama e que unha extrema palidez converteu o seu rostro no dun cadáver airado.

—Ofelia e ese home que está aí — continuou o vello brigadista—, auxiliando a súa exhausta respiración, alentando o derradeiro sopro da súa vida cunha bala de osíxeno, eran amantes. Os dous traizoaron ó

doutor Araúxo. Ela traizoara a fidelidade conxugal que lle debía. El, a boa amizade que os unía en aparencia. A guerra brindoulle a oportunidade de urdir un proxecto terrible, absolutamente desalmado. Conseguir que os sublevados, que contaban con tan eficaces sicarios, acabasen coa vida do doutor. As súas simpatías republicanas eran ben coñecidas, pero o doutor Araúxo non se metera en nada. Ó contrario, contaba con unánimes simpatías en Lugo. Pero se acababan con el, a situación transformábase en perfecta para Ofelia e para o seu amante. Ela herdaría toda a fortuna, a nada desdeñable fortuna, do doutor Araúxo, e removería os atrancos para casar sen problema co seu amante, ese pobre home que está aí, do que nada podemos saber agora, se nos oe ou non nos oe e, en calquera caso, se nos entende ou non. Ese home pediulle a Cara de Plata que asasinase ó doutor Araúxo. Por que?, preguntaranse vostedes, por que a Cara de Plata, un activo, fervoroso falanxista que tiña o seu arripiante campo de actuación na zona sur de Pontevedra, no ángulo que forman, por un lado, o mar e polo outro, o Miño, e do cal o vértice vén ser A Garda? — don Hermóxenes marcou aquí unha pausa. Cravou os seus ollos lacrimosos nos ollos espantados do pobre vello sanguinario—. Moi sinxelo, porque sabía que se convertera nun asasino, nunha auténtica besta depredadora. E porque eran irmáns. Quen mellor podería facerlle ese favor? Pero Cara de Plata non matou o doutor Araúxo. Por estraño que pareza, non o fixo. En vez de darlle morte, obrigouno a embarcar rumbo a América, despois de entregalo a unha organización que o sacou de España a través de Portugal, logo Casablanca... A ruta resulta moi coñecida para os exiliados españois. Sobran os detalles. Talvez o doutor Araúxo puidese volver nos anos sesenta, quizais nos setenta. Mesmo podería loitar polo que era seu; desfacer a inmundia montaxe deses dous miserables. Pero non o fixo. Nin sequera se lle pasou pola imaxinación. Cónstame. Sei do que estou a falar. El si, querido señor — o vello brigadista dirixiuse a don Xacinto Veiga, que o escoitaba, igual ca todos, con absoluto silencio—, el si era un derrotado absoluto. Que podería recuperar aquí que lle devolvese todo canto perdera? Seguro que todos vostedes me entendeen. Nada. Aquí xa non había nada para el. Pero o certo é que Cara de Plata, un verdugo implacable, tiña que telo matado

e non o fixo. Por que, señor Forcador? Por que facilitou vostede a fuxida do doutor Araúxo en vez de matalo?

Coa cabeza baixa Cara de Plata mantivo o silencio durante uns longuísimos instantes. Logo levantou a cara. Mirou primeiro ó brigadista que agardaba sen ningunha ansiedade pola súa resposta. Despois paseou a vista por todos os demais, demorando así o encontro dos seus ollos cos de Ofelia. A mirada de Ofelia adquirira un furor sobrenatural, a súa fermosa cabeza, circia coma estiletos de aceiro en todos os seus contornos, semellaba terse volto de cera. Os seus ollos cuspián odio alambicado, rabia en estado puro, reproche brutal, inhumano contra todos os presentes. Se en calquera momento separase as mans e estalase un raio, Manolo Meiriño non se sorprendería o máis mínimo.

—De verdade pensa vostede que eu mataba con tanta frialdade? — falou por fin o vello sicario co mesmo murmurio exánime—. Eu cumpría unha misión, señor. Estaba convencido de que debía cumprila. Ninguén me desanimou para que non a cumprise. Os propios curas dalgunhas aldeas, homes consagrados a Deus, eran quen sinalaban as nosas vítimas. Este é roxo. Este fixo tal cousa. Pódolle citar algún que ía el mesmo coa pistola na man buscando os inimigos de Deus e de España. Eu cumpría unha misión, pero eu non servía a intereses bastardos. Eu executaba a traidores, pero non consumaba vinganzas. Non podía matar a Araúxo. Non podía.

O continuo burbullar do caudalímetro do osíxeno puxo unha rúbrica traxicómica na pausa que o vello falanxista fixo na súa desesperada confesión.

—Díganos por que.

Cara de Plata mirou fugazmente a don Hermóxenes antes de refuxiar a súa petición de clemencia na peiteira da súa camisa.

—Eran moitas as dúbidas que abrigaba sobre min mesmo e sobre o meu terrible labor. Non crea que todo resultaba tan fácil. Se executaba a Araúxo, daquela si que xa non habería remedio. Tería atravesado a liña fatal. Entón si que sería un asasino, un asasino sen máis. E eu non quería ser iso! Eu cumpría unha misión!

Maldito vello!, exclamou Meiriño nos seus adentros. Choraba! Con sentimento, con rabia? Por que demo choraba?, preguntouse mentres miraba o seu aceno case infantil.

—Meu Deus, papá!— xemeu absolutamente abatida a rubiña de ollos verdes—. Papá!

—Ofelia e Cara de Plata — pronunciou solemnemente don Her-móxenes—. A muller adúltera e o sicario ideolóxico. Ela foi capaz de trai-zoar, primeiro ó seu home, o doutor Araúxo, e de admitir a complicidade no seu asasinato que lle propuxo o seu amante. Logo, cando este se con-verteu nun pobre imbécil apopléctico, non tivo empacho en enlearse co seu irmán, quen, segundo ela cría, a liberara da presenza do seu primeiro marido e lle abriu o camiño cara á posesión de toda a súa fortuna.

—Meu Deus, papá!— repetiu Currita cos seus fermosos ollos verdes cheos de bágoas—. Ou sexa, que toda esa ideoloxía da que tanto alardeaches durante toda a túa vida non era máis que pura ambición. Meu Deus! Oh, papá, papá!

Ofelia volvérase a sumir no oco da ventá. Só o pranto áspero do vello falanxista, rubricado polo burbullar do caudalímetro, rompía o silencio.

—Dixo vostede que meu pai e tía Ofelia son amantes — preguntou Currita ó brigadista.

O mexicano afirmou cun xesto.

—Pode que xa o fosen antes, pois Ofelia sempre foi unha muller moi fermosa, moi cobizada polos homes. Desde logo, despois da enfermidade de Silvino Forcador, é seguro que o foron.

—Miserables!— Currita xemía as maldicións—. Miserables! Oh, tía Ofelia, sempre tan tesa, tan orgullosa...! Miserables!

—Xa ven, señores como están as cousas — fixo reconto o escuálido brigadista—. Un pobre vello imbecilizado, un pobre vello que xamais tivo escrúpulos, e unha muller maligna ata a máis absoluta perversión, decida a non declararse xamais derrotada pedindo perdón, malia as terribles culpas que agocha. Esa espantosa beleza que tan prodixiosamente conserva debe de ser o froito máis maduro da súa absoluta maldade!

—E nós? — dixo don Xacinto—. Que se fai con todo o noso sufrimento? Aquí non pasa nada. Ningún dos asasinados de antano é buscado. Ninguén paga as súas culpas!

—Este drama, meu amigo, o drama do doutor Araúxo, o de Ofelia e o dese pobre farrapo que temos aí, nada ten que ver coa guerra. Este é un drama eterno, inacabable. A guerra é unha anécdota intermitente no medio e medio da maldade do ser humano.

—Eu marchou, Meiriño. Vés?— Gaiarre, insignificante e grotesco, comezou a afastarse, primeiro do salón e logo da mansión. Meiriño empezo a seguilo axiña, despois dunha breve vacilación. Alcanzouno fóra xa do portón do pazo.

—Señor Meiriño, espere un momento, por favor!— Currita, desde o alto da escalinata, chamaba por el.

Meiriño retrocedeu ata o primeiro banzo. A rubiña baixou un par de les. Os dous miráronse con forza, quizais con limpeza.

—Que vai ser de min agora, señor Meiriño? Eh? Como vou seguir vivindo sabendo todo isto?

Manolo Meiriño non contestou. Mirou as pedriñas que estraban o chan durante uns breves instantes, meteu as mans nos petos e comezou a regresar xunto de Gaiarre, que fóra xa do portón o estaba agardando.

—Non podo aconsellarlle nada — dixo mentres se afastaba—. Non sabería. Supoño que todos temos que aprender a metabolizar a nosa propia merda. Supoño que vivir consistirá niso. Pero non o sei. Vostede non se queixe. En pouco tempo será millonaria.

Agarrou a Gaiarre polos ombros e empuxouno para que avivecese o paso e largar de alí. Camiñando, aínda lles había levar un bo anaco chegar a Lugo.

—Non sei— dixo Gaiarre sen miralo—. Creo que me vou consolar coa Mamita Mulata . Teño unha cousa no ventre que non dou cocido.

—Diso nada, Gaiarrito, mi niño— retrucoulle Meiriño imitando a fala finxida da bruxa. Obrigouno a volveuse cara a el—. Esqueces que teño cartos? Temos diñeiro Gaiarre, moito diñeiro. Hoxe vas botar un canive-

te como Deus manda. Nun hotel, cunha lurpia de primeira. Pero antes cearemos algo por aí. Como señores. Os traballos serios non deben afrontarse sen coidar ben a intendencia.

# 3

Impasible, amparada por un halo vaporoso, a lúa presidía un ceo completamente mouro ateigado de estrelas. Afastado dos derradeiros focos da cidade, desordenados e rurais, o camiño era un tubo cego. Nada máis meterse nel Manolo Meiriño e Gaiarre percibiron a xeadá debaixo dos pés. Invisible, seca, apousaba tamén sobre deles, sobre as súas roupas inadecuadas para aquela intemperie desolada, e filtrábase viperina ata á mesma carne viva, no propio envés da súa epiderme aterecida. As pedriñas minúsculas que estraban o lombo terroso do camiño, duras coma diamantes, formaban acios apegadas unhas ás outras polos efectos do frío inaprensible da noite. Nin sequera renxían cando o peso dos seus zapatos as esmagaba.

—Aquí é — dixo Meiriño a Gaiarre nun murmurio, detidos xa os dous diante do cubo hermético dun casarón solitario—. Onde tes a lanterna?

Gaiarre sacou as mans dos petos sen descompoñer o seu xesto de permanente indiferenza. Mostrou na dereita unha lanterna pequena, de cor vermella.

—Está ben — dixo Meiriño—. Recorda o que temos preparado. Eu saco a factura e póñoa así, a esta altura máis ou menos, para que, ó abrir, o tío non teña máis remedio que vela, estamos? O tío abre e bate sen máis coa factura e comigo. E ti ilumínala coa lanterna. Á factura e a min, así, de medio corpo. A estas horas e con esta escuridade, vai levar un susto da hostia. Xa o verás.

Gaiarre agardou a que Meiriño compuxese o seu cadro. Nin sequera ollaba para el mentres estremaba a súas explicacións. Meiriño buscou a factura no peto da súa chaqueta, desdobrouna, deulle unhas cantas sacudidas para que quedase ben despregada, pinzouna pola súa parte superior cos dedos indicador e polgar da man dereita e suspendeuna no aire, un pouquichiño adiantada, á altura da orella, aproximadamente. Gaiarre acendeu a lanterna e enfocou-



no. O seu rostro, coma de costume, non expresaba nada e os seus ademáns tanto podían ser de escepticismo total como de conformidade absoluta.

—Colle ben o meu medio corpo?— preguntou Meiriño—. E a factura? Que se vexa ben, eh? Enfócanos máis desde abaixo, para crear o efecto de maior impacto posible. Plano enfático, coma no cinema.

Gaiarre atendeu as indicacións que lle daba o seu compañeiro. Baixou a lanterna e enviou o feixe de luz oblicuo contra el, de forma que os ángulos e as arestas do seu rostro prolongaban as súas sombras cara arriba, conferíndolle un aspecto moito máis sinistro.

—Un momento— pediu Meiriño. Moveuse de lado buscando aínda o centro da iluminación que lle disparaba o seu amigo—. Como Deus. Chama á porta. Forte, eh? Sen miramentos. Hai que provocar un estado de estupor e de pánico. Igual que fan os geos.

Gaiarre pechou o seu puño pusilánime e golpeou a porta. Aporreouna varias veces con ritmos desiguais. Meiriño considerou se exercería o frío algún efecto sobre a transmisión dos sons, porque os golpes resoaron no angosto tubo mouro da calella o mesmo que escuras badaladas fúnebres. Abriuse diante deles un rectángulo vertical, amarelento e baleiro. Notaron a ráfaga suave e fugaz da calor interior escapando pola porta que acababan de abrir.

—Papá, aquí hai dous señores cunha lanterna.

A voz, infantil, añaída, quizá con algúns picos de sorpresa, chegáballes desde os xeonllos; moito máis abaixo, pois, de onde pensaban que habería dirixir as súas miradas esquivas de amedrentadores de morosos. Aferrado aínda á agarradoira da pechadura, un neno duns sete ou oito anos, vestido coma un vello cun pixama azul claro e batín guateado de cor granate, e cos pés enfundados en zapatillas en forma de botín de feltro cuadrulado, mirábaos sen ningunha clase de emoción perceptible no seu rostro redondo de fazulas avultadas, cianóticas, coma tomates morados. Os condenados nenos de hoxe en día xa case non se sorprenden por nada, chegou a pensar Meiriño, acompañado sempre pola estolidez do seu socio.

—Xa vou, nené, xa vou — oíuse unha voz dentro, máis grave, pero tamén afiada.

Gaiarre e Meiriño miráronse. Se cadra a súa estratexia de estupefacción aterrecedora comezaba a presentar fisuras. O factor sorpresa semellaba marchar ó mesmísimo carallo. Moito máis corpulento có cativo, como é natural, apareceu o pai no rectángulo levemente iluminado da porta. Viña ataviado igual có seu fillo, co mesmo pixama, coa mesma bata. Só o calzado variaba. No seu caso lucía uns pesados zapatos de sola grosa. Tamén tiña a cabeza redonda, con fazulas avultadas e cianóticas. Observou sen aparente sobresalto o grupo estrafalario que formaban os dous tipos, un dentro e o outro fóra do feixe de luz da lanterna, inmóbiles fronte á porta da súa casa. A Gaiarre dedicoulle apenas unha ollada mínima para centrarse axiña no busto que Meiriño lle ofrecía en medio do círculo da lanterna.

—Traémoslle un recado de parte do avogado Mexuto. Di que se lle acabou o prazo e a paciencia.

—Conque iso é o que di, eh? O avogado Mexuto. Vaia, vaia! Ou sexa, que se lle acabou o prazo e a paciencia?

—Si, señor. O prazo acabóuselle a vostede. A paciencia a el. Iso foi o que dixó.

—Vaia polas ánimas, ho!

Daquela, sen saber por que, Meiriño mirou para o neno. Tamén el o miraba, cunha expresión franca e divertida no medio dos hematomas naturais das súas rotundas fazulas. Gaiarre comezaba a intentar esvaecerse. Adiviñábaselle na pose. Gaiarre, nalgunhas cousas, resultaba demasiado previsible, lamentou Meiriño.

—Ben, que? Xa captou o intrínquilis do asunto, non? Veña, que vai moito frío. Por que non afrouxa a mosca e imos todos para a cama? — intimidou ó cliente.

—A verdade é que non estou moi seguro de que diaños vai o choio este— confesou o home, que non parecía ter sufrido ningunha impresión nin grande nin pequena—. Déixeme ver.

Botouse cara adiante para ler a factura que aínda iluminaba Gaiarre.

—Ah, o asunto do aramado! — exclamou—. Pero iso está prescrito, home. Crin que desistiran.

—Xa ve que non. Así que non me faga perder a min tamén a paciencia— ameazou aínda.

O individuo aquel das fazulas moradas e a voz de clarinete fixo un movemento impreciso, de intención indefinible. Logo ladeouse un pouco e, sen máis nin máis, afundiulle un cóbado no costelar. O golpe, durísimo, dobrouno ipso facto, mandou a factura ó quinto carallo, puxo inmediatamente en fuga a Gaiarre e a Meiriño deixouno coa respiración desconcertada. O pobre esqueceu de pronto cara onde debía dirixir o aire, por onde debía tomalo ou por onde debía expulsalo. O individuo, liberado de calquera preocupación por Gaiarre, empredeuna a labazadas con Meiriño. Agarrouno polas voltas da chaqueta coa man esquerda e coa dereita abanicoulle a faciana cunha eficacia demoledora. O putito frío daquela maldita noite facía que os golpes doesen o dobre. Doían dentro da cabeza, como se golpeasen directamente o cerebro. Meiriño intentou responder a aquela descarga, quixo revolveuse, tratou de meter un puño por algún lado, pensou en largar un patadón ás partes brandas daquela besta corrupta. Todo resultaba inútil mentres a respiración continuase sendo imposible. O suxeito aquel deixou de abanicalo. Meiriño permaneceu idiotizado por completo diante da porta da súa casa. El deu un paso atrás, cunha esgrima depuradísima, enlazou unha serie de directos no seu rostro que instalou a noite detrás das súas retinas, a noite enteira, incluída a xeadada. Se soprased, chegabada. Caería sen máis. O moi cabrón tombouno dun couce no bandullo.

—Anda, neno, trae unha cadeira, queres?— oíu que dicía aquela mala besta ó fazulento do seu fillo—. E dille á túa nai que quede na casa. Xa sabes que é moi impresionable.

—Si, papá.

Sentou cabo del e sobouno ben sobado cos pés. Logo deixou un deles encima do seu peito, apoiou o cóbado no xeonllo e o queixo na palma da man. Ollábao con verdadeiro interese.

—Que? Doe?

A xeadá negra, a maldita xeadá negra que, segundo os paisanos da zona, cae sobre todo as noites de novembro e queima todo pero non se ve, nunca se ve, escaravellaba en cada golpe, en cada mazadura, en cada ferida, como se o apuñalasen a un mesmo tempo varias ducias de carambelos. Tratou de afirmar coa cabeza e deulle un ataque de tose. A tose esmagábase contra a sola do zapato do tipo aquel.

—Te... teño mo... moito frío— rosmou entre toses e afogos.

—Non me estraña. Aí tirado no chan, coa noite que vai.

Gaiarre non fuxira de todo. Quedara á entrada do camiño e desde alí seguía o xiro dos acontecementos.

—Ei, ti!— chamouno aquel verdugo—. Achégate coa túa lanterna. Hai que examinar o polo este.

Pero Gaiarre, como é ben fácil comprender, nin se moveu. O home meneou a cabeza con aire de reprobatoria incredulidade. Colleu o pícaro polo ombro e estreitouno contra si. Acaricioulle o pelo.

—Ves, nené, o que fai papaiño cos señores malos que veñen molestar a estas horas da noite? Ti tes que ser moi bo, nené; tes que ser sempre moi bo, para que non che ocorran nunca cousas así. A ver— berroulle a Gaiarre—, queres achegarte con esa lanterna? Hai que examinar o polo este.

Debaixo do zapato, Meiriño virara a cabeza cara ó fondo do camiño, onde non quedaba nin un asomo de luz a pesar da lúá rampante detrás das gasas circulares. A sombra de Gaiarre enxergábase apenas. Meiriño pouco máis que a adiviñaba. Era todo un detalle que non collese pés de puta polo mundo adiante. Establecera unha prudencial distancia de seguridade, iso si, pero seguía os avatares preocupado por el. Todo un detalle. O neno, tan ben alleccionado polo seu pai para evitar males futuros, agardaba, atento, coa cabeza de globo lívido e brillante volta cara a el, as improbables reaccións do seu inseparable compañeiro de fatigas.

—Ben, vale — concedeu o home— non veñas se non queres, pero bótame a lanterna, anda.

Gaiarre obedeceu. A lanterna voou polo aire facendo remuíños de luz. O home atrapouna antes de que caese ó chan, empinándose un pouco

na cadeira. A sola do seu zapato oprimiu a maltreita caixa do peito do pobre Meiriño e volveulle dar outro ataque de tose. Enfocouno co feixe amarelento da lanterna e dedicou uns longos minutos a examinalo con detemento facultativo. Palpou os golpes, que xa estaban marcados no seu rostro, nas cellas, nos pómulos, no nariz, por encima doutros moitos máis, recordo doutras sobas que nunca se borrarán; obrigouno a mover a cabeza a un lado e a outro; oprimiulle o peito e os costados. Meiriño preguntábase a qué raios viñan todas esas manipulacións sobre as múltiples lesións que lle infrinxira. Supuxo que desexaba asegurarse da eficacia dos seus puños. Claro que tamén podía ser que se interesase polo seu estado xeral. Hai xente moi rara solta polo mundo. Meiriño, entre tanto, intentaba sufocar os gritos que afloraban á súa boca. Gritaba cara adentro, coa boca case pechada.

—Así que ti es un deses matóns que van por aí poñendo medo á xente para que pague as súas débedas? — dixo aquel home de puños de aceiro e sangue máis frío có dunha ra—. Ben, a verdade é que vas servido, non cabe dúbida. Vaste acordar de min durante unha boa tempada, si, señor.

Endereitouse na cadeira e observou durante uns intres o mapamundi da cara que tiña diante, botando a cabeza cara atrás, e movéndoa a un lado e a outro, coma quen contempla un cadro e busca a mellor perspectiva ou a elusión de brillos incómodos.

—Podíache dar un recado para o avogado Mexuto, — dixo, por fin—, pero creo que o irei visitar persoalmente. Teño entendido que posúe unha adega moi ben fornecida. Abriremos un gran reserva para cerrar os nosos tratos. Ala, nené, vai para dentro e dille a mamá que te deite! Dáme un biquiño, anda. E outro a este señor.

A bóla manteigosa e cianótica achegouse ó seu rostro mazado e estampou un sonoro bico na súa meixela. O efecto da caricia foi coma unha dentada.

—Podería ... qui... quitar... o pé? Estou afogando.

—A ver, ti; déixate de parvadas e ven aquí — volveu interpelar a Gaiarre aquel pai exemplar—. Bótame unha man para levantar o teu amigo. Se non o movemos, vai quedar conxelado no chan.

Gaiarre, por fin, decidiu obedecer. Achegouse ata eles, introduciuse no campo amarelento do rectángulo luminoso da porta, con andares cautos, previsoires, con expresión receosa, desconfiada. Entre os dous puxéronmo en pé.

—Que? Como te encontras?

A verdade era que se encontraba moi mal. O home deixouno co seu brazo esquerdo cabalgado sobre os ombros de Gaiarre. Gaiarre, que lle agarrara unha man cunha das súas, enlazábao pola cintura co outro brazo. O seu peso resultaba excesivo para a exigua envergadura do seu amigo e permaneceron un anaquiño arrandeándose como se un vento suave os arrolara. O pai exemplar observounos, dubitativo.

—Poderedes arranxarvos sós? Seguro? Se queres, pido un taxi.

Decidiron arranxarse sós. Botaron a andar, dando tombos dun lado a outro do camiño.

—Gaiarre, creo que tiven unha revelación — dixo Meiriño mentres se ían afastando do cálido fogar do moroso—. O castigo corporal é bo para a vida interior.

O frío que, xunto coa noite, se instalara nos seus adentros provocaba unha axitación incesante en todo o seu corpo. Tremía co tremor convulso dos fluxos da febre. Gaiarre mal soporte lle facía. Sen farois, sen escaparares iluminados, sen ventás acendidas, avanzaban a tropezáns no medio da noite total dos arrabaldes. Ían por unha rúa que non pasara aínda de proxecto. Unha cinta de terra aplanada, flanqueada por campos incultos, descoidados, que agardaban, coa raña do avarento e do especulador cabalgando sobre o seu lombo completamente a bravo, o momento feliz de se converteren en terreos edificables. Máis dunha vez rodaron ata as gabias, inzadas de malas herbas humedecidas e xeadas pola maldita xeadada negra, a puta xeadada negra que todo o queima e nunca se ve.

—Cago en...! — bramaba Meiriño coa súa voz tremente e rota—. Mira alí, Gaiarre! O ceo, velo? Ábrese coma unha boca moura, máis moura cós collóns dun burro! Belcebú deu un golpe de estado e puxo a Deus de intermediario.

—Cala, Meiriño; non digas esas cousas! De noite non, por favor.

—Xa che dixen que tiven unha revelación. Teño frío. Teño un frío terrible. Diante de min vexo dúas veces a escuridade.

—Que dis, ho? Tan forte che pegou a mula parda esa que che fai desvariar?

—Deus, que frío! Quen toca a campá?

—Que campá?

—Non a oes? Don, don!

—Que campá?

Diante deles, empoleirada nun alto cativo, á dereita do camiño que viñan arrodeando, silueteada sobre unha claridade difusa de orixe indeterminada, interpúñase a mole cúbica dunha igrexiña. A espadana de dous ocos en arco era coma a crista dun galo, e os remates dos nichos, triángulos requintados rematados en cruces en forma de trevo, poderían considerarse a plumaxe dunha ave descomunal, petrificada e inmóbil.

—Que igrexa é esta? A de San Nicolás ou a de Albeiros?

—Pero, é que nin sequera sabes onde estás? Tanto dano che fixo? Comezou a gatear, axudado de brazos e pernas, polo ribazo xeado que os separaba da igrexiña.

—Axúdame. Quero escalar a tapia dese cemiterio!

—Non sexas absurdo, Meiriño — Gaiarre suxeitábao o xusto par que o seu gateo non o convertese en réptil—. Imos buscar un burato para que te repoñas da soba que levaches.

—Unha soba? A min? — detívose no medio da subida, indignado, coas puntas dos pés apoiadas na lama xeada e as mans aferradas ás matogueiras molladas, lacerantes, que insensibilizaban as xemas dos dedos—. A min ninguén me pon a man encima, Gaiarre! Ninguén o fai e segue vivo!

—Vale, vale. Mañá volvemos e matas o tipo ese. Pero terás que levar unha pistola ou un coitelo de matachín. Ou unha bomba de man.

—Quen dis que me pegou, Gaiarre? Que pasa? Por que vexo a escuridade repetida, sempre dúas veces diante de min? Cago en...! A min non me pega ninguén! Imos espertar o cura!

Xa alcanzaran o muro de pedra e cemento que arrodaba a igrexiña e o seu cemiterio.

—Aquí non che hai cura, Meiriño. Esta é unha igrexa desas que non teñen cura nin nada.

—Pois logo imos espertar os mortos, cago en tal! Axúdame a escalar a tapia. Que nos deixen o seu burato para abrigarnos nós.

—Ai, Meiriño, Meiriño! Que mal golpe levarías que che provoca semel-lantes desvaríos? Comezas a preocuparme.

—Imos! Axúdame a brincar ó cemiterio! Quero ver os fogos fatuos.

—A min estas cousas non me gustan. Ós mortos hai que deixalos en paz. Gaiarre esixía respecto supersticioso.

—Estou morrendo co frío. Quero quecer co lume dos ósos dos mortos.

—Non digas esas cousas.

—Cagón!

—Cos mortos non se xoga. Cómpre deixalos en paz.

—Teño moito frío, Gaiarre. Axúdame a meterme nunha tumba. Nun nicho, non. Os nichos prodúcenme claustrofobia. Ademais, parécenme ridículos. É como comprar un apartamento. Méteme nunha tumba de terra e que teña a cruz de ferro. Anda, empúxame para saltar a tapia.

—Pero, que tapia vas saltar ti, desgraciado, se case non termas do corpo?

—Úpame. Empúxame ti.

—Imos arrodar o muro — resignouse o seu fiel amigo. Seguro que haberá unha porta. Ó mellor está aberta.

Gaiarre emparellou a súa marcha vacilante ó longo do paredón. Meiriño avanzaba cunha man apoiada nas pedras carricentas, esvaradías, xeadas tamén, coma todo aquela noite. En efecto, deron cunha cancela de ferro que, ademais, estaba aberta. A ferruxe soldara case os gonzos. Os seus empuxóns producían xemidos iguais que chíos de rata. Nalgún lugar ladrou un can. Debía ser un cadelo insignificante, se a súa voz amariconada era reflexo do seu tamaño. Gaiarre xa non colaboraba. Me-tera as mans nos petos e mantíñase ó seu lado con aquela actitude que



acostumaba adoptar cando recoñecía a súa impotencia para obrigalo a renunciar ás súas teimas.

—Mira, a cadea da campá. Quen a tocaba? Aquí non hai ninguén.

Desde os ocos da espadana, ó longo da sobria fachada da igrexiña, rematadas en argolas, pendían dúas cadeas de ferro. Outra argola recollíaas para que non colgasen por diante da porta.

—Ninguén a tocaba, Meiriño; ninguén a tocaba. Son os golpes que che deu a besta esa que aínda resoan na túa cabeza.

—Búscame unha tumba quentiña e que teña a cruz de ferro. Eu mentres vou espertar os mortos.

Meiriño agarrou a cadea da campá, húmida, escorregadiza, fría. Tirou dela con brusquidade epiléptica para facela soar. Pero a voz da campá era afónica, apenas un clic ou un choc instantáneo, sen ecos, sen prolongacións. O cadelo volveu ladrar. O seu latexo efeminado parecía lamber as lápidas dos nichos que crecían en tres corpos apegados á parte interior do paredón.

—Esta campá está morta. Todo aquí está morto, maldita sexa!

—Terá regañas! — dixo Gaiarre—. Seguro que está fendida e por iso non soa.

De pronto, de detrás da igrexa xurdiu o cadeliño que ladraba. Era pouco máis ca unha mancha moura, nerviosa, inquieta, con dúas luces verdegaias que debían ser os ollos furibundos, rabiosos, e pugas encrespadas en todo o seu contorno que debían ser os pelos ourizados. O tusto ladraba con voz de cadelo faldreiro, sen respiro, sen intercalar gruñidos. Ameazaba avances, detiñase, retrocedía, volvía avanzar.

—Cago no leite negro! — exclamou Meiriño co carrelo estremecido—. É Urco, o cadelo do averno!

—Xa che dixen que non xogases cos mortos— protestou, pranxideiro, Gaiarre.

Detrás do cuzo, á luz difusa e indeterminada que poñía unha esmorrente claridade no cemiterio, medrou a figura dun vello recortado e robusto. O abrigo enorme arrastráballe case, enroscábase en pregues

ampos e frouxos ó redor do corpo macizo do aparecido. Ó moverse cargaba un pouco á esquerda, como se se mexese ó camiñar. Algo brillaba, arteiro, diante del, na súa man.

—Largo de aí, desgraciados! Vouvos abrir un burato no cárcabo, cabróns!— berrou cunha voz metálica e clara— Veña, largo!

—Pero ti non tiñas unha lanterna, cago na cona?— reprochou Meiriño a Gaiarre.

—Quedou con ela Cassius Clay. Non pretenderías que lla reclamase?

Apoiado polo seu amo o cadelo rematou as súas ameazas. Nunha carreira chegou ata eles e comezou a trabar os tornecelos de Gaiarre.

—Cago no cadelo de Deus! Quéreme roer as canelas!

—É Urco. O que quere é levarte ó solarío de Pedro Botero.

—Que carallo facedes vosoutros aquí?— inquiría o vello, iluminado o seu contorno por aquela luz indefinida—. Vedes como brilla a miña lingua?Largádevos e deixade durmir a xente de paz!

A lingua brillaba, en efecto; a lingua fría, aceirada dunha navalla de respectables dimensións.

—Márcaos co teu pinche, Ciriaco, e que vaian buscar acomodo ó quinto inferno!

Por detrás do noctámbulo navalleiro asomou a imaxe horrible dunha muller pelada e desdentada, vestida igual cá súa parella con roupas desmesuradas. Nas mans sostíña dez ou doce bolsas de plástico ateigadas de mercancías de esterqueira. Mentres, Gaiarre pugnaba por desfacerse da acometida do tustús que gardaba o sono dos hóspedes do camposanto.

—Cago no cadelo de Deus! Por que raios non che lambe a ti as canelas?— dixo, agarrándolle o brazo a Meiriño para manter o equilibrio mentres axitaba a perna trabada polo condenado cuzo—. Fóra de aquí, cadelo do demo! Chac— chac— chac! Ea, fóra! Como encontre unha pedra pártoche a cabeza, cabrón!

—Ti non sabes o que dis! Urco levantará o rabo para facerche o sinal e ti entrarás polo redondel dereitiño ó inferno— aclaroulle Meiriño para darlle azos.

—Ráchaos, Ciriaco, que estes dous veñen trompas! — animaba a vella pelada ó seu coime—. Féndeos, che digo!

—Acouga, muller, acouga. Se facemos unha morte aquí corremos perigo de desafuzament — pediu pausa o navalleiro facendo pé nos brillos da súa inquietante lingua metálica—. Veña, largade, que xa se me está insubordinando o peteiro!

—Pero, que pasa, imos ver? Vosoutros tedes pousada nese panteón?— preguntou Meiriño á parella.

—É o noso chalé, matamouchos do carallo. Cedéunolo a familia Batán da Pedra, como podes ver aí arriba escrito en letras douradas.

O vello sinalaba o frontis neoclásico do panteón que lle gardaba as costas. A vella pelada asentía con movementos da súa horrible cabeza tiñosa.

—Non vexo nada — dixo Meiriño—. Isto parece unha farsa de sombras chinesas.

—Pois agarda a que campe máis a lúa. Temos arrendamento sine die e estamos a arranxar as cousas co noso avogado para apropiárnolo por usucapión.

—Pero, en que xerga falas, zamurgo, estantiga do demo?

—Quédache grande, eh, eccehomo de merda, o idioma elevado? Estou en segundo de Dereito. Pola UNED. En réxime penitenciario. Así que, moito ollo, que a miña lingua esta lexitimada — e volvía bailar a navalla baixo a luz que reinaba naquel espazo sagrado.

—Meiriño, os golpes non te entoleceron — dixo Gaiarre libre por fin do cadeliño que decidira reunirse cos seus amos—. Eu creo que estamos todos mortos e esta debe ser a sala de espera do inferno.

—Pícaos, Ciríaco! — animaba, teimuda, a pelada— Tempo teremos para borrar as pegadas do crime e evitar o desafuzamento.

Abandonaron a igrexiña arrodada do seu adro necrolóxico, deixando quedar os seus dous hóspedes envelenados. Volveron ó camiño polo que antes viñeran. Meiriño experimentou de pronto, ó ver tras del a sombra maciza da igrexa bordeada de cruces funerarias, un estremecemento distinto a todos os que experimentara ata entón, desde que deixaran a casa do moroso. Suxeitou a Gaiarre polos ombros e obrigouno a mirarlle ós ollos.

—Gaiarre— díxolle—, se morro antes ca ti promete que non deixarás que me enterren sen que antes me cortes as veas.

—Meiriño, por favor; arrepiásme!

—Prométeo, oes — aburouno, apertando ós ósos dos seus ombros ata facerlle dano—. Sangrarasme. Ata a derradeira gota. E logo que me enterren. Antes non. Non quero espertar metido na cova.

—Vou acabar rezando, cabrón!— laiouse Gaiarre—. Vasme obrigar a rezar coma cando era neno!

O camiño ía cara ó sur. Lonxe, á súa esquerda, comezaba a albear timidamente. Sen embargo, pola hora, pensaron que non podía ser aínda o anuncio do amencer. Aínda quedaba moita noite.

—Onde imos, ti ?

Por diante deles comezaban salpicar a noite puntos de luz espallados por aquí e por acolá. A cidade, que comezaba a estar próxima. O seu camiño rematou nunha estrada asfaltada e con cintas brancas delimitando os seus contornos. A uns catrocentos ou cincocentos metros, a luz ambarina dun semáforo facíalle chiscos.

—Imos ó bar de Medardo — contestou Gaiarre—. É o único que se me ocorre.

—A ese antro? Para iso quedo na cova.

—A cova gárdana o Ciriaco e a súa pendanga. Será cabrón o vello! Baila a navalla coma un peón!

—Que hora é?

—Non o sei. Ademais, eu creo que esta hora non existe. As horas son redondas e esta quedou aplanada.

—Que é o que dis, ho? — á reflexión sobre o tempo de Gaiarre desconcertara—. Medardo pecharía xa o seu garito.

—Durme alí, detrás do mostrador. Segues a tremer, Meiriño! Non me gusta nada como estás.

—Tremo porque o frío meteuse na espuma dos ósos. É un frío arrepiante, nunca tal sentín! — había xa un anaco que Gaiarre deixara de

facerlle de soporte. Os seus pasos distaban moito de ser firmes, pero íase amañando. Gaiarre camiñaba ó seu carón, máis ou menos emparellado con el, coas mans nos petos e a súa clásica actitude de placidez indiferente. Se vía que o precisaba, botáballe unha man para mantelo dereito. El detívose en seco despois de describirlle o seu frío e, como fixera antes, obrigouno a mirarlle ós ollos—. Unha vez tiveren que dar a man a un vello, a un velliño que semellaba transparente. Estaba morrendo dun cancro de ósos ou non sei qué, e tiña a man xeadá, con este mesmo frío que sinto eu. Non sei quen era nin por que tiveren que darlle a man. Non sei. Non o sei. Só sei que era transparente e que tiña unha man de cera conxelada. Non sei quen era.

—Meiriño, levo toda a noite cun arreguizo no espiñazo. Se non paras de dicir esas cousas, déixote só. Voume.

—Imos ver a Medardo.

Alcanzaron o semáforo e superárono. Gaiarre agarrouno polo brazo e obrigouno a variar a dirección. Saltaron un muro baixo sen maiores dificultades, cruzaron as vías do ferrocarril e metéronse por unhas calellas outra vez fóra de todo concepto urbanístico. Gaiarre parou diante dunha casa pequena, de aspecto miserento, ruinoso.

—Medardo!— berrou—. Ei, Medardo! Son eu, Gaiarre, queres abrir?

Un home envolto nunha manta asomou o fociño pola porta.

—Non grites, condenado! A que vés a esta hora?

—É polo meu amigo. Teño que metelo nalgún sitio. O teu chigre era o que me pillaba máis cerca. Déixanos entrar, anda.

—Entra. Que lle pasa ó teu amigo?

—Conxeláronseme as escumas dos ósos, señor Medardo — explicou Meiriño—. Creo que estou morto e teño que darlle un óso, un fémur podendo ser, ó primeiro noitébrego que me atope.

—Arrenegado sexas, cabrón! Mira co que me vés! — alporizouse o cantineiro ó tempo que facía a figa metendo o polgar entre o indicador e o corazón—. Que lle pasa? Toleou?

—Arreáronlle unha tolina de moito pendello. Todos os golpes na

cabeza. Tiñas que velo. Eu creo que lle licuaron a moleira. Axúdame a facelo entrar en calor

—Ponlle isto por riba.

Medardo desenvolveu a manta e deulla a Gaiarre para que o cubrise con ela. Gaiarre fíxoo sentar nunha cadeira que andaba por alí e arropouno co pano rafado e cotroso.

—Cheira a bravío!

—Tés café?— inquiriu Gaiarre.

Podo facelo. Nunca apago a cafeteira por se me dá insomnio. Vou facer café con augardente ou con coñac queimado. De paso que toma el, aliviámonos todos. O café e o coñac reanimarano, xa verás.

—Esta manta cheira a bravío, carallo — insistía Meiriño—. Isto que é, un cortello? Gaiarre, hostia, por que vexo dúas veces a escuridade diante de min? Sinto como se un alento xeadado buscasse as miñas costas.

—Que non berre— rogou Medardo—. Se esperta a miña muller arma un cristo e acabou o conto.

—Como que a túa muller? Onde está a túa muller? — interesouse Gaiarre.

—Arriba, na vivenda. Onde vai estar!

—Está a túa muller arriba e ti dormes aquí abaixo tirado no chan?

—Gaiarre, nunca se humilla un amigo.

Gaiarre e Medardo movíanse polo breve recinto da taberna como sombras difusas. Debaixo da fetidez da manta Meiriño víaos ir e vir, unhas veces á luz azul da chama do coñac e outras movéndose como puras sombras na penumbra. Os seus tremores ían remitindo, pero o frío interior que lle conxelaba a alma instalárase dentro e non cedía.

—É un alento xeadado que vén de lonxe. E busca as miñas costas.

—Cúbrete ben coa manta — dixo Gaiarre e tendeu un vaso de cristal grosso, dos que usan nas tascas de avoengo para tomar viño tinto—. Toma, bebe iso. Ten coidado que está moi quente.

Case non podía suxeitar o vaso entre as mans. Queimáballas. Deu uns sorbiños quentes que lle abrasaron os labios.

—Gaiarre, hai algo que vén de atrás e que me está a alcanzar. Non sei o que é, pero estame poñendo un bloque de xeo ardendo nos adentros.

—Xeo ardendo! Déixate de parvadas. É a quentura do café e mais o lume do coñac.

—Non. É outra cousa. Xa dará a cara, non te preocupes. Gaiarre, se morro, córtasme as veas, de acordo? — seguiu escaldando o padal e a lingua, e irritando a gorxa coa aspereza daquel coñac sen pai nin mai—. Hum! Está bo isto, estache moi bo. Queda máis?

Medardo, que estaba do outro lado do mostrador, apoiado nel, mirábaos desde as sombras con xesto triste. Tamén el bebía. E, a vulgar pola pastosidade do seu verbo, xa debía ter os ocos ben cheos.

—A miña muller botoume da súa cama, Gaiarre— dixo de pronto mirando o vaso fumegante que tiña entre as mans—. Antes da hora de pechar recolle a recadación e vaise para o piso. Péchao cunha tranca e creo que no cuarto pon outra.

—E ti consentes iso?

—Ti chegaches a coñecer a miña muller?

—Non, creo que non.

—É moito home a miña muller, moito home!

—Anda, cala e fai máis xarope. Parece que o meu amigo vai deixando de tremer. Trae unha botella mentres fas o café. Para que non haxa pausas.

—Gaiarre, o vello era tansparente e estaba completamente frío — volví Meiriño ás súas teimas—. Pero non sei quen era. Non o sei.

Púxose en pé e arrincoulle ó seu amigo a botella das mans. Deulle un beixo longo.

—Non sei quen é ese vello transparente que me deu a man.

—Meiriño, por favor; deixa iso xa, queres?

Volveu coller o seu amigo polos ombros. A manta esvarou ata ó chan.

—Non podo, Gaiarre, non o comprendes? Non podo deixalo. Noto que se achega ás miñas costas algo xeado que vén de aló moi fondo. Nótoo. Non sei o que é, pero ponme medo. Gaiarre, segundo foxe o frío

do meu corpo, entra nel un medo terrible. Non sei que me pasa, Gaiarre. Se morro, xa sabes, sángrasme.

—Toda a noite así, Medardo. Isto é imposible. Nin na peor das trompas o teño visto deste xeito. Está completamente entolecido!

—Pois como siga privando así... dálle moitas viaxes ó frasco. Ademais, os golpes na cabeza, xa se sabe...

Gaiarre recuperou a botella.

—Bebe ti tamén— dixo ó seu amigo en tanto que lla ofrecía.

—Claro que bebo, Gaiarre, claro que bebo! Fágoo todas as noites ata que perdo o sentido. A miña muller botoume da cama e aquí me tes, feito frade e sen barregana.

—Medardo, somos tres — Meiriño apoiou os cóbados no mostrador, bafexando o seu alento alcohólico no mesmo nariz do taberneiro—. Asaltamos a cama da túa lexítima e metémonos nela. Nós suxeitámola para que ti cobres o que é teu.

—Meiriño, non desvaríes!

Medardo, mentres morreaba a botella, cravaba os seus olliños tristes nos ollos alucinados de Meiriño, calibrando, ó parecer, a dimensión daquela proposta.

—Meréceo, a moi lurpia; xa o creo que o merece— dixo—. Pero é moito home.

—Somos tres.

—É moito home.

—Cago no leite negro! Somos tres! Imos restituír o dereito canónico, hostia. É o estipendio pola beberaxe. Nosoutros suxeitámola.

—Por favor, Meiriño, por que non segues cos teu mortos e os teus alentos fondos que buscan as túas costas, eh?— recriminou Gaiarre, que xa empezaba a ventar novas complicacións.

—Merecía, a mala besta esa— obstinábase Medardo—, xa o creo que si.

—Somos tres!

—Hai que botar a porta abaixo. Ten unha tranca



—Rebentamos as ventás! Pegámoslle lume á casa!

—Non, iso non! — rexeitou Medardo vivamente—. É o modus vivendi. Ademais, estamos en réxime de gananciais. Sería autodamnificarse, ou sexa: absurdo.

—Pero, toleaches ou que? Que vas facer cando marchemos? — razoou Gaiarre para disipar a mala idea, que se ía abrindo paso—. Que é o que queres, que a túa muller te mate?

—Domámola esta noite — insistiu Meiriño—. Por moita poldra que sexa. Somos tres!

—Un momento— pediu tregua o taberneiro cun xesto solemne. Deu un longo trago á botella e pousouna na barra—. A consumación é cousa miña, iso está claro, non?

—Pero somos tres. A doma será colectiva.

—Puntualicemos— escorríalle o coñac polas comisuras dos labios e pintáballe unha perilla acastañada e brillante—. A doma, pase. A monta é cousa miña.

—Eu non quero saber nada!— protestou Gaiarre.

—Ti vas de avanzada, cagón, que sempre me andas deixando co cu ó aire!

—Meiriño, non terás bastante xa para esta noite? Por que non nos deitamos aquí e agardamos a que amañeza? Logo que sexa o que Deus queira.

—Medardo, eu quero pagar o estipendio polo líquido inxerido. Subamos conquistar a túa cama e restablecer os teus dereitos. Que a túa muller pague o débito, como está prescrito nas divinas palabras de Paulo. Abramos a porta da xustiza!

E, en efecto, a porta abriuse. Por ela xurdiu unha restra de xuramentos e maldicións.

—Borrachos de merda! Que esmorga tedes montada aquí? Largo, pelgachos do demo, que vos fago unha peneira, cago na nai que me fixo!

Era a tipa do taberneiro. Alta, esgalichada, enxoita, angulosa e nervuda, detida no oco da porta que ocultaba a escaleira interior de acceso á vivenda, a muller berraba con voz de arrieiro.

—Manuela! Manoliña! Dáme a calor que tanto cobizo!— suplicou Medardo—. Lela, Leliña, que isto non se lle fai a un marido! Sempre che fun fiel e sempre souben cumprir coma o mellor.

Medardo saíu de detrás do mostrador cos brazos implorantes e as baballa tinxíndolle os peitos da camisa.

—Como te achegues desfágote, castrón!

—Lela!

—Señora — interveu Meiriño, chegados a este punto —, estou investido do cargo de mediador in noctibus. É a súa obriga consentir que o seu home apague o lume da concupiscencia. Non só vén imposto este precepto no dereito canónico, senón noutros moitos códigos de máis antigo arraigamento.

—Lela, devólveme os teus arrols de pomba namorada!— imploraba Medardo mentres se lle facía cada vez máis grande e máis mesto o becho alcohólico —. Devólveme o oco das túas coxas! Lembra que nese niño turbador naufragou a miña vocación. A Deus mesmo lle dei as costas para poder navegar nos teus mares de nácara!

—Que ten na man?— inquietouse Gaiarre—. Parece un ferro.

—Señora — atacou Meiriño de novo ignorando as angustias de Gaiarre—, debo advertirlle de que vimos dispostos a todo. O dereito debe prevalecer sobre calquera outra consideración. O amigo Medardo recomfortou o meu réxime interno e a miña condición máis salientable é a gratitude. A gratitude e a lealdade. Así que, se non accede de bo grao, forzarémola. Estamos asistidos polo principio da usucapión que invocou un diaño no cemiterio.

—É un ferro!

—Lela, se non me devolves o dereito á confrontación corporal, corto os collóns e sírvochos de almorzo mañá pola mañá!

A esposa levantisca elevou o ferro que prolongaba a súa destra ata apoialo no ombro. Reclinou a cabeza cara a ese mesmo lado e sopesou o volume das tres preas que a acosaban.

—Medardo — dixo con absoluta calma—, como baixe este último banzo, xúroche por todos os mortos da miña caste que has lembrar ata

o día que naciches. Xúrocho! Dilles a eses dous que larguen e ti móllate ben con augardente e achégate ó lume. Mellor che será.

—Leliña, ese lume non me procurará consolo. Ardendo estou xa! Recapacita. Para isto me arrincaches do seminario? Afástasme do celibato vocacional e afúndesme nos ardores da continencia indesexada. Mala femia! Volve ser pomba!

—Señores— dixo Meiriño con moita dignidade—, imponse o exercicio de coerción. A por ela!

—Un momento — pediu Medardo —. A ver onde se dirixen esas mans, eh? Coidadiño! O único que posúe salvoconduto exploratorio son eu. Vosoutros termade en lugares inocentes. Queda ben entendido?

—As entendedeiras heichas abrir eu, lacazán! Xa o verás!

A membruda Manuela descargou un golpe tremendo sobre o cranio do seu desairado Medardo. Esta simple acción, que provocou un espantoso grito no pobre cónxuxe contrariado, resultou suficiente para disipar as últimas dúbidas de Gaiarre e facer que Meiriño pensase as cousas dúas veces antes de proseguir cos seus afáns reivindicativos. Para pensalo botouse fóra. A Lela, en verdade, era moito home. Medardo saíu detrás del agarrándose á cabeza e chorando.

E que carallo facemos agora?

Toda a noite era un conxelador. Achábanse na metade dunha empinada costa, empavesada, esvaradía, xeadá, claro, pola maldita xeadá negra. Era certo que non se vía. Pero estaba alí, disposta a xogala á primeira ocasión, ó primeiro descoído. O frío aínda non podía con eles. O acaloramento producido pola contundente actuación da esposa levantisca, sumando ó alcohol inxerido, mantiñan as turbinas en estado de produción calórica. Pero moito non había durar. Todos os adictos ó frasco saben por experiencia que a calor alcohólica axiña se disipa. É volátil por definición.

—Asaltamos un convento de monxas! — repuxo Meiriño á chorosa pregunta de Gaiarre—. Xusto é prover da palma do martirio ás que tanto suspiran por ela.

—Meiriño — sentenciou Gaiarre —, a próxima vez que che arreen, xúroche que te hei rematar eu.

—En Lugo non hai conventos de monxas — enlazou Medardo coa súa arenga anterior—. Ademais, dóeme moito a cabeza. Debeuma fender a mala besta esa. Vaia ferrallazo me pegou!

—Non tes nada. Nin sangue — Gaiarre apalpáballe suavemente a bola do cranio, apartaba os escasos cabelos do taberneiro e obrigábo a dirixir a sebosa cabeza cara ás luces que naquela rúa empinada xa había—. Só un pote.

—Como no ha haber en Lugo conventos de monxas, cago no mar?— Meiriño negábase a aceptar as afirmacións do magoado cantineiro—. Aviados estabamos!

—Haber hainos, pero, para os fins que propós, como se non. As Agostiñas habitan unha rocha inexpugnable. E as outras largaron, afastáronse do mundanal ruído e puxeron a tenda en lugares montaraces e senlleiros— aclarou Medardo.

—E ti como é que estás tan imposto en asentamentos monacais?

—Son confrade benfeitor de varias ordes monásticas, querido amigo. Convén velar pola salvación eterna. Sobre todo quen vivimos dacabalo da sutilísima raia do pecado.

—Ben, pois tanto mellor— porfiou Meiriño—. O illamento fará máis impune o noso asalto.

—Por favor, Meiriño, non insistas. Non estamos en condicións de andar pateando camiños nunha noite coma esta. Por que non imos durmir a calquera sitio? Eu ofrezco o meu refuxio.

—E eu ofrezco os padecementos desta noite en reparación da pena temporal da miñas culpas — sorpredeunos de pronto Medardo con este xiro estrafalario—. Son un réprobo. Ad maiora nati sumus. O meu destino era ser cura, compañeiros. Pero o borcallón da carne rompeu a miña perseveranza.

—Pois de cura pasaches a cabrón con cornos e sen beche— rubricou Meiriño con crúa impiedade.

—Sen faltar!

Aquela costa remataba na Ronda, case ó pe dunha das máis famosas portas da muralla. A luz non era moita, todo hai que dicilo, pero xa a lúa perdera o seu cativo imperio gasoso derrotada pola electricidade. Por riba dos focos enterrados e enrellados bailaban pequenas nubes de fume esfiañadas ó redor do bombo continuado da muralla. Non había unha alma nas rúas. Nin coches pasaban. O pavimento da Ronda e as beirarrúas brillaban co brillo aleivoso da xeadá.

—Que hora é?

—E eu que sei!

—Gaiarre, es un mal amigo — por enésima vez naquela noite obrigou ó seu fiel acompañante a mirarlle ós ollos—. Un mal amigo, si, señor. Só pensas en ti. Medardo acaba de padecer unha exacerbación libidinosa sen chegar a bo fin. Ti nunca sufriches un quente, mamalón? Cómpre procurarlle alivio — volveuse ó taberneiro e alargou a man—. Déixame ver, a que tes os collóns duros?

—Quietas as mans— rexeitou aquel xesto Medardo—, que esas son zonas reservadas á privacidade máis estrita, salvo outorgamento gozoso!

—Meu Deus, xa só falta que falemos en verso!— exclamou Gaiarre.

—En verso non falo porque xamais aprendín a facer rimas e nos hendecasílabos patínanme ás silabas — retrucou o baiuqueiro.

—É igual, en verso ou en prosa, ninguén pode reducir a serenidade relaxada o alporizamento que provoca o asalto a unha alcoba. Medardo, tes que conseguir unha descarga. É cousa sabida, desde os bailes de traca, que o excesivo crecemento do émbolo pode ocasionar graves deterioracións nos rodamentos.

—Pero que exarcebación nin que carallo, ho! – indignouse Gaiarre—. Quen vai estar pensando en satisfaccións da entreperna despois de que o agarimasen cun ferro de cociña! Imos durmir!

Medardo ollou para Gaiarre durante uns segundos. O seu corpo bailaba levemente, axitado ás veces por arroutos e impos. Logo volveuse cara a Meiriño.

—Síntoo, pero a min as monxas nin arre nin xo. Non me gustan as mulleres lánguidas. Gústanme as cabras.

—Que máis cabra queres cá que tes na casa, papaleisón!— espetoulle Gaiarre—. E, ademais, do monte!

Medardo volveuse encarar con Gaiarre desde as ondulacións do seu corpo alagado en alcohol.

—Debíache partir os dentes por insultar dese modo a miña lexítima esposa— dixo cuspiendo babas —, pero a ira debe renderse á evidencia da obxectividade.

—Admirable dominio dos impulsos primarios — aplaudiu Meiriño—. Empezo a pensar que debemos abandonar a vida desordenada e dedicarnos ás tarefas parlamentarias. Nese campo é onde maior aplicación ten a temperanza. Se queres cabras, vaíamos buscalas a unha casa de aluguer.

—As cabras non están nos bordeis. As cabras hai que procuralas sobre as alfombras máis moles.

—Pois a túa está nun burato noxento— maldiciu Gaiarre.

—Sen faltar. Ademais, esa non conta. Perdeu a paixón e sen paixón non hai xunción.

—Pero, de onde sae esta prosa?— asombrouse de novo Gaiarre.

—Da mestura incendiaria do café e os abrasivos!

—De aí, amigo Medardo, e mais do desamor — puntualizou Meiriño—. O desencanto étílico resulta ser o máis lírico de todos os sentimentos. Veña, ó barrio do pecado, antigo reduto da coenxía.

—Teño entendido que a tal grao accedíase por oposición.

—Nós non imos ó grao, senón ó reduto. Ó reduto accedes coa billeteira. Coa billeteira ou coa pistola dependendo do fin.

—Por que non imos durmir ?

—Ademais dun cagón es un mal amigo, Gaiarre. Ambas cousas xa foron rubricadas. A pusilanimidade nos momentos transcendentais chega a ser irritante. Veña, ó Moño de Ouro!

—Iso é unha cloaca— terciou Medardo coa súa voz insalivada.

—Ninguén vai dicir o contrario. Pero toda a cidade é unha cloaca. Por debaixo andan as ratas. Por arriba os homes. Todos somos depredadores.

—Válame Deus! Como brilla a túa prosa cando de tunden, cabrón! E eu que coidei que o teu cerebro quedara líquido naquela calella!

Gaiarre xa se adiantara coa súa pose indiferente, as mans nos petos e o corpo encollido, máis que encollido apertado, talvez para esquivar o frío.

—Líquido ou non, noto que os miolos pasean con absoluta liberdade pola bóveda cranial. Pero é moito peor o que sinto no estómago. Teño os zumes gástricos abrasados polo coñac deste godallo. Sabe Deus de onde o sacou!

—Fabrica as doses previstas para cada xornada nas latrinas do seu establecemento.

—Sen faltar!

A muralla enguliunos pola porta de San Pedro, tamén chamada Toledana. O ventre da cidade, nebuloso, escuro e xeado, semellaba placidamente durmido. Consciente ou non da ameaza silente e teimuda da xeada negra, a vella cidade pechárase en si mesma, igual que unha tartaruga repregada na súa rexa cuncha.

O Moño de Ouro non se libraba de ningunha das calidades coas que o transcorrer do século dotara ó barrio chino no que se asentaba desde tempo inmemorial. Era case tenebroso, estaba afectado de decrepitude e inundado dun olor permanente a ácido úrico. Amadeo, o alcaioite, durmiñaba apoiado nos cromados dunha cafeteira de coleccionista. Mercediñas, a puta sempiterna e incombustible, agochaba a súa máscara nunha esquina, entre os brazos cruzados sobre o mostrador. Talvez o frío lle espantara os clientes aquela noite. Ou talvez aquela noite existía

só para aqueles tres noitébregos alucinados. Talvez fose verdade aquilo que dixera Gaiarre: todas as horas son redondas e aquelas últimas horas volvéranse planas.

—Amadeo, querido amigo, non vimos de consumidores, senón en busca de hospitalidade.

—Meiriño, aquí bébese previo pago. A hospitalidade na casa das irmanciñas dos anciáns desamparados.

—Amén. Enche tres vasos con algo forte.

—Non deberías dar unha volta polo servizo de urxencias?

Amadeo sinalou co queixo prominente e ennegrecido pola barba sucia e resesa as numerosas insignias que lle adornaban o rostro. Mercediñas, na súa esquina, desenterrou a máscara, estridente, multicolor e somnolenta, e mirou con sincero horror as súas mataduras faciais.

—Déixame unha botella e lavámoslle a cara con augardente — pediu ó tempo que se achegaba a el.

—Unha botella será moito. Proba con este trapo enchoupado.

—Pero, quen te puxo así?— preguntou a muller.

—Tivemos un mal encontro. Cousas que pasan — explicou Gaiarre.

—A ver, deixa que te limpe — e intentou pasar o trapo enchoupado polas liñas alteradas das faccións tumefactas. Instintivamente, Meiriño esquivou o vulto—. Déixame, Meiriño, que é polo teu ben. Anda, déixame. Aínda que che proa un pouco.

—Lévaos a un recanto escuro, a ver se es capaz de acougalo — pediu Gaiarre —. Os golpes amolecéronlle os miolos e non di máis que parvadas.

—Pero eu teño que producir. Se non o meu negro zúrrame.

—Xa arranxaremos iso. Agora a ver se consegues acougalo.

Con toques mínimos e moi suaves, Mercediñas limpaba as cotras que se formaran sobre as feridas abertas nas cellas e mais nos pómulos, e as pingotas de sangue reseco que ensuciaban a faciana e o nariz de Meiriño. Empezou a levalo cara ó fondo do local para sentar nunha mesa.



—Amadeo — dixo Meiriño ó alcaioite — o meu amigo Medardo necesita aliviarse. Non tes algunha perica desocupada? El quere unha cabra, así que ti verás.

—Anda, vai coa rapaza — empuxouno Gaiarre —, e déixanos coas nosas consumicións.

Mercediñas e Meiriño sentaron fronte a unha mesiña raquíica no fondo do local. Sobre a mesa había unha lampadiña de plástico que empuxaba as sombras cara arriba e unha luz ínfima cara abaixo. As pinturas de guerra de Mercediñas no medio daquela luz cheirenta e absurda resultaban case sobrenaturais. Meiriño arrebatoulle o pano augardentoso e fregoulle a cara con movementos desatinados, torpes.

—Limpa a cara, Mercediñas. Por que te empeña en parecer un espantallo?Ela suxeitoulle a man con delicadeza.

—Non fagas iso, Meiriño, por favor. Sempre me respectaches, non fagas iso.

O resultado do intento frustrado por rescatar a pel espida da putona empeorou moito máis as cousas. O rímmel das pestanas e o azul das pálpabras, estendidos polo roce da augardente, puxeron un negrón no ollo esquerdo e o carmín, estirado nunha liña oblicua meixela arriba, prolongaba a súa boca nun aceno horrible.

—Non sei o que me pasa, Mercediñas....

—Chámame Kity. Estou traballando.

—Non sei o que me pasa. Hai un alento xeado que me persegue. Vén atrás de min ou de moi abaixo. Non sei. Busca as miñas costas. É como se quixese introducirse na miña medula. Non o sei. Desde que me pasou o frío non fago máis que sentir ese sopro perseguíndome. E, ademais, hai un vello esquelético, transparente, cunha man de cera conxelada.

Kity escoitaba aquelas palabras desde o seu rostro grotesco de palla-so, desde os seus ollos desfigurados polas pinturas corridas, cun ricto de arrepío nos seus labios deformados polo carmín esborrachado.

—Apertei esa man, sabes? — continuou Meiriño mirándoa con fixeza desasosegada—. Pero non sei quen é.

—Non digas esas cousas, Meiriño, por favor. Posme medo.

—Velo? Xa empeza outra vez coa mesma cantarela — Gaiarre achegárase ó oír a súa perorata —. É como se un diaño lle habitase a alma.

—Xesús! Non digas iso! — a puta arreguizou e trazou unha cruz veloz sobre do peito.

—Está enfebrecido.

—Por que non o levas á túa cova? Está aí ó lado.

—Imposible. Non atende a razóns.

A porta do tugurio abriuse e o frío da rúa entrou de golpe, como se estivese axexando todo aquel tempo para invadir de pronto o local.

—Vaia por Deus, acabouse a paz.

Amadeo proferiu a súa queixa ó tempo que catro homes accedían ó Moño de Ouro. O alcaio puxérase tenso, coas mans náufragas sobre a superficie da barra. Os homes entraban alborotando, rindo con risadas acedas e groseiras, falando a berros. Detivéronse a tres pasos da porta, despregados en liña como para unha confrontación, e varreron a totalidade do recinto con miradas duras, demoradas con intención, un por un, sobre cada un dos presentes, coas risas morrendo en aceno de matón. Seguramente era a súa maneira habitual de mirar, adquirida ó mesmo tempo cá adicción á noite e ós ambientes sórdidos.

—Mercediñas... Kity, creo que o alento xeado que me persegue está a galgar na miña cintura! E vén de moi fondo, Mercediñas, de moi fondo!

—Cala, Meiriño, polo amor de Deus!— Mercediñas púxolle unha man no peito e outra na boca—. Cala.

—Estase a conxelar a polpa dos meus ósos. Outra vez. Onde está o meu vaso? Déixame beber. Para entrar en calor.

—Non bebas máis, Meiriño. Imos buscar unha cama. Eu dareiche calor.

Mercediñas envolvíao, tenra, co seu corpo cálido, se cadra para darlle mostra da calor que podía outorgar.

—E o teu negro?

—Que o leve o demo! Imos.

—Espera, Mercediñas. O frío ven de alí.

Mercediñas, coas súas dúas mans, ocultou o seu dedo indicador que sinalaba un dos catro recién chegados e obrigouno a baixar o brazo ata á mesa. O seu rostro grotesco, desfigurado polas pinturas esborrachadas, era un mero pavor mentres comprobaba que ninguén se decatara das súas palabras nin dos seus xestos.

—Non fagas loucuras, Meiriño; son mala xente!

—Coñécelos? O frío vén de alí! Verdade que o frío ten un cheiro peculiar? O frío ole o seu propio olor! Eu ulino moitas veces.

—O que ti queiras, Meiriño. Imos buscar unha cama. Eu dareiche calor.

—Coñécelos?

—Mala xente, faime caso.

—Sinto olor a sangue, Mercediñas. E non é a miña.

—A mirada íaselle sen querer, teimuda, ás costas dos catro recién chegados. Os fluxos da febre volvéranos tomar de novo. O seu corpo convulsionaba cun tremor interior, como se fosen as mesmas entrañas as que se axitasen.

—Espera aquí. Non te movas.

—Mercediñas achegouse a Gaiarre e a Medardo. Estaba claro que non quería falar a voces. Non quería chamar a atención dos catro matóns que acababan de entrar. Pero, o local era pequeno. Meiriño escoitou sen dificultade o que a muller dicía ó seu amigo.

—Gaiarre, axúdame a sacar a Meiriño de aquí.

Gaiarre aproximouse á mesa.

—Que che pasa? Que tes? Xa volves coa neura de toda a santísima noite?

—O frío vén de aí. Andaba na procura das miñas costas e acaba de meterse dentro.

—Chama o teu amigo para que axude tamén! — apremou Mercediñas sinalando a Medardo—. Por favor! Hai que sacalo de aquí!

—O frío vén de aí! Un deses catro é unha maldita pantasma que vén

perturbar o sono da miña conciencia. Ten os cornos rizados coma os castróns! Heille cortar a cabeza.

—Por favor, por favor, axudádeme a sacalo de aquí! Eses son mala xente— Mercediñas desesperábase dominada por unha angustia crecente, insuperable.

Os tres, Gaiarre, Medardo e a pobre puta arrodeaban a Meiriño e intentaban lévao fóra. Meiriño púxose en pé, brusco e fachendoso. O tallo que ocupaba caeu e a lampadiña que estaba sobre da mesa tamén. Ó seus amigos desprazounos cun violento movemento de todo o corpo. Os catro homes, cos cóbados apoiados na barra, viraran as costas cara a el. O ruído que os seus súpetos movementos produciran reclamou a súa atención. Tres deles ladeáronse apenas para observar a causa do alboroto. O cuarto endereitouse e volveuse por completo cara a eles co seu vaso de tubo, case cheo dalgunha beberaxe escura, na man dereita. Era un home alto, máis alto ca Meiriño, e relativamente corpulento. As roupas que vestía, quizais con estudada premeditación, víñanlle moi xustas, marcaban músculo, contornos duros de corpo traballado con moitas horas de ximnasio. Do xesto borráraselle, probablemente para sempre, calquera indicio de amabilidade. Salvando a pouca visibilidade do Moño de Ouro, as olladas de Meiriño e daquel home alcanzáronse. En dúas ou tres alancadas inseguras pola malleira que inaugurara aquela maldita noite, e por todo o alcohol que fora almacenado, Meiriño plantouse diante do outro. O tipo nin se moveu. Os seus colegas xiraron os corpos de forma que seguiron cos cóbados pousados na barra, pero agora de costas a ela. O silencio era total. Os amigos de Meiriño, detrás del, permanecían paralizados pola congoxa. Amadeo repregárase outra vez ata os cromados da súa cafeteira. O home que enfrontaba a Meiriño endurecera aínda máis a expresión e observábao cunha curiosidade maligna reflectida nos ollos empequenedos debaixo do cello ríspeto.

—Amadeo, pon un whisky con coca—col — pediu Meiriño. E logo dirixiuse ó home, mirándoo fixamente ós ollos—. Acábame de vir un xogo á cabeza. Botamos unha moeda ó aire. Se sae cara, pegas ti primeiro; se sae cruz, pego eu. Quen aguante máis gaña.

O outro levou o vaso á boca e seguiu a ollar con aqueles olliños perversos mentres bebía un trago moito máis curto do que durou o movemento todo. Mercediñas agarrou o brazo de Meiriño.

—Veña, Meiriño; ven comigo, non sexas cabezudo.

—Deixa que quede— dixo o home—. A ver, ti, sirve aquí ó amigo o que che pediu.

Amadeo fixo a mestura nun vaso alto e colocouna sobre a barra, ó alcance da man. O home buscouna sen volveuse e ofreceulla a Meiriño.

—Toma, bebe. Como dis que é ese xogo que propós?

—Non podo crer que o esqueceses.

—Explícamo outra vez, anda.

—Cóllese unha moeda e lánzase ó aire. A cara ou cruz. O que gaña pega primeiro. Non hai máis. É fácil.

—Xa.

—De verdade, é ben doado. Sobre todo, se temos en conta que un dos dous xogadores debe estar sentado, completamente espido, nunha cadeira de merda e coas mans esposadas.

O home alto de músculos marcados e duros volveu beber. Outra vez un trago moito máis curto có tempo que demoraba o borde do seu vaso entre os labios. Talvez se lle pintou un leve sorriso irónico por detrás do cristal.

—Sí— dixo—. E se, ademais, os dous xogadores están soterrados nun soto onde nin Deus podería oílos por moito que berrasen, non é así?

—Exacto. Ves como o lembras?

—Ben, anda— empuxoulle levemente o cu do seu vaso para obrígalo a levalo á boca—. Xogaches recentemente a ese xogo? Pregúntocho por como levas a cara.

—Non. A ese xogo só xoguei unha vez en toda a miña vida. Contigo.

—Teño un faiado cheo de trastes ó que hai moito tempo que non subo.

—Hoxe terás que subir.

—Non tentes a túa sorte. Xa non che queda sitio para levar máis hostias. Marcha co espantallo ese— sinalou a Mercediñas, que permanecía ó

seu lado descomposta polo medo. O breve ademán que empregou para facelo causoulle un profundo desagrado—. Parece que se interesa moito por ti.

—Levo toda a noite presentindo este encontro, sabes?— ignorou Meiriño o consello ameazante—. Notaba un frío que buscaba as miñas costas. Eras ti. Ti e todo o que viña contigo.

—Meiriño, por favor, imos— volveu implorar Mercediñas—. Axúdame, Gaiarre. Axúdame a sacalo de aquí.

Mercediñas tiráballe do brazo, pero el non consentía que o apartase do seu sitio, fronte a fronte co matón que perdoaba a súa vida desde a súa mirada ateigada de insolencia e de maldade.

—Ademais, acude de seguido á miña cabeza a imaxe dun vello cadavérico, transparente, cunha man conxelada coma unha prancha de xeo. Pero non sei quen é.

—Imos, Meiriño, fai o favor.

—Mira, se ergo este dedo — o home elevou a man esquerda co dedo indicador estirado — cando o baixe non quedarán de ti nin os restos — os seus tres colegas riron torcendo o xesto—. Anda, vai con esa pendanga e deixemos a cousa así.

—Non — Meiriño tiña a gorxa seca, coma papel de lixa, a gorxa e a boca toda. Unha pátina amarga e áspera recubríalle todo o seu oco. Pero non era acidez gástrica, produto das múltiples libacións—. A verdade é que endexamais pensei que me volvería atopar contigo. Agora decátome de que levo toda a vida desexando matarte. Es o único odio que non puiden superar.

Esta vez o home apurou o seu vaso ata ó final, cun impulso brusco que fixo entrechocar os cubos de xeo aínda non disoltos.

—Lévaos de aquí antes de que remate coa miña paciencia.

—Anda, Meiriño, ven— implorou Mercediñas—. Gaiarre, polo amor de Deus, axúdame a sacalo de aquí.

Meiriño deu un paso cara atrás. Separou o dedo indicador do cilindro frío do vaso para sinalar o home co que estaba a falar.

—Sabedes como lle chamaban a este fillo de puta? — preguntou, buscando coa mirada a todos os presentes—. Sabédelo? — O tipo volvera achicar os ollos e a engurrar o cello. O silencio no Moño de Ouro permaneceu intacto durante a pausa que fixo Meiriño. Os rudos colegas do seu interlocutor endereitáronse e afastáronse da barra—. Chamábanlle Billy o Neno. Era un maldito fillo de papá de merda metido a policía.

—Escoita unha cousa, Francis — interpelou con mal ton un dos que acompañaban ó inimigo de Manolo Meiriño —, teremos que aturar isto durante moito máis tempo? Este tío esta tolo e ten unha trompa coma un piano. Pero estase a pasar un montón, non cres?

—Así que che chaman Francis, cabrón? Francis, coma os neno gomosos da Coruña, como dicía meu pai. Francis. Hai que ter collóns! Francis! Un fillo de puta coma ti!

O tío cortoulle o alento co seu brazo esquerdo pregado baixo o seu queixo e esmagouno contra a parede. Coa dereita meteulle a punta dunha pistola no nariz. O único que sentiu Meiriño foron ganas de mexar.

—Por isto era polo que me chamaban Billy o Neno — dixo. Os seus folgos mesturábanse. Mercediñas lanzou un chío exasperado. Os demais talvez se moveron inquietos ou sobresaltados, pero non houbo máis. Meiriño pensou que lle encantaría poder ver a cara de Gaiarre naquela situación—, porque son moi rápido desenfundando. Por iso.

—E apertando o gatillo, cabrón. Lembras aquel rapaz de Malpica? Queimáchelo a tiros na rúa. Ti saberás por que, porque el non fixo nada. Tiña a roupa queimada. Foi o que se dixo. Ou sexa, que lle tiraches a queimarroupa. Era un crío, de primeiro de medicina, creo recordar.

As súas palabras brotaban oprimidas pola presión salvaxe do brazo que o esganaba. E polo medo. E polas ganas de mexar. O alento cálido, seco e un puntíño acedo daquel suxeito axitábase case coma un ronquido á altura xusta do seu nariz. Era coma un can ameazando a dentada. Tan só lle faltaba gruñir. Afrouxou o brazo no seu pescozo e deixou de esmagarlle a cara co canón da pistola.

—Xa vexo de onde saes — semellaba que algo o relaxara de pronto. Retrocedeu outra vez ata a barra. Os seus colegas mirábano asombrados,

sen poder acreditar, quizais, que consentise aquel desenlace para semellante provocación—. De vez en cando ocorren cousas coma esta. Alguén ponse diante de min e obrígame a revivir o pasado. Toma.

Tendíalle o seu vaso ou outro calquera, pois o máis probable era que o del caera ó chan cando el o atacou. Aínda conservaba a pistola na man, pero xa sen ningunha intención agresiva.

—Eu son un desencantado — dixo sen dirixir as súas verbas a ningún en aparencia—. Abandonei no setenta e sete, cando me decatei de que tería que violentar as miñas lealdades. Sempre fun home de principios. Iso non é bo, sabes? Se seguise, ó mellor agora érase comisario xefe en calquera capital de provincia, e ninguén se interesaría polos meus antecedentes. Creo que cometín un grave erro ó abandonar o corpo. Pero eu son así, que lle imos facer!

—Eh, eh, un momento! — dixo o mesmo que protestara antes—. Vas deixar que este tío te insulte sen partirlle a alma? Veña, Francis, iso non pode ser!

—Non o ves? Xa non ten onde levalas— replicoulle no mesmo ton calmoso que adoptara de súpeto—. Se lle levanto a man, rómpoo. Ademais, interésame a súa historia. É increíble, despois de todos estes anos, que apareza un tío con toda esta inmensa carga de rancor!

—Se non é máis ca un borracho de merda!— insistiu o descontento.

—Non é rancor— aclarou Meiriño—. É odio.

O outro fixo unha indicación a Amadeo para que lle repuxese combustible. Caeu na conta de que mantiña aínda a pistola desenfundada e gardouna na sobaqueira.

—Cando foi o teu? No sesenta e oito ou no setenta e dous? Cando foi, di?

—No setenta e dous. O oito de marzo de mil novecentos setenta e dous. Non podo esquecerlo.

—Non fai falta que o xures. Pero a movida foi moito mellor no sesenta e oito. Moito máis organizada, máis seria.

—Lamento desilusionarte. A min tocoume o setenta e dous.

—É que o do setenta e dous eu non o teño nada claro. Detectamos



axitadores na universidade que eran do Opus. Unha cousa! O Opus conspirando contra o Réxime! Eu mesmo detiven a un. Interroguéino en comisaría. Agustín se chamaba o individuo. Dos apelidos non me acordo e había outro, un tal Pedro, que tamén era do Opus, e tamén moi activo.

—Pedro era compañeiro meu de curso. Agustín non. Agustín ía xa en cuarto. Nós, en segundo. Lembro o día que o detiveches. Sacácheslle o carné fronte ó Alameda cando regresaba á casa ó mediodía e ordenácheslle ir recollelo á comisaría. Ás cinco.

—Faciámolo sempre. Cos estudantes, quero dicir. Era o sistema.

—Veume avisar á pensión onde eu vivía do que lle pasaba. Saíu da comisaría ben pasadas as oito. Pedro e mais eu estivemos esperando. Achegouse a nós coa cabeza baixa. Traía a cara moi colorada. Mirounos un intre e baixou outra vez a cabeza. Aquela mirada non poderei esquecerla nunca. Algunhas veces toca presenzar cousas así. A mirada de Agustín só expresaba a súa derrota. A súa derrota definitiva. Non podía falar. Pero tampouco non choraba. Pechámonos con el no cuarto do seu piso e permanecemos toda a noite en absoluto silencio. Eu cabalguei unha cadeira e apoiei a cabeza no respaldo. El deitouse na súa cama, dobrou un brazo sobre a fronte e cravou os ollos no teito. Pedro procurou acubillo nun canto do cuarto e alí permaneceu todo o tempo.

—A Agustín non lle fixemos nada. Lémbroo moi ben. Estaba moi controlado. Só queríamos asustalo para que deixase de dar a lata. Era inofensivo, pero estaba collendo un camiño perigoso. Había que disuadilo. Simplemente foi iso.

—Debestes humillalo moito.

—Nada. Un par de hostias, nada máis. O que pasa é que o tío debía ser moi brando.

Outra vez encheu a pausa o silencio total. As sombras do local inmundo quedaran paralizadas. As persoas tamén.

—E a min? Por que fixeches aquilo comigo? — preguntou Meiriño ó cabo dun anaco —. Eu non era nada. Apenas estaba involucrado. Participei nun par de asembleas na aula magna da universidade. Dunha dela desaloxástesnos polas bravas. E tomei parte tamén nun par de mani-

festacións polas rúas de Santiago. Iso foi todo. Eu non era nada. Por que fixeche aquilo comigo?

—Supoño que llo debes á túa mala sorte. Que queres que che diga? Non creo que existise ningunha outra razón. Nós estabamos moi fodidos, comprendes? Os da político—social, quero dicir. Moi fodidos. Eramos os defensores do sistema, entendes? O resto dos nosos compañeiros lidaban con chourizos de merda, moinantes, vagos e maleantes, de vez en cando algún suxeito perigoso e punto. Pero nós tiñamos que andar detrás dos que socavaban os alicerces do Réxime. Un Réxime que custara moito sacrificio, moita dor a este fodido país. Os putos comunistas non daban respiro. Sempre organizados, sempre combativos, sempre tramando accións subversivas. En todos os ámbitos. No laboral, no universitario... Ata os curas, cago en deus! Ti sabes a cantidade de curas que estaban próximos o pecé ou que mesmo militaban nel? Acumulabamos moita tensión, compréndesme? Iso non se resolve cunhas vacacións. Ala, Fulano, vaia descansar unha temporada que ten traballado moito estes últimos tempos. Diso nada. Nós andabamos a buscarvos. A buscarvos de baixo das pedras. E atopabámosvos, hostia, que non eramos tan ineptos como quere facerse crer. Atopabámosvos. E daquela cumpría conseguir neutralizarvos, quitarvos as ganas de seguir a dar a lata. Ós que se lles podía buscar cargos, facturábanse dereitiños ó caldeiro. Fodíanselles os estudos ou o traballo. Fodíaselles a vida, comprendes? A vida. Queriades xogar a revolucionarios? Si? Pois agora podrece, cabróns! E ós que erades uns putos merdas, coma ti, uns chuchaconas do carallo que só serviades par dar a roncha, quitábansevos as ganas de seguir cos vosos xogos idealistas. Dispoñiamos de moitos métodos. Eu tiña o meu. Podes crer que resultaba ben eficaz. Polo xeral unha boa malleira abundaba.

Os acompañantes do ex policía desencantado soltaron algunha risiña burlona nalgúns puntos da súa longa exposición. Amadeo e os compañeiros de Meiriño mantiveron un absoluto silencio. Para eles constituía unha enorme sorpresa descubrir de súpeto o seu impensable pasado universitario. Meiriño achábase lixeiramente confundido. Naquel momento xa non tiña nada claro cal podía ser o seu sentimento dominante. Se era o odio cara ó seu antigo torturador, como manifestara un pouco

antes, ou o odio cara a si mesmo ó rememorar a súa propia baixada ós infernos que aquel encontro poñía diante da súa mente alucinada. Pero non perdeu o tempo en posibles dilucidacións.

—Fillo de puta! Unha boa malleira, di! A min puxéchesme espido nunha cadeira de madeira, coas mans esposadas, e déchesme de hostias ata que perdín o acordo.

—Non é certo.

—Como que non?

—O das esposas, digo.

—Eu lémbrome esposado.

—Nunca vos esposaba. Non facía falla. Erades uns putos merdas! Non había collóns.

O ex policía sacaba peito mentres cuspía estas frases, botaba os brazos cara atrás e metía a súa cara na del en actitude de chulo camorrista.

—O único que sabíades facer era correr diante dos grises. Xamais encontrei un de vós que fose capaz de arrepoñerse contra min.

—Cabrón! Tiñas todas a de gañar.

—Era o meu traballo. Defender a supervivencia do Réxime. Eu sempre estiven aí. Quen se puxo do outro lado fuches ti.

Agarrou o seu vaso e bebeu de novo con ademáns bruscos. Meiriño tamén requiriu a súa bebida. O policía viroulle as costas. Deixou o vaso sobre a barra e apoiou as dúas mans nela. Derrotou un pouco os ombros e deixou caer a cabeza.

—Ademais, de que te queixas? — dixo—. Ó final gañaron os teus.

—Os meus? Quen son os meus?

—Por que non razoas, tío? — encarouno outra vez —. Eu era un esbirro da ditadura, non é iso o que pensas? E ti un loitador pola democracia. A democracia e a liberdade. Non é así? Ben, pois mira o que somos agora nós os dous; e mira onde nos viñemos encontrar. Nun noxento bar de putas da peor caste, nunha noite que está fóra do calendario. Ves no que nos convertemos? De verdade pensas que paga a pena que ti e máis eu nos sigamos odiando?

Durante toda aquela acalorada conversación Meiriño esquecera o seu frío interior e os seus tremores. Naquel intre volveron asaltalo de pronto. O outro ollou como tremía desde os seus ollos duros e malignos, pero sen ningunha animadversión especial.

—Non o sei — respondeu, confundido, á pregunta que lle fixera—. O problema é o vello.

—Que dis? De que vello falas?

—O vello ese que non marcha da miña cabeza, cadavérico, esquelético, transparente, cunha man de cera conxelada — coa mirada perdida outra vez, coas sombras novamente dúas veces repetidas diante dos seus ollos enfebrecidos ou demenciados—. Estreitei esa man, pero non sei de quen é. Non consigo recordar quen pode ser o maldito vello ese.

—Toma outra copa e non lle deas máis voltas.

O ex policía pasoulle un brazo por riba do ombro e obrigouno a achegarse á barra.

—Veña, imos beber todos. A este tipo non se lle pode pegar. Non ten sitio para levar máis hostias — explicou ós seus compañeiros, sobre todo ó máis recalcitrante—. Non lle collen.

Mercediñas arrimouse a Meiriño. Envolveuno co seu corpo cálido como xa fixera antes.

—Anda, ven comigo, Meiriño. Imos buscar unha cama. Eu dareiche calor.

Antes de acompañala quedou mirando a súa máscara grotesca, esnquizada pola súa zouponería de borracho. No fondo dos seus ollos, moi no fondo dos seus ollos, podíase descubrir que aquela malpocada muller facía un ofrecemento absolutamente sincero.

